

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA DO 26 DE FEBREIRO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Lago Barreiro M.^a del Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e tres minutos do día vinte e seis de febreiro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr.

Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores/as concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás 9 horas, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(20).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DE 23 DE DECEMBRO 2019)

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta da sesión ordinaria do 23 de decembro de 2019.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(21).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO XERENCIA MUNICIPAL DE

**URBANISMO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2019. EXPTE. 133/143
(REXISTRO PLENO 2338/1101)**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 11 de febreiro de 2020, transcrito a continuación,

“En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (Art. 191.3 do TRLRF e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda , en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local correspondente ao ano 2019 e incorpórase a Liquidación do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo así como os datos correspondentes ás Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

En consecuencia, a Liquidación queda conformada polas institucións que conforman en termos do previsto nos artigos 166 e 192 do TRLRFL o perímetro de Consolidación, aínda que o mesmo sexa distinto do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira e o SEC-2010, onde queda engadido dentro do Perímetro de Consolidación a Fundación MARCO, a Fundación CONVENTION BUREAU e a Fundación FAIMEVI.

O ámbito subxectivo da Liquidación está conformado por:

Entes con orzamento limitativo:

Entidade Local.

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

Entes sectorizados pola Intervención Xeral do Estado, contabilidade

empresarial:

Fundación MARCO.

Fundación FAIMEVI.

Fundación CONVENTION BUREAU.

R E S O L V O:

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento da Entidade Local Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e do Grupo de consolidación, proposta polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2019 cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a

Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade, do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente e das Fundacións sectorizadas ao longo do ano 2019, conformada pola Entidade Local, o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI.

a) Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e consolidado dos Entes con orzamento limitativo

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario
2018	2019	2019	2018	2019	2019
76.489.706,16	92.057.012,48	29.002.681,54	80.609.468,62	99.902.443,49	30.275.866,59

b) Estabilidade orzamentaria do grupo

Variable	Entidade	XMU	MARCO	FAIMEVI	C.BUREAU	Total
Est. Orzamentaria	17.196.581,94	1.983.290,12	-15.212,60	8.650,32	20.782,22	19.194.092,00
Previsto no PEF	5.194.089,63	270.437,00	53.906,00	,00	33.151,00	5.551.583,63

c) Regra de Gasto (TRCPIB₂₀₁₉ 2,7%) do grupo

Entidade	Gasto máximo admisible Regra de Gasto				Gasto computable liquidación 2019 (5)	Cumprimento (+), incumplimento (-)
	Gasto computable Liquid. 2018 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recadación por cambios normativos 2019 (3)	Límite regra de gasto (4)=(2)+(3)		
Fundación Marco	757.094,27	777.535,82	,00	777.535,82	826.936,84	-49.401,02
FAIMEVI	12.608,36	12.948,79	,00	12.948,79	10.061,29	2.887,50
Concello de Vigo	227.418.307,67	233.558.601,98	,00	233.558.601,98	212.134.714,44	21.423.887,54
Xerencia Urban.	579.169,20	594.806,77	,00	594.806,77	5.242.559,75	-4.647.752,98
C. Bureau	443.671,64	455.650,77	,00	455.650,77	454.217,78	1.432,99
T. Gasto comput.	229.210.851,14	235.399.544,13	,00	235.399.544,13	218.668.490,10	16.731.054,03
Previsto no PEF				235.407.933,43	218.965.630,28	16.442.303,15

d) Tesourería entidades con orzamento limitativo

Entidade	Consolidada
81.573.913,47	95.189.138,04

e) Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo

Concepto	Entidade	Consolidado
Cobros Presupostarios corrente e pechados	251.522.905,11	253.452.424,99
Pagos Presupostarios corrente e pechados	244.848.003,92	244.711.235,48
Cobros non presupostarios	65.341.532,56	67.288.308,03
Pagos non presupostarios	68.236.126,44	70.173.783,90

f) Aforro Neto entidades con orzamento limitativo

Entidade	Consolidado, orzamentos limitativos
34.394.145,71	35.986.579,53

g) Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2019												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	15,65	10,02	11,61	9,54	8,78	11,89	12,38	13,98	14,89	11,75	10,40	9,11
FAIMEVI	78,9	108,26	139,02	168,79	199,56	230,69	261,02	292,21	321,97	352,72	382,49	413,25

MARCO	42,34	29,51	49,76	42,28	39,63	27,59	28,50	47,72	36,52	30,30	52,18	79,11
XMU	7,85	7,95	13,28	5,77	8,93	13,01	9,67	19,04	21,68	10,09	8,98	11,00
V. C.BUR.	935,92	50,96	17,66	44,07	10,29	38,28	65,41	63,62	23,90	9,49	22,74	8,42
PMPGlob.	17,29	10,27	12,17	9,77	9,02	12,03	12,54	14,34	15,18	11,92	10,78	9,40

h) Endebedamento grupo

$\% \text{ Endebedamento} = (\text{D bada financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operaci ns correntes do estados consolidados}) * 100$

Dereitos Liquidados axustados por operaci ns correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 252.379.149,39 euros.

D bada bancaria pendente de amortizar a 31/12/2019: 0 euros.

D bada a curto prazo da Fundaci n MARCO 85.455,54 euros, que non computa no endebedamento por ser de curto prazo.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2019, 0%.

Cumprimentos

No exercicio 2019, en todos os meses deuse cumprimento a Per odo Medio de pago, sendo o PMP para o per metro de consolidaci n de 12,08 d as, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014 e 1040/2017, polo que se desenvolve a metodolox a de c lculo do per odo medio de pago a provedores das Administraci ns P blicas e as condici ns e o procedemento de retenci n de recursos dos r ximes de financiamento, previstos na Lei Org nica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Hai cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria para o Grupo de consolidaci n.

Hai cumprimento no obxectivo da Regra de Gasto.

En ambos casos, os obxectivos est n dentro do previsto no Plan Econ mico Financeiro en vigor para os anos 2019/2020.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente L quido de Tesourer a para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

En relaci n co endebedamento, a En relaci n co endebedamento, a Lei Org nica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13

establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,6% do PIB para o exercicio 2019.

Non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

En todo caso, a Entidade non ten concertado endebedamento con ningunha entidade financeira.

Da Liquidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL.

Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 19.02.2020, queda informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Para dar conta da liquidación do Orzamento do ano 2019, feito que por ser normal neste Concello hai que destacar tamén que posto que noutros concellos que non contaron con orzamento, esta situación non se dá nin sequera por asomo. Se trata de dar conta da liquidación do duodécimo orzamento do Alcalde o Sr. Abel Caballero que é á vez o máis alto das cidades de Galicia, no ano 2019 lembren tiñamos un orzamentos de 257,5 millóns de euros este ano

incrementados 10 millóns máis ese orzamento e polo tanto o que aquí facemos é dar conta da execución deses 257,5 millóns de euros. Como digo é o Orzamento máis alto das cidades de Galicia, é o orzamento incluso equiparable a algunhas das consellerías da Xunta de Galicia, polo tanto, é un orzamento relevante, importante que permitiu mellorar de novo as condicións de vida dos cidadáns de Vigo e mellorar a situación da cidade.

Se temos en conta os parámetros que se usan para avaliar as liquidacións dos orzamentos, é dicir, os parámetros que usan os organismos encargados de facelo, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, hai dez parámetros que se usan para esa avaliación das contas públicas e neses dez parámetros, anticipo temos resultados positivos. Polo tanto, unha xestión sobresaínte das Contas Públicas e das finanzas públicas deste Concello que agora desvelo.

En primeiro lugar, destaco que o resultado orzamentario é positivo, é dicir, temos superávit, superávit de 17 millón de euros que utilizaremos de novo en mellorar as condicións de vida da cidade que utilizaremos de novo tamén en satisfacer todas aquelas necesidades que nos propon a cidade, polo tanto, primeiro parámetro positivo. Tamén existe o que se chama aforro neto positivo, é dicir, os ingresos correntes son suficientes para satisfacer o gasto corrente, ese equilibrio interno do Orzamento tamén dáse nestas contas públicas que damos conta aquí.

En terceiro lugar, a presión fiscal é inferior á suma do gasto por habitante e do investimento por habitante, é dicir, a balanza é favorable sempre ao cidadán posto que recibe máis en gasto corrente e inversión do que paga por imposto, logo nos dirán seguramente que pagamos moitos impostos pero hai un titular moi significativo dun medio de prensa nada sospeitoso que di que un santiagués paga un 23% máis que un vigués, eu me atrevo a dicir, un ourensá paga un 30% máis que un vigués, polo tanto, presión fiscal baixa e balanza fiscal favorable aos cidadáns que viven nesta cidade, que pagan impostos nesta cidade.

En cuarto lugar, tamén hai que destacar que o Remanente de Tesourería é positivo, polo tanto, pódense financiar modificacións de crédito como xa fixemos a principios de ano cunha modificación de crédito, cos remanentes para a área de Fomento para continuar con eses investimentos que estaban en marcha.

En quinto lugar, o endebedamento é cero, polo tanto, ningunha débeda viva deste Concello e polo tanto, ningún endebedamento por habitante, por facer unha comparativo porque sempre hai quen pensa que calquera tempo pasado foi mellor, no ano 2006 tiñamos 66,4 millóns de euros de débeda, o que supoñía 226 euros de débeda por habitante, neste ano e nos anteriores con este goberno, débeda cero para este Concello, polo tanto, carga financeira cero para os habitantes desta cidade. Polo contra temos superávit, antes tiñamos déficit, con este goberno temos superávit.

Tamén dicía que o ratio de ingresos correntes foi suficiente para o gasto corrente, e temos un índice de liquidez inmediata que nos permite afrontar o pago a provedores nun período o máis baixo de tódalas administracións municipais, non só de Galicia senón do contexto de España, lembren que no último mes de decembro 2019, o período de pago estivo en 9 días e polo tanto, cuns resultados sobresaínte. Tamén cumprimos coa regra de equilibrio orzamentario e co cumprimento do Teito de Gasto, é dicir, temos uns parámetros que calquera xestor público destacaría como positivo, calquera concelleiro, conselleiro, ministro destacaría como positivos estes dez parámetros das contas públicas, estes grandes parámetros que pretenden e facilitan unha xestión áxil da cidade, mellorar as condicións de vida da cidade, facer unha sociedade solidaria, facer unha cidade atractiva, unha cidade dinámica, unha cidade emprendedora, unha cidade que mellora constantemente as súas infraestruturas para favorecer a vida das persoas, a mobilidade, a vida, os parques infantís, que ademais é solidaria como dicía axudando aos que máis o necesitan, máis de 13 millóns en axudas en emprego, máis de 12 millóns en axudas de política social, os orzamentos de investimentos executándose e que polo tanto transformamos diariamente a cidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En todo caso a liquidación dun orzamento estou certo de que coincidirán comigo en que é unha excelente radiografía, un exame da acción dun goberno e o concelleiro de Facenda facía alusión a dez parámetros que na súa opinión reportaban unha nota sobresaínte máis esquecía un parámetro moi

importante, que é o da falla de execución dos propios orzamentos, temos un goberno con maioría absoluta que se ten demostrado reiteradamente incapaz de executar nin tan sequera a metade do seu orzamento no capítulo de investimentos, un goberno que só depende de si propio, nunha situación económica sen parangón e diso fan gala reiteradamente e esa inexecución é fundamentalmente unha grande fonte de superávit pero haberá que explicarlle ás viguesas/es que hai superávit porque hai moitas necesidades da cidade que non se están a atender precisamente por falla de execución, de inexecución no capítulo de investimentos, de inexecución no capítulo I, mesmo en partidas de política social onde inexplicablemente nunha situación tremenda en termos sociais non son, este goberno, incapaz mesmo de executar completamente a partida destinada a axudas de emerxencia, non gastan o previsto, máis dende logo ingresan máis do que contaban con ingresar, nada menos que 6 millóns de euros máis de ingresos entre impostos directos e indirectos nun orzamento que insistimos no que non se foi nin capaz de executar a metade dos seus investimentos, por iso o que dicíamos é que as viguesas/es pagamos máis, achegamos máis recursos ao Concello de Vigo pero o Concello de Vigo ofrece menos, mesmo do que prometen cada vez que se aproban un orzamentos, e neste sentido o Bloque Nacionalista Galego o que queremos trasladar é que se adicasen un pouco menos de esforzo e de tempo á propaganda e un pouco máis de esforzo e de tempo á execución dos seus propios orzamentos isto é a gobernar, dende logo a situación sería substancialmente diferente e home non sei se achegaría ao sobresaínte do que presumía o Concelleiro o Sr. Aneiros pero dende logo non sería tan deficiente como o que se está a presentar aquí.

SR. PÉREZ CORREA: Reiteradamente abrimos aquí un debate sobre a execución orzamentaria e reiteradamente tanto o concelleiro de Facenda acode aos mesmos clichés e reiteradamente nós lle poñemos números enriba da mesa e cuestións que poden ser discutibles e poden ser interpretables pero dende logo hai unha serie de datos que contén este expediente que ao fin e ao cabo a nós non nos importa un orzamento, a nós non importa a execución do orzamento, e ademais 2019 que é o que toca agora que é analizar que grao de cumprimento, xa non do que puxeron vostedes no orzamento senón de que 2019 que foi un ano municipal electoral e

que amencíanos tódalas mañás con anuncios de investimentos, con anuncios de máis recursos para investimentos que ademais se presentaban e se facían incluso algúns deles en período electoral iso significa que vostedes consignaron 61 millóns de euros a investimentos, que si que podería un dos exercicios orzamentarios con maior investimento dos últimos anos, claro o 2019 era un ano electoral, lle sumamos os fondos europeos, lle sumamos o superávit doutros anos e nos sacamos anuncios reiteradamente por importe de 61 millóns de euros e vostedes executan 24 millóns, é dicir, o 47,50% e aí entramos na discusión, que é a execución? Porque vostedes dirán que teñen tempo, vostedes dirán que aínda independentemente de que aquí se presenta a execución a 31 de decembro, vostedes din que aínda hai tempo pero cando estamos a falar de investimentos para poder executalos hai que telos pasados polas mesas de contratacións, pasalos polos recoñecementos do gasto e hai moitos casos neste exercicio orzamentario que non se da así. Polo tanto, vostedes teñen un problema de execución que non é novo, que arrastran dende os últimos anos, as casuísticas dende logo non son os equilibrios políticos, as casuísticas non teñen nada que ver con eses concellos onde non hai maioría absolutas e para sacar adiante unha obra, sobre todo en período electoral é difícil, vostedes teñen un problema de execución que é un problema político, se fora administrativo incluso entraría en discusión porque ata as mesas de contratación vostedes son capaces de interactuar dunha maneira decisiva sobre elas, e polo tanto, vostedes teñen que saber ou teñen que explicar de que estamos a falar, de que se xoga cada vez que vostedes nos presentan unha liquidación orzamentaria, efectivamente no capítulo I, cinco ou case seis millóns de euros no capítulo I e efectivamente hai OPEs pendentes que non saíron no 2019 pero precisamente con eses recursos é cos que se contrata directamente cando hai que fornecer de traballadores públicos determinados elementos, por exemplo, os centros educativos se poden abrir listas de contratación cando por baixas ou por excedencias non hai persoal municipal que se encarga do mantemento e esas cuestións son as que explican que logo haxa 5 ou 6 millóns sen executar no capítulo I que xa foi denunciado pola algunha central

sindical para que se expliquen como podemos irnos aos case 6 millóns de euros no capítulo I sen executar, pero que temos tamén un exercicio, o exercicio do 2019 das modificacións negativas, é dicir, como se tiveran vostedes que retirar recursos de investimentos, de partidas que vostedes anunciaron, porque logo hai que pagar outras cousas e aí entra a barra libre do Nadal, aquí se modificaron partidas importantes, se retiraron recursos para logo pasar dos 465.000 euros na famosa partida de programas de decoración, animación do Nadal a pasar case os 900.000 euros unha barra libre de contratos menores, de regalos a medios de comunicación, unha barra libre que dende logo non explica nin moito menos as modificacións negativas de moitas partidas, e vostedes por exemplo terán que explicar por que por fin pagamos menos o canon de SOGAMA, case 800.000 euros menos do canon de SOGAMA e unha modificación, reciclamos máis, perfecto, pero eses 800.000 euros tiñan que repercutirse no recibo que pagan os vigueses/as como di a lei e vostedes están quedando con esa rebaixa dos 800.000 euros do canon de SOGAMA estanse quedando vostedes con eles, podemos ir a execución dos impostos directos e indirectos que imos por enriba do 100%, vamos case dos 108 millóns de euros pensados, pasamos aos 113 millóns de euros en impostos directos que son os máis onerosos aos vigueses/as, poderíamos falar de case 300.000 euros do programa de axudas non executado, non vale a escusa de que a reserva por se hai demandas xudiciais ou administrativas porque despois de varios exercicios saben vostedes que non son 300.000 euros, que esas demandas moitas veces ou na maior parte das veces son importes menores, programas de promoción cultural, turística, que hai que planificar e incluso programas de ordenación do tráfico.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Execución de ingresos, 101,11% ingresaron o previsto e aínda máis, os vigueses pagan e as empresas cumpren aínda máis do que vostedes mesmos esperan. Presión fiscal, incrementouse un 26,5% dende o ano 2007 ao 2019, pasou dos 416 euros, aos 526 euros e pese a incrementarse un 26,5% a execución de ingresos é superior ao esperado. Ademais este ano 2020 subirá nun 2,5%, tres veces máis do IPC co impuestazo, co cal imos ter aínda máis presión fiscal.

Imos ver agora o traballo do goberno, esforzo inversor por habitante, nestes 12 anos pasou de 100 euros a 101,64 euros, é dicir, en 12 anos o esforzo inversor do goberno por habitante subiu nun 1,64 euro, sen embargo a presión fiscal subiu 11 euros mais ao ano, dino os informes de vostede mesmo Sr. Aneiros, o que pasa é que hai que ler a liquidación, non é só darlle ao botón hai tamén que lela, efectivamente 110 euros máis ao ano, pagán os vigueses dende ao ano 2007 para recibir un 1,64 euros máis en investimentos iso é así, fala vostede do superávit, imos falar do superávit, hai un descuadre de case o 20% entre o ingresado e o gastado, e ese son de 17 millóns de euros, no consolidado son 19, máis o cofinanciado co remanente de crédito da un resultado orzamentario axustado na liquidación do 30,2 millóns de euros de exceso de ingreso sobre o gastado, nestes 12 anos levan 180 millóns xa de descuadre entre o ingresado e o gastado, obrigas recoñecidas sobre o orzamento neto, efectivamente, preto do 80%, se imos ao pagado sobre o orzamento definitivo menos do 80%, os vigueses efectivamente pagan pero o goberno non é quen de executar os orzamentos ano tras ano.

Só teño 5 minutos, imos a ir onde está o foco do asunto, capítulo IV, quedou o 10% sen executar alguén poderá dicir que se executou o 90% o que pasa é que hai partidas sangrantes, axudas á familias a Fondo de Emerxencia, orzamento 842.000 euros sen executar 254.000 a terceira parte do orzamento das axudas de Emerxencia quedou sen executar, non só teñen a peor política social de España, non só o concello que menos gasta por habitante senón que vemos na liquidación que non executan o presupostado. Investimentos, desplome no capítulo VI, pasaron dunha execución do 57% no ano 2018 a unha execución do 47% no ano 2019, menos da metade, miúdo desleixo, só no Vigo Vertical quedaron 5 millóns sen mover, convenio coa Deputación de Pontevedra Campos de Fútbol de 1,6 millóns de euros quedaron sen mover 1,2 millóns de euros, Pavillón Quirós gastaron 200.000 euros que pasou aí, hai unha imprevisión total por que? A quen se lle ocorre humanizar a Porta do Sol, facer unha zanza na rúa Elduayen e deixar o paseo de Alfonso XII sen humanizar pois que soa a manteiga, e se se lles ocorre, entón claro agora caeu da burra, o caso da manteiga, e agora claro que ten que

facer a peonalización da Porto do Sol porque van a cachos e cando se vai a cachos non se executa o orzamento porque fan calcos electoralistas, son demasiado curto prazistas, teñen pouca mirada longa, que é o que fan de golpe? o que fan outras administracións aí si, fanse a Cidade da Xustiza completa, estación InterModal completa, ou onde non hai tantos veciños como na Avenida de Madrid aí facemos todo de tirón, pois no paseo de Alfonso, na rúa Elduayen e na Porta do Sol fai ven en rectificar como lle pediu o Partido Popular no mes de outubro, ten que executar o orzamento investindo máis e sendo máis ambicioso nas obras e non téndolle tanto medo aos veciños, efectivamente, fai moitos cálculos electorais e identifica aos desconformes, castiga aos desconformes, ameaza aos desconformes, é perfectamente calculado o que se fai, obras de 300 metros lineais, temos no anexo de investimentos deste ano do 2020, 300 metros nunha rúa que ten 1,4 quilómetros, hai que identificar perfectamente, non molestar a ninguén Sr. Alcalde, así loxicamente non vai.

SR. ANEIROS PEREIRA: Dicían por aí que a execución é un problema político, eu creo que o problema político o tiñan as Mareas cando gobernaban en Santiago de Compostela, en A Coruña e en Ferrol que non tiñan orzamento entón non tiñan ningún problema, aquí o que temos é cada ano un orzamento que executamos, por certo, o membro non adscrito non sei se aplica o mesmo criterio en Vigo que no goberno de Pontevedra, onde goberna o Bloque Nacionalista Galego, onde non executan as partidas, aquí executamos as partidas, detallo, en fase O do orzamento que se saben ler supón o recoñecemento da obriga, temos no 30 de decembro do ano 2019, 245,5 de euros millóns de euros, para ser máis precisos, cunha execución orzamentaria que supera o 90% de media en tódolos capítulos, miren, detallo, no capítulo I executamos por suposto o Orzamento pagando os traballadores públicos, pagando aos interinos si, e deixando unha bolsa para as ofertas de emprego público que están en marcha, polo tanto, as partidas son as necesarias tamén por certo para regularizar 1,5 millóns de euros agora que temos que regularizar de 2019 con cargo á Seguridade Social da Policía a tamén para partidas asignadas a proxectos que se xeran crédito neste ano 2020, polo tanto, execución dos orzamentos, 64,9 millóns de euros do capítulo I executados, capítulo II, máis do 90% en execución, destacando algunha partidas por exemplo, as de

máis de 5 millóns de euros para mantemento viario en toda a cidade, á vista está as mellores estradas, as mellores rúas e as zonas mellor asfaltadas.

Falaban do capítulo IV, mire, aquí está o benestar cidadá, Vigo gasta en Benestar cidadá 177 euros por habitantes, a cifra máis elevada da última década, as outras partidas tamén son seguridade e educación e que son as máis elevadas polo tanto, melloramos as condicións de vida da cidadanía e miren, na execución dos investimentos non hai máis que saír á rúa, deixar de estar na casa, na mesa camilla, falando cos amigos que retroalimentan discurso e saír á rúa e ver as rúas humanizadas, o carril bici, a rúa Camelias, a Praza de América, as obras que estamos executando en Gran Vía por certo se non puxeran paus nas rodas iríamos máis rápido, claro que si, e son proxectos europeos que requiren de nada máis e nada que de exposición pública de 90 días hábiles, máis os prazos de execución legais dos contratos e da adxudicación dos contratos nos sitúan nuns tempos que nos obrigan a plurianualizar esas obras, pero aí están as obras, carril bici, Praza América, Camelias, Escolas Públicas, fase V da rúa Aragón, fase III de Gregorio Espiño, as mellores nas parroquias, a Estrada Provincial, a Gran Vía, todas as humanizacións en marcha.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3(22).- CONSULTA URBANÍSTICA ESPECIAL SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO POLÍGONO 2 DO PERI IV-01 SAN ROQUE. EXPTE. 17088/411 (REXISTRO PLENO 2347/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 7 de febreiro de 2020, a técnica de admón. Xeral da oficina de Desenvolvemento Urbanístico co conforme do Xerente de Urbanismo emite o seguinte informe proposta,

I.- Con data do 30.05.2019, tiña entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo baixo o Cod. sol.: W346187-4132, a consulta urbanística referida na cabeceira, formulada por D. Luis Carrajo Toro, en calidade de presidente da Xunta de Compensación do Polígono nº 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE A, verbo das posibilidades do desenvolvemento do polígono, e entre outras consideracións, o pronunciamento en relación coa ordenación detallada así como a porcentaxe da reserva de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública; Xúntase a súa consulta documentación consistente en tres planos, coa antefirma do arquitecto D. Manuel Requejo Conde .

II. Á vista do solicitado, con data do 05.07.2019 por parte do xefe da área de desenvolvemento urbanístico, emítese informe, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e no que, entre outras consideracións, analiza as consultas formuladas, concluíndo no que atinxe a incidencia das sentencias e necesidade de redimilitación do polígono se solicita que, se emita informe/pronunciamento xurídico, sobre as consecuencias xurídicas destas sentenzas na xestión sobre o desenvolvemento concreto da xestión do Polígono nº 2, así como sobre a contía de reserva de solo para vivendas de protección no desenvolvemento de ámbitos no PXOU de 1993.

III.- Elevado o expediente, á Técnica de Admon. Xeral do servizo de planeamento e xestión, nos termos sinalados, e seguindo instrucións do xerente de urbanismo, (tal e como se pode constatar na aplicación de xestión de expedientes desta XMU) remitiuse dita Consulta urbanística especial ao Secretario xeral do Pleno no eido das competencias xurídicas que dita habilitado- secretario desta XMU- ten encomendadas, ao tratarse dunha consultar urbanística especial das previstas no artigo 15 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo, e que, en aplicación do dito precepto deberá ser ratificada polo devandito órgano plenario.

IV.- Deste xeito, con data do 29.11.2019 o Secretario xeral do pleno e desta XMU, emite informe xurídico á presente consulta urbanística especial, no eido das súas competencias, e no que atinxe á Execución das sentenzas nº XXX/2004; nº. 788/2012 e nº. 259/2013 ditadas polo TSXG que estiman parcialmente recursos contenciosos-administrativos e declaran como solo urbano consolidado (SUC) tres parcelas no ámbito do PERI IV-01 A San Roque, co seguinte teor literal,

“(…)Lexislación aplicable.

CE. Constitución Española 1978.

LXCA. Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

RLSG. Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

LACiv. Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil.

Antecedentes.

I. En data 22.11.2004 o TSXG ditou a sentenza nº PO 5428/2002 na que, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a. Aurora Lobato Rodríguez, anúlase en parte o acordo plenario de data 29.07.2002 que aproba a Modificación Puntual nº 23 do PXOU 1993 no ámbito do PERI IV-01 San Roque en canto que cualifica como solo urbano non consolidado (SUNC) solar localizado rúa Couto de San Honorato 1, declarando, “(...) debe ser cualificado como solo urbano consolidado (...)”. En S. do 26.03.2010 o TS acordou a inadmisión do recurso de casación 1382/2006 presentado polo Concello de Vigo.

En data 26.07.2012 o TSXG ditou a sentenza nº 788/2012 na que, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Amando Mosquera Meiriño, anúlase en parte o acordo plenario de data 26.07.2010 relativo á modificación puntual do PERI IV-01 San Roque así como o PXOM 2008 no referente á clasificación da parcela nº. 97 da rúa Couto de San Honorato, sinalando, “(...) a cal debe considerarse como suelo urbano consolidado (...)”. Mediante Auto do 11.04.2013 o TS inadmitiu a trámite o recurso de casación do Concello de Vigo.

En data 27.03.2013 o TSXG ditou a sentenza nº 259/2013 na que, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a. Concepción Estévez Alejos, anúlase en parte o acordo plenario de data 26.07.2010 relativo á modificación puntual do PERI IV-01 San Roque así como o PXOM 2008 no referente á clasificación da parcela nº. 95 da rúa Couto de San Honorato, dispoñendo, “(...) o planeamento deberá clasificala como solo urbano consolidado (...)”.

II. En data 30.05.2019 ten entrada no Rexistro da XMU consulta urbanística formulada por D. Luis Carrajo Toro, presidente da Xunta de Compensación do Polígono nº 2 do PERI IV-01 San Roque. A consulta, entre outros aspectos, menciona a incidencia de sentenzas ditadas polo TSX de Galicia que afectan a parcelas integrantes do ámbito do PERI. A consideración do presidente, requirirían dunha redelimitación do Polígono.

III. No Expediente consta informe de data 5.07.2019 da xefatura de Desenvolvemento Urbanístico no que, entre outras consideracións, conclúese indicando a necesidade de que os servizos xurídicos da XMU emitan informe no que se consideren as consecuencias das sentenzas na xestión do Polígono nº2 e sobre a necesidade de iniciar unha modificación na súa delimitación.

IV. O PERI IV-01 A San Roque é un Plan Especial de Reforma Interior en solo urbano previsto no PXOU 1993. Previa a aprobación da Modificación Puntual nº 23 do PXOU 1993 foi redactado polos servizos técnicos municipais. Distinguiuse no seu ámbito o solo urbano consolidado (SUC) do solo urbano non consolidado (SUNC) delimitándose neste dúas áreas de reparto con fixación do aproveitamento tipo. Aprobouse polo Pleno en sesión de data 28.06.2004.

O PXOM 2008 recolleu as determinacións do PERI IV-01 San Roque para ser aplicadas no ámbito de Solo Urbano Consolidado, «API-68 San Roque» e no Solo Urbano Non Consolidado «APR A-4-07 San Roque». O PXOM 2008 e o planeamento del derivado (non así o PERI IV-01 San Roque do ano 2004 e as súas modificacións) foron anulados mediante STS de data 10.11.2015 .

V. En data 15.10.2019, a través da aplicación Xestión de Expedientes, remítese a consulta a informe xurídico da secretaría da XMU. En particular solicítase informe sobre os trámites a seguir na execución das sentenzas ditadas; sobre a necesidade de iniciar unha modificación puntual do planeamento afectado e sobre a necesidade de tramitar unha modificación na delimitación dos Polígonos do PERI IV-01 San Roque. Enténdese que as outras cuestións plantexadas pola Xefatura de Desenvolvemento Urbanístico, en concreto a relativa á aplicación, nos desenvolvementos do PXOU 1993, da reserva de solo para vivendas de protección de reserva de solo (artigo 49 LSG) e a determinación, no seu caso, da porcentaxe de reserva no ámbito do PERI son cuestións que serán informadas pola Técnica de Administración Xeral da Xefatura.

Cumprimentando a solicitude realizada emítese o seguinte,

INFORME

I. O artigo 104. 1 de la LXCA sinala, “Logo que sexa firme unha sentenza, o secretario xudicial lo comunicará no prazo de dez días o órgano que houbera realizado a actividade obxecto do recurso, o fin de que, recibida a comunicación, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo”

O cumprimento das sentenzas nos seus propios términos, na súa dimensión obxectiva, constitúe o instrumento o que se confía a salvagarda e integridade do Dereito como un fin de interese público que emana da xustiza, valor superior do ordenamento xurídico, artigo 1 CE.

Trátase de determinar cal é a actividade xurídica e material que, en execución das sentenzas mencionadas, debe levar a cabo a XMU para acadar o exacto cumprimento da declaracións contidas no fallos.

As sentenzas, que son firmes, supoñen a existencia dun título executivo, artigo 517.2.1º. LACív.

A existencia dun título executivo implica que para acadar a execución do sinalado nos distintos fallos (clasificación como SUC de determinadas parcelas) non resulte necesario, en aplicación dos principios de proporcionalidade, celeridade e eficacia na actuación administrativa, artigo 103.1 CE, tramitar seis anos despois un longo e extenso procedemento de modificación puntual do planeamento vixente que teña como obxecto executar as sentenzas ditadas e establecer, para os terreos das tres parcelas afectadas, a clasificación de SUC. Debe considerarse que dita clasificación é consecuencia de resolucións xudiciais, títulos executivos firmes.

II. Os efectos anteriores o órgano municipal competente, Pleno do Concello, debe “tomar coñecemento” das seguintes sentenzas: (i) da sentenza no PO 5428/2002 de

data 22.11.2004 ditada polo TSXG interposto por D^a. Aurora Lobato Rodríguez; (ii) da sentenza n^o. 788/2012 de data 26.07.2012 ditada polo TSXG no recurso contencioso-administrativo 4439/2010 interposto por D. Armando Mosquera Meiriño e (iii) da sentenza n^o 259/2013 de data 27.03.2013 ditada polo TSXG no recuso contencioso-administrativo 4440/2010 interposto por D^a. Concepción Estévez Alejos.

Así mesmo o Pleno debe acordar as actuacións materiais necesarias para levar a puro e debido efecto o cumprimento dos fallos, actuacións (neste caso procesuais) que, sen necesidade de instrumentar un procedemento de reaxuste de polígonos, artigo 241 RLSG, deben concretarse no acordo de instar dos servizos técnicos da XMU a identificación e a posterior rectificación da documentación gráfica (planos) do PERI IV-01 A San Roque e, no seu caso do planeamento vixente (PXOU 1993), no sentido de excluír da delimitación do ámbito territorial dos distintos polígonos do PERI IV-01 San Roque (solo urbano non consolidado, SUNC) as seguintes parcelas: (i) parcela localizada na rúa Couto de San Honorato 1; (ii) parcela n^o. 97 localizada na rúa Couto de San Honorato e, (iii) parcela n^o. 95 localizada na rúa Couto de San Honorato.

En tales planos débese subscribir Dilixencia polo secretario xeral do Pleno facendo constar as causas da rectificación e da nova delimitación dos polígonos.

A toma de coñecemento do Pleno e o acordo adoptado será notificada o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aos recorrentes e o presidente da Xunta de Compensación do Polígono n^o 2 do PERI IV-01 San Roque A.

III. Enténdese que a edificabilidade da Área de Reparto e dos Polígonos do PERI IV-01 San Roque A nos que se integraban as parcelas excluídas atopábanse calculadas en función da superficie deses ámbitos; a exclusión das tres parcelas minora a superficie dos ámbitos polo que consideramos que, en fase de execución das sentenzas, a edificabilidade mencionada debe reducirse na mesma proporción. Non obstante o exposto a cuestión plantexada debe ser obxecto de consideración polos servizos técnicos da XMU e pode resolverse en trámite posterior.

IV. O acordo do Pleno e as súas actuacións materiais son meros actos e instrumentos de execución das sentenzas ditadas consecuencia da obriga legal da Administración municipal de, "(...) levar a puro e debido efecto (...)" o contido nos fallos xudiciais, así como de, "(...) practicar o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo (...)", artigo 104.1 LXCA, carecen, en consecuencia, de substantividade propia en tanto que non se trata, en sentido estricto, de actos administrativos suxeitos o Dereito Administrativo, senón de actos instrumentais derivados dun mandato xurisdiccional nunha actuación procesual (actos procesuais), correspondendo aos incidentes de execución de sentenza a resolución das controversias que poideran subscitar a

materialización do acordado en sentenza; é dicir, a concordancia entre o resolto polo órgano xurisdiccional (TSXG) e as actuacións levadas a cabo polo Pleno como órgano administrativo competente.

Conforme o exposto formúlase o Pleno do Concello a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Tomar coñecemento da sentenza firme de data 22.11.2004 ditada polo TSXG no PO 5428/2002 interposto por D^a. Aurora Lobato Rodríguez.

SEGUNDO. Tomar coñecemento da sentenza firme nº. 788/2012 de data 26.07.2012 ditada polo TSXG no recurso contencioso-administrativo 4439/2010 interposto por D. Armando Mosquera Meiriño.

TERCEIRO. Tomar coñecemento da sentenza firme nº 259/2013 de data 27.03.2013 ditada polo TSXG no recuso contencioso-administrativo 4440/2010 interposto por D^a. Concepción Estévez Alejos.

CUARTO. Instar dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo a identificación e a posterior rectificación da documentación gráfica (planos) do PERI IV-01 A San Roque e, no seu caso, do planeamento vixente (PXOU 1993), no sentido de excluir da delimitación do ámbito territorial dos polígonos que correspondan do PERI IV-01 A San Roque as seguintes parcelas en consideración da súa clasificación como Solo Urbano Consolidado (SUC): (i) parcela localizada na rúa Couto de San Honorato 1; (ii) parcela nº. 97 localizada na rúa Couto de San Honorato, e (iii) parcela nº. 95 localizada na rúa Couto de San Honorato.

QUINTO. Instar do secretario xeral do Pleno a subscripción de Dilixencia nos planos mencionados no apartado anterior facendo constar as causas da rectificación e da nova delimitación.


SEXTO. Instar dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo o cálculo da edificabilidade da Área de Reparto e dos Polígonos do PERI IV-01 San Roque A nos que se integraban as parcelas excluídas.

SÉTIMO. Notificar o presente acordo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aos recorrentes D^a. Aurora Lobato Rodríguez, D. Armando Mosquera Meiriño e D^a. Concepción Estévez Alejos e o presidente da Xunta de Compensación do Polígono nº 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE.

OITAVO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia facendo constar que contra o mesmo non cabe recurso algún o ser un acto ditado en execución de sentenza, sen prexuízo daqueles que os interesados consideren oportuno interponer ou os que poidan interponerse en incidente de execución de sentenza.

V.- Así as cousas, e aos efectos de dar cumprimento íntegro á consulta formulada, elevouse o expediente a informe do servizo de urbanización e infraestruturas, no que se refire á emisión do pronunciamento que corresponda a teor do disposto no parágrafo sexto da proposta de acordo da secretaria xeral do pleno, nos termos indicados no parágrafo anterior; Deste xeito, con data do 20.01.2020 polo enxeñeiro xefe do servizo de urbanización e infraestruturas emítese informe, co seguinte contido;

En atención a la solicitud de informe técnico sobre el porcentaje de reserva para VPP aplicable al Polígono 2 del PERI IV - 01 San Roque "A" recibida el 13/01/2020, y al hilo de lo dispuesto en el artículo 42.9 de la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia, y el Decreto 92/2019 por el que se modifica el Reglamento de dicha Ley, paso a informar lo que sigue.



Acudiendo al documento del PERI IV - 01 San Roque "A", con aprobación definitiva en el Pleno Municipal del 28/06/2004, podemos acotar con precisión de que tipo de intervención urbanística se trata.

En el Epigrafe 4 Normativa de la Memoria Justificativa, su Artículo 1 cita como objetivos los contenidos en el Epigrafe 1 de dicho documento.

Pues bien, en este texto son numerosas las referencias expresas a completar y reformar la urbanización existente.

En la página 2 cuando se citan las zonas de suelo urbano no consolidado, se indica que se "...procurará completar las manzanas semiconsolidadas...". Más adelante "... el PERI aportará medidas puntuales de mejora de la accesibilidad para resolver las diferencias en las rasantes", en clara alusión a la reforma de la urbanización, al tratar la integración de las nuevas edificaciones en la estructura tradicional del Barrio de Ribadavia.

Cuando se aborda la intervención en relación con el viario (pag. 3), se mencionan "... las mejoras sustanciales de la sección y del trazado de las vías interiores... ", y que "...el viario más estrecho... debería ser peatonalizado y restringido a los residentes... ", situación que se aplica por ejemplo a las calles Barrio de Ribadavia y Hortelana incluidas en el Polígono 2 que se informa.

Respecto a la ordenación de los usos (pag. 3) el objetivo es que "...se produzca una diversidad de usos controlada...".

Al hablar de las zonas verdes (pag. 4), se pone énfasis en "... localizar dichas zonas verdes dotándolas de una continuidad peatonal...", y establece la"...posibilidad de utilizar las zonas verdes públicas con aparcamientos subterráneos públicos..."

Sobre las dotaciones (pag. 4), se precisa que " La ordenación de usos supondrá una dotación comercial y terciaria o de servicio, tanto de la población residente como de los alrededores del ámbito".

De los servicios urbanísticos (pag. 4) se indica la necesidad de cerrar mallas en el urbano no consolidado y de sustituir los existentes en el barrio consolidado, cuestión esta última abordada por el Concello con sus recientes actuaciones de reurbanización en las calles 1ª y 2ª Travesía de Ribadavia, calle Barrio ribadavia, Travesías de Forno y Calazas y Churrera.





Está ciertamente plasmado en los objetivos del PERI, la intención de completar y reformar la urbanización existente.

Pero abundando sobre esta intención, el PERI al describir la solución adoptada, Epigrafe 2 de la Memoria Justificativa (pag. 5), cita textualmente “ En el suelo urbano no consolidado, la propuesta consiste en una intervención profunda, primando el criterio de reforma interior, reordenando la edificación, rematando las zonas inacabadas e incorporando...un espacio de relación potente que permita tanto la recalificación urbana como actuar de revitalizador tanto social como de actividad del ámbito”.

Un poco más adelante se dice que “La ordenación pretende integrar la malla urbana nueva con la antigua...”





De todo lo aquí expuesto, entresacado del documento urbanístico de desarrollo vigente, cabe concluir en opinión del Técnico que suscribe que los objetivos del PERI y la solución adoptada por el mismo, y en concreto en lo referente al Polígono 2, se trata de una actuación a la que le es aplicable, en su apartado b.2) de la letra b) del número 1, el artículo 26 del Reglamento de la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia, entendiéndose que se trata de una reforma y renovación dentro de una zona de la ciudad en la que ya existe una urbanización, que se renueva, aunque se precise de nuevas actuaciones de urbanización, como puede ser la apertura de viales y/o consolidación del viario existente.

Como conclusión de este análisis, el porcentaje de reserva de Vivienda de Protección Pública (VPP) debe establecerse en el 10%.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento

- da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
 - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
 - Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
 - Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
 - Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
 - O resto da disposicións que poidan afectar

II. Órgano competente

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello, de conformidade co previsto no artigo 15.5 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo, aos efectos da súa ratificación, e con carácter previo a remisión da contestación ao interesado, previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU(AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).

Por canto antecede, e de conformidade cos anteditos informes evacuados ao presente expediente con data do 29.11.2019 e 20.01.2020, respectivamente, que se incorporan ao mesmo e lle serven de fundamentación, ao abeiro do disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Pleno da corporación, previo ditame do Consello da Xerencia , a adopción do seguinte ACORDO:

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta de acordo transcrita na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en data 11.02.2020, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Traemos a este Pleno como dicía o título deste punto III, unha consulta urbanística especial sobre o desenvolvemento do polígono 2 no PERI SAN ROQUE, a cuestión que se presenta e se trae a este debate é basicamente dúas cuestións, por un lado como se cumpre unha sentenza xudicial que clasifican como solo urbano consolidado, ámbitos cualificados no Plan do 93 como solo urbano non consolidado e no Plan Parcial que o desenvolve, no caso de San Roque e por outra banda cal é a porcentaxe de vivenda protexida aplicable neste ámbito, estas dúas cuestións se presentan ademais para un ámbito que ten un especial interese para este goberno municipal porque como saben no ámbito de San Roque e no ámbito do barrio de Ribadavia, ámbito tradicionalmente abandonado, un ámbito deteriorado, pois nos últimos anos se viu producindo unha labor de transformación que conseruíu polo tanto a humanización e a mellora da contorna do Barrio de Ribadavia, tanto na humanización das propias rúas, modificando pois dende o saneamento, abastecemento, a iluminación ou pavimentación, é dicir, a mellora do espazo público, como tamén a posta en valor dese espazo público a través de establecemento mural ademais feito por un artista da zona que o conseruíu foi a creación dun espazo público e unhas prazas de aparcamento facendo unha pequena praza e dándolle polo tanto, dignificando en parte este barrio de Ribadavia. Polo tanto, entre esta actuación, a comunicación coa rúa Pizarro, a través da operación que se fixo cando se construíu o centro comercial ao seu carón e o seu parque anexo, a humanización da rúa Colombia, esta contorna está cambiando pero indubidablemente esta transformación ten que completarse coa transformación da contorna desas vivendas que están deterioradas que nalgúns casos son infravivendas e que poden polo tanto, transformar de xeito substancial na contorna que se implanta é poñer en valor unha zona como o do barrio de Ribadavia e San Roque.

A proposta que se trae a este Pleno, esta consulta urbanística, onde que contou ademais co asesoramento por parte da Secretaría do Consello da Xerencia é cumprir a sentenza xudicial a través dun cumprimento estrito, é dicir, polo tanto, neste polígono temos que excluír aquelas parcelas que as propias sentencias xudiciais clasifican como solo urbano consolidado e iso quere dicir polo tanto, que hai que facer unha modificación nos planos, que esa modificación a teñen que facer os servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo e que ademais vansen a

corrixir os aproveitamentos urbanísticos daqueles solos que son solo urbano non consolidado, é dicir, o polígono a desenvolver. Feito esa tarefa, polo tanto, de cumprimento estrito das sentencias xudiciais e de forma inmediata se procederá á corrección deses planos como dicía, e dos aproveitamentos correspondentes ademais nesa consulta urbanística se presenta cal é a porcentaxe de vivenda protexida que debe incorporar un ámbito como este que como dicía ten como precedente o Plan do 93. En cumprimento estrito da normativa da Lei do solo, o funcionario responsable desta tarefa asina polo tanto, que esta é unha labor de intervención, de rehabilitación de reforma interior, nun espazo que xa está consolidado, que xa ten as rúas consolidadas e que só se fan pequenas intervencións para mellorar a contorna e a implementación das novas edificacións nesa contorna, polo tanto, a porcentaxe de vivenda protexida legalmente establecida na Lei do solo e no Regulamento de desenvolvemento será o 10%, o acordo que traemos a este Consello polo tanto é dar resposta a esta consulta urbanística que por razón da materia ten que vir a este Pleno e xa foi ao Consello da Xerencia.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O certo é que o ámbito de San Roque é un ámbito que continúa a ter unha evidente situación de abandono, aínda que é certo que se fixeron algunhas actuacións parciais, segue arrastrando pois importantes problemas e require tamén dun maior investimento. A proposta que se trae ao Pleno é efectivamente a aplicación, a execución de varias sentenzas, dende o Bloque Nacionalista Galego temos algunha reserva respecto da porcentaxe que se fixa no que ten que ver coa vivenda protexida, non entramos a discutir e concordamos que a interpretación que se fai ao respecto da exclusión dese PERI, das parcelas que foron obxecto desas sentenzas, máis en todo caso hai unha cuestión de fondo que este tema trae a debate que é efectivamente a problemática dos PERIs, o dimensionamento dos propios PERIs que acabaron por determinar as posibilidades reais de desenvolvemento urbanístico en moitas partes da cidade, sucedeu no Plan do 93, sucedeu no Plan do 2008 e a cuestión é

que ten pensado facer este goberno acerca desta cuestión, do dimensionamento dos PERIs, adecuar o seu tamaño á realidade material e ás posibilidades reais de desenvolvemento urbanístico e con que orientación está a traballar o equipo redactor, poderíamos sabelo se houbera como mínimo un borrador do novo Plan Xeral, máis cada vez que se pregunta, cada vez que o Bloque Nacionalista Galego preguntamos no Consello da Xerencia de Urbanismo respecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal a resposta por parte do goberno é ese tan castizo “volva vostede mañá”, sucedéndose prazos, prometendo que virá en próximas sesións, que se está a revisar, a última escusa é que se estaba acometendo a revisión toponímica, xa non sabemos exactamente que engadirlle para engordar a tramitación do expediente, é evidente que esta cuestión dos PERIs vai ser central tamén no deseño do Planeamento e si que nos gustaría que por parte do goberno se explicara sobre que liñas se está traballar en relación a esta cuestión.

SR. PÉREZ CORREA: Pois o que ven aquí é realmente a plasmación de que o goberno local, dicía cando caeu o Plan Xeral que non pasaba nada, a min me lembra sempre esa escena dunha película creo que “Aterrizo como puedas”, que está ardendo o aeroporto e unha persoa diante dicindo “aquí non hai nada que ver, dispérsese”, pois si estaba ardendo todo e as consultas que van chegando, algunhas delas o que veñen a dicir é que en proxectos que tiñan algún nivel de desenvolvemento ou que estaban lanzados para ser aprobados, cae o Plan Xeral e polo tanto quedan nunha especie de limbo, e quedan nunha especie de limbo ademais ámbitos por esa teima histórica que eu obviamente non lle vou facer responsables exclusivamente a vostedes senón que tódolos gobernos municipais o que foron facendo foi os antigos PERIs dos anos 90 para non resolver urbanisticamente nada foron ou para seguir permitindo esas pequenas cadeiras para nós de especulación en moitos casos, non resolver urbanisticamente esas pezas e ilas pasando de Planeamento a Planeamento e convertelas nun Planeamento incorporado e ademais clasificando como solo urbano non consolidado cousas que realmente eran solo urbano consolidado e sentenzas dese tipo hai a dúcias no caso do Concello de Vigo, se dicimos que o solo urbano consolidado é o que ten os servizos e de repente poñemos un ámbito como solo urbano non consolidado simplemente para facilitar algún tipo de desenvolvemento

que vostedes poden xustificar como zonas verdes, como viais pero que xeralmente a única escusa é o interese de seguir construíndo vivendas, pois non resolvemos cousas e aparecen sentencias xudiciais, aquí neste caso hai tres en que veciños din que eles teñen tódolos servizos e polo tanto é solo urbano consolidado, non consolidado e aquí estou de acordo co que fai a Xerencia Municipal de Urbanismo no Planeamento de Xestión que ven a dicir que a aprobación, é dicir, se retiramos eses ámbitos que teñen unha sentenza sobre eles, que recoñecen que é solo urbano consolidado e non é solo urbano non consolidado, habería unha modificación, unha alteración da ordenación establecida e di aprobación dun proxecto de compensación por parte da Xunta de Compensación que é quen inicia esta pregunta urbanística, sobre un polígono modificado excluindo as parcelas obxecto de sentenza como apunta a consulta presentada, non se axustaría á delimitación do polígono establecido no Planeamento, a pregunta que nós dicimos é, e por que non esperamos ao Plan Xeral? E por que non clarificamos todas estas incongruencias, moitas veces xurídicas que ten o Planeamento, a que ven a presa, simplemente porque hai unha consulta dunha Xunta de Compensación que quere desenvolver un ámbito? Teñen vostedes centos de consultas de veciños/as que queren resolver tamén a posibilidade de facer vivendas no rural, teñen vostedes un montón de solicitudes de información de veciños pero por que en concreto se saca esta, efectivamente un barrio degradado, pero que leva 40 anos este PERI enriba do barrio é certo que o PERI é posterior pero antes había ámbitos de planeamento tamén que propoñían os antigos desenvolvementos de vivenda e por que as presas sempre son cando alguén ten interese en desenvolvelo, esperemos ao Plan porque ao mellor descubrimos que ten que ser todo o ámbito declarado como solo urbano consolidado, ou ao mellor descubrimos que a opción non é unha opción de vivenda e si un espazo de zonas verdes ou espazos libres que precisa urxente o barrio de Ribadavia e a zona de Couto de San Honorato, eu creo que aí, é certo que agora ábrese un período de consulta, ou un período de informes pero nós seguimos pensando que as presas non son boas conselleiras e poden devengar noutras sentencias xudiciais sobre unha modificación dun proxecto que

para nós debería estar suxeito ao Plan Xeral e non a algunha cuestións que dende logo ou algunhas dúbidas legais e xurídicas que pon enriba da mesa un planeamento dos anos 90 e ademais que se revise dunha vez por todas todas esas vellas herdanzas do urbanismo que non clasifican absolutamente nada, que o que deixan é a miles de veciños pois en PERIs históricos que se converten en planeamento incorporado, que se converten en ámbitos de actuación que nunca se desenvolven, e que dende logo non melloran a solución de moitos barrios e desas pequenas cadeiras que efectivamente van quedando na nosa cidade a medida que a cidade se expande.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Efectivamente un expediente que ten unha solución razoable, tecnicamente correcta, informada favorable por tódolos técnicos e que nós imos apoiar, e así o fixemos no Consello da Xerencia de Urbanismo do día 6 de febreiro como tamén fixemos con outro asunto que ía antes na orde do día tamén igualmente razoable, tamén tecnicamente correcto e tamén informado favorablemente por tódolos técnicos e listo para informar aquí, que é, e é clamoroso que non veña aquí a este Pleno Sr. Alcalde que é a ampliación do Plan Parcial de Navia que no Consello da Xerencia ía con este asunto, de feito, ía antes na orde do día, e vostede non o trae aquí, trae este asunto que efectivamente nós imos apoiar pero igualmente e con máis razón debería de vir aquí a ampliación do Plan Parcial de Navia, é un expediente que está listo para aprobar, é un expediente que ten tódolos informes favorables e que non hai causa ningunha para facer un atraso porque o expediente que trae hoxe aquí ten exactamente a mesma tramitación, logo o outro parou, un expediente que suporá a creación de 1.600 vivendas a prezo alcanzable, Vigo necesita esas vivendas Sr. Alcalde, porque o prezo da compra da vivenda é prohibitivo por se non o saben e o dos alugueres tamén, Vigo necesita esas vivendas porque diga o que diga vostede Sr. Alcalde, en Vigo non hai 300.000 habitantes, hai 295.000 e necesitamos esas 1.600 vivendas para que 5.000 se vaian a vivir aí e ter os 300.000 habitantes, non podemos esperar máis, Vigo necesita esas vivendas porque ten a mesma poboación que tiñamos no ano 2007 pero con 16.500 mozas menos, non podemos esperar máis Sr. Alcalde, está vostedes a facer un uso electoralista e politicamente mesquiño do Plan Parcial de Navia, está usando a 1.600 familias como reféns nunha campaña

electoral porque no Concello da Xerencia estaba convocado coa orde do día ese punto antes de que se convocaran as eleccións, e despois de convocar as eleccións entón aparta o asunto e non o tramita e non o trae a Pleno, é un investimento público da Xunta de Galicia, de 48 millóns de euros de urbanización e un investimento para levantar as vivendas de 200 millóns de euros, o Concello non pon un duro que igual ese é o problema, entón hai que inventarse unha coartada, un protocolo, se vostedes quixeran de verdade facer as cousas e que se urbanizara Navia, antes de falar de protocolo algún, traerían ao Pleno o asunto, de feito, pódeno facer, porque o asunto ten tódolos informes favorables, e aínda que non foi ditaminado nada impide que o Alcalde o inclúa por urxencia, nós lle votaríamos tamén por urxencia, podería metelo aquí, por que non o fai? Porque non quere, porque quere facer un uso electoralista de Navia, o protocolo é papel mollado, é mentira, que no Consello de Xerencia se fixera unha aprobación condicionada, non é verdade, aprobouse o Plan Parcial de Navia tal cal, como documento urbanístico, é mentira que os informes técnicos estableceran condición ningunha, é moi grave que se paralice o Plan Parcial de Navia por un puro interese electoral, o protocolo é un papel mollado, non obriga a nada, non é nin un convenio, aínda que vostede incumpriu tódolos habidos e por haber, dende os accesos ao hospital ata o da área metropolitana, que podemos esperar dun protocolo, mire un convenio incumprido o da Avenida de Madrid asinado coa Sra. Ana Pastor no ano 2016, estamos no ano 2020 e aínda estamos esperando polo convenio, estou centrado, todos sabemos que este expediente tiña que vir aquí, non mesturo nada, aquí ven un asunto que ten moito interese para os que viven alí pero que ten moi pouco interese para a cidade comparado co Plan Parcial de Navia, a cidade creceu Sr. Font, porque se desenvolveu Navia gracias ao Sr. Caballero, gracias ao Sr. Fraga desenvolveuse Navia Sr. Font, por se non o sabe, por certo, miúdo éxito electoral cando se presentou o Alcalde contra o Sr. Fraga naquela época, mira que sacarme aquí que desenvolveu vostede Navia, vostede Sr. Alcalde que non fixo nada en Navia, e que hoxe sabemos que o goberno do Sr. Sánchez tampouco vai facer nada, tamén sabemos que os veciños de Navia vainos deixar tirados porque vostede pedía que

se soterrase a Vigo Vinte cando gobernaba o Sr. Rajoy, pero agora xa non está o Sr. Rajoy está o Sr. Pedro Sánchez e entón nos imos a Madrid a preguntar que tal está o Sr. Ábalos e demais, isto non pode ser, e vostede un cortopracista, un ventaxista.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu case vou comezar pedíndolle desculpas aos cidadáns de Vigo e porque sinceramente creo que non se merecen que os seus representantes políticos estean a tan baixo nivel, e espero que todos nos comportemos de xeito máis educado neste Pleno, é bastante vergoñento, en calquera caso como vostede sabe Sr. Marnotes hai un punto nunha moción deste partido, do Partido Socialista para falar estritamente deste tema pero xa que vostede o propón, como vostede sabe ademais da tramitación do Plan Parcial de Navia precisa primeiro un acordo da Xunta de Goberno Local, despois precisa de volta ir ao Consello da Xerencia, como Comisión Informativa e finalmente ao Pleno, polo tanto, na tramitación era imposible que estivera hoxe neste Pleno como vostede sabe. En calquera caso o goberno municipal sempre, porque ten unha tramitación distinta, quizais debería votar un repaso á tramitación administrativa e ao Procedemento Administrativo, en calquera caso vostede ao menos debería incorporar na súa reflexión a importancia que ten o Instituto de Navia para os cidadáns, non só van a vir a vivir a Navia cando se amplíe Navia, senón para aqueles que hoxe están residindo en Navia e teñen os nenos que facer 7 quilómetros de ida e volta para poder ir a un instituto que é unha vergoña o que están vostedes a facer, pero xa falaremos diso noutro punto.

En calquera caso, eu sinceramente sorpréndeme, aínda que non moito que o representante do grupo Mixto pois diga aquí que temos que esperar, pois claro para vostede tiñamos que esperar para ampliar Citroën en Balaídos, para ampliar o IFEVI, para vostedes temos que esperar sempre, para ampliar o parque tecnolóxico e este goberno municipal dixo que utilizaría tódolos recursos legais a súa disposición para que tódolos proxectos que queiran implantarse na cidade poidan ter viabilidade, este é un exemplo, ademais nun barrio que non vale dicir que como está deteriorado que sega esperando, pois non, eu creo que como está deteriorando hai que actuar e polo tanto, o que traemos aquí só é a resposta a unha consulta urbanística dun instrumento que estaba plenamente iniciado, se me permite o concelleiro non adscrito eu xa non entendo nada, porque o Plan Xeral

anterior era froito de vostedes, era o Plan do Bloque Nacionalista Galego, de que me fala, de especulación?

VOTACIÓN: Con vinte e catro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Ratificar a proposta de acordo contida no informe emitido polo Secretario xeral do pleno con data do 29.11.2019 referente á consulta urbanística especial sobre o desenvolvemento do polígono 2 do PERI IV-01 San Roque A, formulada por D. Luis Carrajo Toro, en representación e en calidade de Presidente da Xunta de Compensación do Polígono n.º 2 , e dar efectivo cumprimento ao nela disposta, nos seguintes termos:

PRIMEIRO. Tomar coñecemento da sentenza firme de data 22.11.2004 ditada polo TSXG no PO 5428/2002 interposto por D^a. Aurora Lobato Rodríguez.

SEGUNDO. Tomar coñecemento da sentenza firme n.º. 788/2012 de data 26.07.2012 ditada polo TSXG no recurso contencioso-administrativo 4439/2010 interposto por D. Armando Mosquera Meiriño.

TERCEIRO. Tomar coñecemento da sentenza firme nº 259/2013 de data 27.03.2013 ditada polo TSXG no recuso contencioso-administrativo 4440/2010 interposto por D^a. Concepción Estévez Alejos.

CUARTO. Instar dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo a identificación e a posterior rectificación da documentación gráfica (planos) do PERI IV-01 A San Roque e, no seu caso, do planeamento vixente (PXOU 1993), no sentido de excluir da delimitación do ámbito territorial dos polígonos que correspondan do PERI IV-01 A San Roque as seguintes parcelas en consideración da súa clasificación como Solo Urbano Consolidado (SUC): (i) parcela localizada na rúa Couto de San Honorato 1; (ii) parcela nº. 97 localizada na rúa Couto de San Honorato, e (iii) parcela nº. 95 localizada na rúa Couto de San Honorato.

QUINTO. Instar do secretario xeral do Pleno a subscrición de Dilixencia nos planos mencionados no apartado anterior facendo constar as causas da rectificación e da nova delimitación.

SEXTO. Instar dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo o cálculo da edificabilidade da Área de Reparto e dos Polígonos do PERI IV-01 San Roque A nos que se integraban as parcelas excluídas.

SÉTIMO. Notificar o presente acordo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aos recorrentes D^a. Aurora Lobato Rodríguez, D. Armando Mosquera Meiriño e D^a. Concepción Estévez Alejos e o presidente da Xunta de Compensación do Polígono nº 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE.

OITAVO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia facendo constar que contra o mesmo non cabe recurso algún o ser un acto ditado en execución de sentenza, sen prexuízo daqueles que os interesados consideren oportuno interponer ou os que poidan interponerse en incidente de execución de sentenza.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado no procedemento, facéndolles constar expresamente que, consonte co previsto no artigo 13 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo, a presente información non exime do deber de comunicación previa, declaración responsable ou de obter a licenza urbanística correspondente. Tampouco ten efecto vinculante para a Administración municipal e asemade contra ela non cabe a interposición de recurso ningún.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.”

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4(23).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA. REXISTRO PLENO 2353/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2020, número 2353/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente, como xa fixo nos anos 2018 e 2019 cunha folga histórica. Baixo o lema “*Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado*” están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do 8 de marzo. Como nos últimos anos, a cidade de Vigo volveremos tinguirnos de lilá para esixirmos con voz firme a fin das violencias machistas e a abolición do patriarcado cunha nova manifestación masiva.

Con esta resposta e con esta campaña, o feminismo galego autoorganizado sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.

Hoxe no noso País temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros entre homes e mulleres, que se dá tamén nas pensións de xubilación en máis de 400 euros. Así mesmo, sabemos que os coidados de maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito quen máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos.

Así mesmo, as galegas sufriron o deterioro dos servizos públicos básicos durante a recesión económica e as medidas tomadas polo Partido Popular. Tamén hai que ter en conta as repercusións para Galiza dun sistema de financiamento insuficiente tanto para a Xunta de Galiza como para os concellos, que son claramente discriminados e ao que se engaden as imposicións de déficit e restrición de gasto. Todo isto, xunto con decisións e recortes que se aplicaron desde as administracións galega e estatal, teñen derivado no infrafinanciamento de moitos servizos públicos. Esta situación tradúcese moitas veces na precarización destes servizos e das persoas que traballan neles, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico. Tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.

É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa achega non remunerada que lle regala a a vixencia do sistema patriarcal. Cómpre lembrar, por exemplo, que o valor xerado polas actividades no ámbito doméstico representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e social a contribución do traballo invisible dos coidados como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.
- 2 Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:
 - 2.1 Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.
 - 2.2 Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.
 - 2.3 Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.
- 3 Demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da dotación orzamentaria dedicada a políticas de Dependencia de forma que se garanta a prestación dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras.
- 4 Instar o Goberno municipal a despregar un maior esforzo en favor da loita pola igualdade efectiva entre mulleres e homes, especificamente:
 - 4.1 Poñendo en marcha un Plan Municipal de Apoio aos Coidados en colaboración con outras administracións.
 - 4.2 Reforzando os servizos e programas municipais en materia de atención á dependencia e a conciliación.
 - 4.3 Realizando campañas de sensibilización orientadas á promoción dun cambio de mentalidade en canto á asunción das tarefas de coidado, facendo visible a relevancia dos mesmos para o mantemento das estruturas sociais.”

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego traemos esta moción co gallo do 8 de marzo cun duplo obxectivo, en primeiro lugar retratar as diferentes posicións porque non hai nada peor que non haxa consenso e é que exista un falso consenso e neste sentido dende o Bloque Nacionalista Galego queremos deixar claro que non poderemos coincidir nunca en posicións con forzas que como o Partido Popular afirman formalmente unhas cuestión para logo non ter ningún reparo en pactar con forzas da dereita reaccionaria e ultraespañolista que mesmo se atreven a negar a existencia da violencia machista, polo tanto, esta moción quere retratar e quere retratar sobre o concreto poñendo o foco tamén sobre unha cuestión que motiva a convocatoria do 8 de marzo deste ano, que é o traballo de coidados, un traballo imprescindible, un traballo que recae fundamentalmente nas mulleres por unha cuestión discriminatoria e por unha distribución de xénero absolutamente inxusta, un traballo invisibilizado e un traballo non retribuído, e nese sentido a moción do Bloque Nacionalista Galego que traemos a esta Corporación quere reclamar medidas concretas tanto dos gobernos municipal, galego e español, en primeiro lugar co goberno galego faga un maior esforzo por visibilizar o traballo de coidados e nesta cuestión ten unha importancia capital o desenvolvemento da conta satélite, non existe aquilo que non se nomea e non se cuantifica, en segundo lugar, que tanto a Xunta de Galicia como o goberno español aumenten de maneira substancial a dotación orzamentaria en materia de dependencia que é un dos aspectos que maior carga de traballo e de coidados xera, máis tamén a nivel municipal facemos un chamado en clave positiva para o goberno municipal teña un desenvolvemento maior esforzo poñendo un marcha un Plan Municipal de apoio aos coidados, reforzando os servizos e os programas que xa presta o Concello en materia de atención á dependencia e tamén desenvolvendo campañas de sensibilización que vaian na liña de avanzar na concepción social do traballo de coidados como unha tarefa social do conxunto da sociedade e non apenas un cometido que teña que seguir asumindo as mulleres.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Efectivamente precisamos políticas de igualdade, políticas feministas para defender as nosas vidas porque o feminismo é esa teoría política e

ese movement social dende o cal pensar e artellar colectivamente as políticas públicas necesarias para avanzar cara unha sociedade de igualdade efectiva, de igualdade real, nese sentido as sendas de xénero, as distintas discriminacións de xénero están presentes como sabemos en tódalas esferas das nosas vidas, por iso para combater e reverter esa situación é fundamental o compromiso transversal de tódolos axentes sociais e especialmente neste órgano que é o Pleno do Concello de Vigo o compromiso das administracións públicas, é necesario recoñecer e apoiar as mobilizacións do movement feminista para o 8 de marzo porque tamén é tempo de facer política dende as institucións atendendo á política que se fai tamén dende a sociedade e non de costas a elas como tantas veces se fixo cun pésimo resultado, evidente nos recortes de dereitos e no aumento de privilexios para uns moi poucos e porque sen coidados efectivamente non hai vida como di o lema da convocatoria, nomeadamente lembrémoslle ao Partido Popular o dereito á atención pediátrica de urxencias, ao un parto sen violencia obstétrica, ao dereito a unha sanidade pública e de calidade, lembrémoslle tamén ao Partido Popular que a súa lei de impulso demográfico non é aceptable porque non é aceptable sinalar ás mulleres como as principais responsables do desafío demográfico de Galicia, non é aceptable culpabilizar ás mulleres que non encaixan no rol social que o Partido Popular ten pensado e programado dende hai décadas, para nós as mulleres de Galicia como nais coidadoras de familia tradicional e numerosa, falan de natalismo porque non queren falar de precariedade, de desemprego, de salarios de miseria e de desmantelamento nos servizos públicos, é dicir, non queren falar das consecuencias que nos trouxeron as súas políticas nefastas e inimigas de Galicia. Dende o ámbito municipal non obstante, hai unha cuestión concreta que non se nos pode escapar e que conviría por tanto que se executara o orzamento consignado, ata o das luces non parece demasiado defendible o que observamos no estado da liquidación de 2019 e é que quedaran sen executar 85.000 euros do programa de inserción laboral para mulleres, o compromiso e a responsabilidade das administracións públicas faise efectivo con recursos porque os discursos algunhas escribímolo nós mesmas pero a outras persoas scríbenllos pero en

calquera caso quedan no aire, todo o noso apoio en definitiva a todas aquelas iniciativas como esta que presenta o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego que procuren acadar acordos e consensos amplos para construír colectivamente un Vigo, unha sociedade máis corresponsable, diversa e máis igualitaria.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Gustaríame comezar dicíndolle que non imos votar en contra da moción xa que nalgúns aspectos nos parecen moi positiva, non imos a negar que saía adiante esta moción pero imos facer un repaso dos diferentes puntos, comezaría polo punto 1, dende o Partido Popular temos o máximo respecto ao dereito constitucional, á manifestación e ao dereito individual e voluntario de participar naquelas concentracións e reunións que se convoquen para a reclamación dos lexítimos intereses económicos e sociais, polo tanto dende o Partido Popular apoiamos as convocatorias que se fagan. En canto ao apartado dous relativo a realización dos estudo xornais sobre o valor económico do traballo no fogar, cremos que xa se está a facer, temos que lembrar que lle corresponde ao goberno central o recoñecemento legal do traballo no fogar, lles informo que no acordo PSOE- Unidas Podemos no punto 1.11 se establece que culminaremos con carácter prioritario a plena integración no Réxime Xeral da Seguridade Social das empregadas de fogar ao longo da lexislatura, asinaremos e ratificaremos o convenio número 189 de 2011, da Organización Internacional do Traballo sobre as traballadoras/es domésticos, polo tanto a administración estatal é a que competente para facer efectivo este dereito. No apartado 3, demandar á Xunta de Galicia e ao goberno central o incremento da dotación orzamentaria adicada á dependencia ímolo apoiar pero queremos explicar que o estado debe aportar tal e como dispón a Lei de dependencia a mesma contía que a Xunta de Galicia, sen embargo só achega o 24%, antes de reclamarlle á Xunta de Galicia deben de pedir aos seus socios que cumpran coa lei e acheguen o 50% dos recursos, en materia de dependencia nos últimos datos do IMSERSO, en xaneiro do 2020, cifran en 61.403 persoas atendidas dependentes en Galicia polo que, a día de hoxe superamos en 1.400 persoas o obxectivo que se fixou a principios da lexislatura, que foi alcanzar as 60.000 persoas dependentes con prestación en 2020, a ratio de cobertura se sitúa hoxe no 88,9%, é dicir, en Galicia nove de cada dez persoas que teñen a súa dependencia recoñecida reciben un servizo público, o compromiso do

gobierno galego é garantir que tódolos galegos/as poidan escoller libremente como e onde queren facerse maiores, por iso para que as persoas elixan facerse maiores nas súas casas se reforzaron programas como o Servizo de Axuda no Fogar, o programa Xantar na Casa, o impulso da Teleasistencia avanzada, en colaboración coa Cruz Roja, o programa de coidados Porta con Porta, para poder seguir mellorando estas cifras é imprescindible que o goberno central cumpra coa súa parte de responsabilidade e financiamento do sistema, finalmente si imos apoiar o punto número 4, cremos que dende o ámbito local se pode facer moito máis, consideramos que se debe facer un maior esforzo na loita pola igualdade efectiva entre homes e mulleres, só me gustaría dar un dato, en Vigo existen 175 ordes de afastamento de mulleres maltratadas e só hai 5 policía que están na EVAP, non teño nada máis que dicir.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Sr. Concelleiro queremos propoñer unha emenda de engadeda “in voce” que é a seguinte, “solicitarlle á Xunta de Galicia que manteña aberto durante todo o ano o Punto de Encontro, xa que está pechado do 16 ao 30 de agosto, o 25 decembro e o 1 xaneiro e ademais tódolos luns e martes durante todo o ano”, se aceptan isto.

Sr. Concelleiro, pide vostede un Plan Municipal de Apoio aos Coidados, queremos pensar que fala vostede dos coidadores/as, este servizo depende da Xunta de Galicia pero aínda así o Concello de Vigo colabora con numerosas entidades de carácter social da cidade, levando a cabo programas de apoio ás persoas coidadoras, programas non só de respiro familiar senón de formación durante todo o ano, quero comezar lembrándolle que non coñezo ningún outro concello máis volcado que o Concello de Vigo en igualdade e conciliación, cun presuposto de 1.500.000 euros para a concellería de Igualdade que utilizamos absolutamente ata o último céntimo, a nivel nacional dous premios de boas prácticas no 2013 e non 2017 avalan a nosa labor, pero non é momento de presumir porque a verdade é que nos seguen matando, por iso queremos aproveitar este momento para suxerirille que en concellos onde está gobernando o Bloque Nacionalista Galego,

poño por exemplo Pontevedra, 21 anos, lle faga chegar a necesidade urxente de que abran un centro de emerxencia para vítimas de violencia de xénero, porque nós recibimos vítimas de toda Galicia e de fora e de verdade que estamos a tope, tamén quero facer unha reflexión aquí con todos vostedes de que concellos como Santiago de Compostela e A Coruña, onde gobernaron as Mareas, tampouco tiveron sensibilidade de ampliar suficientemente as políticas contra a violencia de xénero, se exceptuamos campañas publicitarias pero iso tamén faino a Xunta de Galicia.

Señores concelleiros, parece que vostedes descoñecen en grande medida os programas de igualdade e conciliación que leva a cabo este Concello e non só dende a Concellería de Igualdade senón tamén dende Servizos Sociais, Xuventude, Educación, Deportes, Festas, etc. Porque isto é algo transversal e por iso quero lembrarlle algún dos programas que temos, SADI atención domiciliaria á infancia, o tema de canguros, 3.500 servizos ao ano, ludotecas durante todo o ano, campamentos de verán, de Nadal, becas de comedor para a totalidade do alumnado que as precisa, convenio con FOAMPAS para actividades extraescolares, escolas municipais de música, de música de folk, de teatro, de danza, rede de 9 escolas infantís municipais, para o ocio infantil temos programas como a Rolarte para pais e nais e crianzas, programas de conta contos, títeres, cine e un programa continuado de atención psicolóxica de menores expostos á violencia de xénero, para adolescentes temos programas como Enlaza Vigo con 2.500 alumnos/as de secundaria, exposición permanente sobre a violencia sexual da xuventude que percorre tódolos institutos durante todo o ano, programas formativos nos centros de educación como camiña con nós pola igualdade, obradoiros de prevención da violencia de xénero e ciberviolencia, o programa Querémonos, unha lección de cine, becas de inglés, subvencións ao deporte feminino, para mulleres con fillos e fillas a Concellería de Igualdade conta co centro de Emerxencia, con avogadas, psicólogas, asistente social, a rede de pisos de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero cunha educadora familiar, o CIM, centro municipal de información dos dereitos da muller con psicóloga, avogada e asistente social, a Casa das Mulleres onde se imparten talleres de igualdade, teatro, escrita creativa, arte, danza, etc., local que cedemos, concelleira de Marea, a tódalas asociacións feministas para as súas xuntanzas, os ensaios, a recepción da correspondencia,

apoiamos aos feminismos todos, ao feminismo poñéndolle megafonía e palco nas concentracións e manifestacións, facemos cursos de autoprotección en colaboración coa Policía Local, formamos en igualdade ao monitorado dos campamentos, temos un centro de documentación e recursos feministas con biblioteca feminista, presentación de libros, debates, clubs de lectura, facemos xornadas de coeducación con profesorado e alumando, xornadas contra a violencia de xénero, xornadas sobre a muller.

PRESIDENCIA: Advírteme o secretario do Concello, que as emendas “in voce” teñen que ser transaccionais sobre algunha redacción e polo tanto consideramos a proposta da Sra. Concelleira como unha observación política.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En relación a posición do Partido Popular, en todo caso non chega con que apoien esta moción da mesma maneira que non abonda que se poñan un lazo lila un día, insisto a que rectifiquen as políticas e a que rompan definitivamente coa ultradereita machista.

En relación á dependencia sinalar que o acordo de investidura asinado por parte do Bloque Nacionalista Galego co Partido Socialista recolle expresamente o compromiso do novo goberno español de asegurar o 50% do financiamento. E por último dende o BNG si que queremos facer, tal e como se recolle na moción, un chamamento expreso á participación masiva nas mobilizacións convocadas polo feminismo galego para este 8 de marzo nun momento que está a discutir mesmo a existencia da violencia machista maila que temos asistir semana si e semana tamén a casos de violencia. E sobre a emenda “in voce” en todo caso clarexe entre o grupo Socialista cos criterios que ten manexado a presidencia do Pleno.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2020 (Rex. Nº 2353/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(24).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR ESIXINDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE FAGA EFECTIVO O PAGO, POLA NON INCLUSIÓN DUNHA MENSUALIDADE DA RECADACIÓN DO IVE NA LIQUIDACIÓN DOS RECURSOS DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO DE 2017, QUE DEBE ÁS ENTIDADES LOCAIS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2352/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2020, número 2352/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O venres, 7 de Febreiro, a ministra de Hacienda, María Jesús Montero anunciou no Consejo de Política Fiscal y Financiera o rexeitamento do goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos a pagar as cantidades que en concepto de IVE do mes de decembro de 2017 lle debe ao resto de administración públicas: tanto os 2.500 millóns de euros lle debe as comunidades autónomas (dos cales máis de 200 corresponden á Xunta de Galicia) como os máis de 750 millóns que, pola incidencia desa mensualidade do IVE na participación das entidades locais nos tributos do Estado, debe aos municipios de toda España (dos cales preto de 40 corresponden a entidades locais galegas e 2,4 M de Euros ao Concello de Vigo).

A cambio de non pagar estas débedas o goberno propuxo para os concellos o mesmo que para as comunidades autónomas: cambiar os millóns debidos por un préstamo, é dicir máis débeda que teríamos que asumir todos os vigueses.

Unhas propostas totalmente contrarias ao que debería propoñer un goberno serio e rigoroso, pois supoñen que os galegos deberán volver a pagar polo que xa tributaron en decembro de 2017 e hipotecar a xeracións futuras xerando máis débeda pública.

No ámbito institucional, a Xunta de Galicia, a través do conselleiro de Facenda, recriminou en sede parlamentaria o silencio do resto de partidos, referíndose aos mesmos como “a procesión dos caladiños” e fixo un chamamento público a ir da man da Fegamp nesta reclamación, sen obter resposta.

A Federación Galega de Municipios e Provincias, presidida polo PSdeG, renunciou a alzar á voz fronte ao goberno central para reclamar estes cartos. Mentres tanto, o presidente da Federación Española de Municipios e Provincias e alcalde da nosa cidade, leva ano e medio sen reclamar estes cartos, que pertencen aos concellos e non ao Goberno central. Sorprenden aínda máis as declaracións que fixo Abel Caballero: “El Gobierno de Vigo recibirá el IVA. A mí las comunidades autónomas no me importan nada”.

No Pleno do día 12 de febreiro no Senado, cámara de representación territorial cuxos membros deberan velar polos intereses dos seus respectivos territorios, debateuse unha moción a iniciativa do Partido Popular para reclamarlle ao Goberno central que pague ás Comunidades Autónomas e as entidades locais as liquidacións do IVE que lle corresponden do exercicio 2017. Lamentablemente deixou clara a súa posición o PSOE, ao votar en contra da mesma, impoñendo a disciplina de voto. A pesares de que os socialistas apoiaron mocións e iniciativas para a devolución destes fondos á Xunta en varios concellos e deputacións, os senadores e senadoras socialistas galegos votaron en contra.

Existe un problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar 170 millóns de euros de incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade e sobre o que xa se ten pronunciado o Parlamento de Galicia e varios concellos e deputacións.

E existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira, xa que estes recursos orzamentáronse e dedicáronse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que, agora contan cun burato financeiro que debe compensarse con estes recursos, en caso contrario as comunidades e entidades locais terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

Se ben tamén o Parlamento de Galicia e varias corporacións locais galegas xa reclamaron os 200 millóns de euros que, en concepto de recadación do IVE, se deben ás arcas autonómicas, consideramos que esta corporación debe

pronunciarse de xeito específico sobre a reclamación das cantidades debidas ao Concello de Vigo polo impacto dese mesmo concepto na liquidación dos recursos do sistema de financiamento de 2017 e que se estiman en 2,4 M de Euros.

O Goberno central debe adoptar una solución urxente para transferir este recursos, que lles corresponden á cidadanía de Vigo e de Galicia.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Esixir ao Goberno de España que cumpra a Lei e faga efectivo o pago dos 752 millóns de euros que, en concepto da non inclusión dunha mensuralidade da recadación do IVE na liquidación dos recursos do sistema de financiamento de 2017, debe ás entidades locais.

2.- Esixir ao Goberno de España que cumpra a Lei e faga efectivo os pagos de máis de 370 millóns de euros que lle debe á Xunta de Galicia, tanto os máis de 200 millóns de euros en concepto de recadación dunha mensuralidade do IVE como os 170 millóns en concepto de incentivos polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018.

3.- Esixir ao Goberno de España que non utilice os recursos públicos, que proceden do traballo e o esforzo de todos os españois, como instrumento de chantaxe a aquelas institucións que non comparten a súa ideoloxía política.

4.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.”

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Pois temos aquí que o goberno socialista en Madrid leva xa 20 meses no goberno, leva case dous anos e neste tempo pois non foi quen de resolver a liquidación do IVE do 2017, iso si, tivo tempo de vir a Galicia a facer campaña cando nestes 20 meses non tivo tempo de vir aquí a dicir nada nin anunciar nada, o certo é que se lle deben a Galicia 200 millóns de euros da liquidación do IVE do 2017 que ninguén nega e 170 millóns por cumprir o obxectivo de estabilidade que a Ministra tampouco nega pero que non está de acordo co cálculo, o certo é que se demostra que se deben a Galicia, a liquidación do IVE do 2017 e tamén o obxectivo do cumprimento de estabilidade orzamentaria, esa prima por cumprir ese obxectivo, Alcalde eu sei que vostede dixo que non lle importaban as comunidades autónomas, agora parece que non lle importa o Pleno tampouco e vaise, pois nada, iso é o Alcalde que preside a FEMP

pero non preside o Pleno, digo Sr. Alcalde que non lle importaban as comunidades autónomas e imos quedar sen ver se non lle importan tamén os concellos porque nesta moción hai un punto que vostede deliberadamente se retira que é efectivamente o que importa aos veciños de tódolos concellos españois pero tamén aos de Vigo que é a liquidación do IVE do 2017 das entidades locais.

Que pase bo día, o Pleno segue aínda que o presidente do Pleno o abandona.

Queremos que se ingrese os cartos do IVE nas contas do Concello de Vigo, e queremos ver no lado de quen está cada un, non imos ver de que lado está o Alcalde porque acaba de marchar, xa sabemos que lado estivo na Comisión Nacional de Administración Local cando os concellos de España lle dixeron á ministra que a solución que había para as comunidades autónomas, converter un pago nunha débeda, nun préstamo aos concellos non lle valía e por iso, 20 meses levades no goberno de España e lle debedes ás comunidades autónomas a liquidación do IVE e aos concellos tamén e tendes un problema interno que resolver, porque hai presidentes de comunidades autónomas socialistas que defenden a súa comunidade e non defenden ao goberno e coherentemente están en contra con esa solución, e hai deputados socialistas no Parlamento de Galicia que cando se presenta unha moción nese sentido tampouco están en contra, e hai concelleiros e deputados provinciais de concellos e deputacións socialistas galegas que tamén están de acordo, entón imos saber en que está de acordo o Sr. Caballero e o seu goberno, a ver se se pon do lado dos galegos e dos vigueses e se lle da a Vigo o que lle corresponde, a Vigo a liquidación do IVE son 2,4 millóns de euros o de 2017, parte xa se ingresou agora queda parte sen ingresar, será moito ou será pouco pero é moi significativo, imos a ver aquí se vostedes queren que os cartos cheguen aquí ou que queren é defender ao Sr. Sánchez, a día de hoxe non temos visto nin un duro, a día de hoxe o que si temos visto é incoherencia, nós somos coherentes, temos unha posición en Madrid, por certo moi ben defendida pola senadora a Sra. Muñoz, miúdo repaso se nota que hai políticos de calidade na bancada popular, na bancada socialista o que hai é cantidade, aquí hai calidade, cantidade versus calidade, nós temos a mesma posición en Santiago de

Compostela Sr. Font que en Madrid e que en Vigo e agora imos saber cantos estades a favor e cantos estades en contra, se estades a favor do goberno de Madrid ou se estades a favor de Galicia e de Vigo, imos a velo aquí, a ver se tendes a coherencia que teñen os vosos compañeiros do Concello de A Coruña ou da Deputación de A Coruña, ou o que tedes é un seguidismo absoluto ao goberno de Madrid baixades a cabeza e lle votades non a esta moción.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego saudar en primeiro lugar que o Partido Popular emende hoxe a posición que sostivo no Congreso e que limitaba o reclamo apenas dos 200 millóns de euros de mensualidade pendente do IVE e renunciaba expresamente a reclamar 170 millóns de euros corresponden a incentivos tal e como lle propuxo o Bloque Nacionalista Galego a través dunha emenda, a diferenza do Partido Popular e se cadra tamén dalgunha outra forza, o Bloque Nacionalista Galego defendemos o mesmo no Congreso, no Parlamento Galego e tamén neste Pleno. Neste sentido nós apoiamos a esixencia de que o goberno do estado resolva un problema que certamente foi creado por un executivo anterior pero que ten que garantirse que Galicia reciba os 370 millóns de euros que lle corresponden e que queremos subliñar e que tamén van permitir que se destinen ao financiamento de servizos públicos esenciais, neste sentido dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos unha emenda á moción do grupo Popular onde o que queremos é abordar o problema de fondo, que explique que cheguemos a esta situación e que ten que ver co modelo de financiamento e nese sentido o Bloque Nacionalista Galego o que reclamamos é que se inste tanto á Xunta como ao goberno español a modificar o actual sistema de financiamento co obxectivo de implementar en Galicia un sistema de concerto económico como o que xa existe noutras comunidades que lle outorgue á nosa administración, á galega, plena capacidade normativa e de recadación de tódolos impostos a través dunha facenda propia, trátase polo tanto, de permitir que Galicia recade, que Galicia se responsabilice plenamente do seus recursos e que en todo caso se resolva a través dun modelo de concerto económico as transferencias necesarias para o sostemento dos servizos xerais do estado, para non seguir dependendo da vontade dun goberno ou doutro porque insisto, o Bloque Nacionalista Galego imos a seguir a esixir un financiamento xusto para este país, governe quen governe, e

hai forzas políticas neste Pleno a principiar pola que impulsa esta moción que non pode dicir o mesmo.

SR. PÉREZ CORREA: Eu vou a subscribir palabra por palabra o que está expresando as deputadas/os de En Común-Unidas Podemos, os concelleiros de tódolos nosos espazos, independentemente da formulación, hai que ter moito morro por parte do Partido Popular por estar presentando esta moción en concellos, en deputacións, en gobernos autonómicos e sobre todo hai que ter moito morro para presentalo no Congreso dos Deputados, porque se hai un responsable último e que obrigou a propoñer un orzamento no 2019, logo falaremos do voto do Partido Popular contra o orzamento do 2019, que entre outras cousas evitaría a convocatoria de eleccións e garantiría non ter repetido o proceso electoral de novembro, pero lembremos que esta é unha decisión política do Partido Popular reiteradamente pedida pola oposición unha explicación dese cambio de criterio que decidiu que a liquidación do IVE en vez de ser o día 20 era o día 30 e polo tanto, en decembro do 2017 a liquidación pasou ao mes de xaneiro do ano seguinte e polo tanto se contabilizaron 11 meses de liquidación dese IVE, obviamente as comunidades autónomas e obviamente aos concellos e dende aquel momento se estivo a reclamar cal ía ser a solución porque a solución non é coller 200 millóns de euros e darllos ás comunidades autónomas porque non hai marxe xurídico para facelo, a solución é facelo a través dos orzamentos xerais do estado como estaba proposto no proxecto orzamentario de 2019 que vostedes tumbaron, cos partidos nacionalistas pero que vostedes tumbaron, e nos lle dixemos, claro que hai un recorte do 10% do investimento e hai un recorte do 10% do investimento porque estamos a seguir os criterios que vostedes aquí poñen para dicir que tamén temos que ter prima, que son os criterios de recorte que impulsa a Unión Europea e que se traslada ao proxecto orzamentario, nós estamos en contra de pedir primas por cumprimento das regras de gasto, porque é como pedir primas por ter feito os recortes sociais e por ter feito políticas de austericidio e nós seguimos pensando que iso ten que ser modificado, pero volvendo ao contido desa moción vostedes agora están

reclamando que un goberno solvente, unha imprudencia temeraria en materia fiscal que fixo o Partido Popular e o Ministro o Sr. Montoro e se lle dixo no 2019, apoien os orzamentos que se propoñen no ano 2019, ademais que foron tumbados no inicio do proceso orzamentario porque se foran tumbados ao final porque non se aceptaron as emendas parciais que incluso podería corraxir ese agravio inversor contra Galicia e contra outras moitas comunidades se aínda se tivera tumbado o proxecto orzamentario do ano 2019 porque o proxecto final non era emendable, pois xa lle tería unha explicación e seguramente o grupo confederal En Común- Unidas Podemos votaría en contra dese proxecto orzamentario sen ningún tipo de problema pero vostede xa o tumbaron coa alianza lembro de Vox, o tumbaron xa no inicio e polo tanto, non houbo tempo nin de discutir a posibilidade de incluír eses millóns no proxecto orzamentario do 2019, e agora vense con que o Partido Popular transmuta nunha especie de breadhead de líder de clans galegos contra o agravio español que a min me parece sorpresivo o Partido Popular metido a ese discurso do nacionalismo de dereita catalán, vostedes están a facer discurso que facía Fiu co agravio comparativo sempre, vostedes facían tamén o discurso que facía Fiu con que eles recadaban, que tiñan o seu concerto fiscal e que querían ter un concerto no País Vasco, nós non estamos de acordo con iso, porque iso xa está superado por unha realidade que é a España baleirada, da Galicia baleira, que criterios imos a establecer para os repartos, como se reparte o IVE, seguimos pensando que os concellos non van a ter ningún tipo de criterio ou de compensación por determinadas cuestións territoriais, por ter máis poboación maior, esas cuestións que deberíamos estar discutindo, vostedes volven aos oitenta e aos noventa e propoñen un debate que efectivamente xa pouco ten do discurso, eu vouno dicilo así, unitario e estatal do Partido Popular, que parece que nisto o que abriron é a veda a que todo o mundo defendera as políticas nacionais no seu territorio e incluso defender a políticas locais nalgunhas deputacións os debates foron tremendos porque eran agravios contra a deputación provincial fronte a unha comunidade autónoma gobernada polo Partido Popular que foi unha das cuestións máis curiosas que temos visto nos últimos anos. Nós non imos votar a favor disto, porque o Partido Popular é o culpable e pide unha solución obviamente a un goberno que xa lle digo, esperemos porque está no acordo de Unidas Podemos e o Partido Socialista, que se poña unha solución enriba da mesa

e podo agora mesmo xogarme unha comida co voceiro popular de que aínda que haxa unha solución encima da mesa vostedes van a votar en contra do Orzamento do Estado, polo tanto é pura demagogia.

SR. ANEIROS PEREIRA: Mire, Sr. Marnotes llo dixeron unha vez, llo dixeron dúas veces eu voulo dicir en linguaxe Marnotes, crearon o problema e agora nolo empaquetan, ese é o resume desta moción porque efectivamente foi no ano 2016 cando o Sr. Montoro creou o sistema de información inmediata no IVE, este señor por se non o coñece ou non se lembra que permitiu que as empresas levasen a súas contabilidades no sistema informático da Axencia Tributaria e con toda esa información que propiciaba ese “gran hermano” tributario o Sr. Montoro decidiu que os anos xa non tiñan 12 meses, por certo algo que xa a fixo en Galicia a Sra. Muñoz, anos de 9 meses en Galicia con esa senadora que agora temos defendendo presuntamente os intereses de Galicia en España, anos de 9 meses en Galicia, anos de 11 meses no Estado por orde e gracia do Sr. Montoro, para que? Para apropiarse, para incautar recursos que lle correspondían entre outros ás corporacións locais, pero mire e tal o nivel de ignorancia co que falan que nin a cifra que reflicten na súa moción é unha cifra correcta, aínda queren perdoarlle ao Estado máis cartos, mire, evidentemente que non somos iguais non podemos apoiar esa moción onde a cifra reclamada é incorrecta, evidentemente dicía que non somos iguais porque dende o primeiro momento e no ámbito da Federación Española de Municipios e Provincias que preside o Alcalde de Vigo, dende o 5 de xullo de 2018 que se creou unha comisión de traballo para reclamarlle, estivese quen estivese no estado, os cartos que lle correspondían entre outros ás corporacións locais, dende ese momento se viñeron poñendo enriba da mesa distintas alternativas para que o Estado compensase as corporacións locais, miren, non somos iguais porque co goberno do Sr. Sánchez, no ano 2019, as entregas a conta ás corporacións locais se desbloquearon percibindo máis cartos do estado, polo tanto, non somos iguais, pero miren, dicía que a orixe do problema é o goberno do Sr. Rajoy o Ministro o Sr. Montoro e durante todo este tempo estiveron

calados o Sr. Valeriano Martínez, a Sra. Muñoz, vostedes mesmo e o Sr. Feijóo tamén estivo calado, se o sabía todo este tempo por que estivo tan calado, agora di que se quere presentar sen ataduras ao seu partido como candidato á Xunta de Galicia, sen ataduras, dous anos atados para quitarse a correa e a mordaza agora que hai eleccións? Agora que convoca eleccións pola porta de atrás ao Parlamento de Galicia? Miren, se foran sensatos dende o primeiro momento co Sr. Montoro como ministro, apoiarían as peticións feitas dende a FEMP, se foran sensatos como tamén se dixo apoiarían un proxecto de orzamento de 2019, presentado polo goberno de España, presidido polo Sr. Pedro Sánchez, no que artigo 71 desa Lei de orzamentos se contemplaba esta compensación ás corporacións locais polo IVE non percibido do mes de decembro do ano 2017, mire, a situación é tan grave que no caso de Vigo non só deixamos de percibir a cantidade que nos correspondía pola participación no IVE senón que se nos incautaron máis de 2 millóns de euros da participación nos tributos do Estado, dende entón, dende o 5 de xullo de 2018, dende a FEMP para tódolos concellos de España, para tódalas deputacións de España o presidente da FEMP e alcalde de Vigo ven reclamando que se compense aos municipios por esa incautación feita no ano do Sr. Montoro. Polo tanto, é un exercicio de filibusteirismo político que agora veñen aquí pretendendo que apoiemos unha moción, ademais con datos errados e que se debe a súa propia incompetencia, nós estamos a favor de que se compensen aos municipios e ás deputacións por esa incautación que fixo o Ministro o Sr. Montoro no seu momento da parte da recadación do IVE pero non estamos de acordo co calco que vostede mesmo fai e non estamos de acordo con premiar de novo a quen creou este problema.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Aneiros, a vostede só se lle entende cando fala a linguaxe Marnotes, deixe a linguaxe Marnotes e xa se lle volve a complicar a cousa como na primeira intervención da liquidación, ánimo lle a que empregue a linguaxe Marnotes porque efectivamente falar claro está ben e aquí hai que falar claro, o goberno de España do Sr. Sánchez, asumiu que estaba en funcións e a reclamación de Galicia deses millóns contestaba que non podía pagar porque estaba en funcións, esa é verdade, a reclamación xa existía antes da convocatoria electoral,

ven de atrás, ven de hai meses, por que? Porque o goberno Socialista dixo que estaba en funcións e non podía pagar, e logo das eleccións que xa non estou en funcións con apoio de Marea que agora falaremos, despois de estar en funcións e ter xa un goberno en plenitude de facultades dixo que había prescrito a débeda, cousa que non ten nada que ver co que vostede di aquí, vostedes di que o Sr. Feijóo estivo calado ata agora, non é verdade, quen estivo calado é o goberno que dixo que como estaba en funcións non podía pagar e unha vez que deixou de estar en funcións dixo que non pagaba porque estaba prescrito, linguaxe Marnotes e linguaxe Montoro.

Dito iso, na Comisión Nacional de Administración Local o que fixo o Sr. Caballero foi repregar alas porque se lle puxeron en pe ata os propios alcaldes socialistas, entón dixo imos facer unha comisión porque a Ministra chegou alí con outra proposta que era facer un préstamo a cambio dunha débeda, recoñecendo que había unha débeda, amigo meu. Sr. Voceiro do grupo municipal de En Marea, eu sinto moito que diga vostede que claro é unha situación complexa na que está vostede, eu entendo que mudou a súa opinión unha vez que o goberno de Madrid se apoia en Marea, entón agora esta proposta da devolución do IVE é un problema técnico do Sr. Montoro, mire, imos a ver, hai que apoiar, a única diferenza, eu estou seguro e vostede tamén que se o seu grupo político non entrase no goberno apoiarían esta moción, esa é a única diferenza, esta moción se en vez de ser agora fose no mes de outubro, vostedes a apoiarían, o que pasa é que agora están no goberno e agora claro non hai que incomodar ao Sr. Iglesias que agora xa ten o que quería, unha vicepresidencia e a Sra. Montero, a outra vicepresidenta, é que son 22, son tantos, hai máis ministros que concelleiros socialistas do Sr. Caballero, fíxese vostede se é un problema seguilos a todos, e por último a emenda do Bloque Nacionalista Galego, queren vostedes un concerto económico, pois é que hai un problema co concerto económico que é que resulta que pasaría se Galicia recadara os impostos e cedera ao Estado, ao mellor recibiría menos do que recibe cunha España solidaria.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dezanove abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa e un voto en contra da concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2019 (Rex. Nº 2352/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(25).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INTRODUCIR UNHA PARTIDA DE 5 MILLÓNS DE EUROS PARA A CUBRICIÓN DOS PATIOS DOS 17 CENTROS ESCOLARES DA CIDADE DE VIGO. REXISTRO PLENO 2354/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2020, número 2354/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A maior parte dos centros públicos de Infantil e Primaria da nosa cidade, foron construídos hai 40-50 anos. Os centros educativos da cidade de Vigo levan anos sufrindo o abandono da Xunta de Galicia.

A antigüidade dos centros fai necesarias inversións significativas para a súa adecuación aos novos tempos educativos.

Todos os seus espazos, teñen que poder ser utilizados como espazos de traballo e socialización, iso inclúe os espazos exteriores e deportivos.

Son moitos os centros educativos que se dirixen a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Educación, reclamando inversión e melloras nos centros públicos da cidade.

Unha desas inversións que a comunidade educativa da cidade de Vigo lle ven reclamando a Xunta de Galicia é a cubrición dos patios escolares. Cubrición de patios que é a súa competencia.

A cubrición dos patios escolares é fundamental para o desenvolvemento de actividades deportivas e como espazos de disfrute e socialización dos nenos e nenas principalmente nos días de chuvia.

A cubrición dos patios é necesaria porque moitos centros carecen de espazos cubertos nos que poder realizar diferentes actividades.

A Xunta de Galicia non está a atender esta demanda dos centros públicos da cidade de Vigo, pero sí está a cubrir patios escolares noutras cidades de Galicia.

A Administración educativa competente, correspóndelle garantir que os nenos e nenas poidan formarse nas mellores condicións.

Na actualidade son numerosos os centros que se dirixen ao Concello de Vigo solicitando a cubrición dos patios escolares, sabendo que este Concello, co seu Alcalde a cabeza, é a única administración que está a atender as súas demandas.

Este goberno xa executou a reforma dos patios de 5 centros educativos (CEIP Virxe do Rocío, CEIP Carballal, CEIP Canicouva, CEIP Alfonso R. Castelao e CEIP García Barbón) e temos unha lista de 17 centros que acoden desesperados ao concello para solicitar a cubrición dos seus patios ao ser ignorados pola administración competente, a Xunta de Galicia.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDOS

Instar a Xunta de Galicia a introducir unha partida de 5 millóns de euros para a cubrición dos patios de 17 centros escolares da cidade de Vigo: EEI Villalaura, CEIP Javier Sensat, CEIP Doblada, CEIP Fontescura, CEIP Valle Inclán, CEIP Josefa Alonso, CEIP Otero Pedraio, CEIP Frián, CEIP Saladino Cortizo, CEIP Mestres Goldar, CEIP Escultor Acuña, CEIP Celso Emilio Ferreiro, CEIP Seis do Nadal, CEIP Mestres Goldar, CEIP Balaídos, CEIP Pintor Laxeiro e Instituto Carlos Casares.”

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: Villa Laura, Xabier Sensat, Doblada, Fontescura, Valle Inclán, Josefa Alonso, Otero Pedrallo, Frián, Saladino Cortizo, Mestres Goldar, Escultor Acuña, Celso Emilio Ferreiro, Seis do Nadal, Mestres Goldar, Balaídos, Pintor Laxeiro e Instituto Carlos Casares, ignorar, segundo a Real Academia Galega no seu dicionario, manifestar indiferenza respecto de algo ou de alguén, non prestarlle ningunha atención” isto é exactamente o que está a facer o Sr. Feijóo coa educación pública da cidade de Vigo. Nos últimos meses este concelleiro ven recibindo a dirección dos centros educativos e as ANPAS destes centros que mostran a súa desesperación coa Xunta de Galicia, desesperación ante o pasotismo do Sr. Feijóo coa educación pública da cidade de Vigo, todas as súas reclamacións non están sendo atendidas, un ataque frontal á zonificación, cero obras de investimentos nos centros educativos da cidade, abandono total, redución de profesorado, aumento do número de alumnos por aula, non atenden ao transporte e o que é peor, nin o reciben nin sequera lles contestan. Como dicía na exposición de motivos a maior parte dos centros educativos da cidade teñen máis de 40, 50 anos, foron construídos en 1980, 1970, os centros levan anos sufrindo a abandono da Xunta de Galicia e són moitos os centros que se dirixen á Xunta de Galicia, en concreto á consellería de Educación, reclamando mellora e investimentos nos seus centros e a Xunta de Galicia o que fai é ignorar, como sempre. A Xunta lle ven reclamando a cubrición dos patios dos 17 centros que estaba a falar, cal foi a súa resposta? Pois seguir ignorando aos centros educativos, sabes cantos patios cubriu a Xunta de Galicia na cidade de Vigo nos últimos anos? Cero, e este Concello co Alcalde á cabeza leva cubrido xa 5 patios escolares, o de Alfonso Rodríguez Castelao, Carballal, Rocío, García Barbón e Canicouva, nestes intres hai dous en fase de tramitación como son o de Balaídos e o de Pintor Laxeiro. Esta lista de agarda e por iso traemos esta moción a Pleno de novo e que

sega aumentando e agora sorprendentemente xa chaman a esta porta os institutos da cidade, institutos que lle lembro que son única e exclusivamente competencia da Xunta de Galicia e agora que falamos de institutos imos volver a RAG para definir o disparate que nos propón a Sra. Porro porque é a voceira supostamente desta idea magnífica, e o disparate di “dito ou feito erróneo, absurdo que mostra a ignorancia, pouca intelixencia ou falla de reflexión”, ese é o disparate da rúa Lalín un ataque frontal a Navia, á zonificación, á comunidade educativa, e aos nenos/as da cidade de Vigo, propoñen meter aos nenos/as da cidade de Vigo en zulos ou en barracóns, un disparate do que por certo se fixo voceira a delegada da Xunta de Galicia en Vigo, a Sra. Porro, unha “corinada”. No ano 2019 volveu a ser a cidade de Galicia, Vigo a que a Xunta de Galicia adicou menos investimentos en obras ou melloras dos centros educativos, repito, a cidade de Galicia á que menos se lle adica en orzamentos á educación a cidade de Vigo. A Xunta de Galicia négase a cubrir patios en Vigo pero si os cubre noutras cidades de Galicia, curiosamente, non sei que pasa coa cidade de Vigo, tanto lle reclama ao goberno central agora que o Sr. Sánchez é presidente do goberno antes ao Sr. Rajoy non llo reclamaban, pero agora entraron nun bucle de reclamacións que podían facer extensible á Xunta de Galicia do Sr. Feijóo pero vostedes como sempre están defendendo os intereses de Santiago de Compostela en lugar defender os intereses da cidade de Vigo de aí os resultados das últimas eleccións municipais.

Pois si, a cidade máis importante de Galicia, a cidade con máis poboación, a cidade con máis centros educativos, a cidade con máis escolares e a cidade á que a Xunta de Galicia lle adica menos investimento en educación, curioso, o único que pedimos é que se nos trate como merecemos, como merece a principal cidade de Galicia, e vostedes seguen coa súa mantra constante de defender a Santiago de Compostela, o resumo, como sempre di o meu compañeiro o Sr. Aneiros, a Xunta de Galicia invita, ignora, e Vigo paga, e por certo, xa que dicían que este goberno non executa os seus orzamentos, habería que preguntarse onde os executaba a señora delegada da Xunta de Galicia en Vigo cando era Alcaldesa para deixar unha

débeda de máis de 60 millóns de euros e vostedes xa me dirán onde metía eses orzamentos porque para deixar unha débeda de 60 millóns e non facer nada, hai que facer moito mérito.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego estamos de acordo co fondo da moción, en todo caso sinalar que hai un erro material na moción porque se reitera o centro Mestres Goldar, polo tanto se fala de 16 centro non de 17, tendo en conta que é unha moción repetida, pois era bo subsanala. En todo caso é evidente que para ben da cuestión da cubrición dos patios de centros públicos na cidade de Vigo hai tamén importantes necesidades no que ten que ver coa dotación dos equipamentos neses centros por parte da Xunta de Galicia e é unha cuestión na que dende o Bloque Nacionalista Galego queremos subliñar, a Xunta de Galicia ten que atender aos importantes déficits tamén en materia de equipamentos que presentan os colexios e institutos públicos na principal cidade de Galicia. Máis tamén que sinalar e denunciar que se están a producir tamén algúns no que ten que ver co mantemento que no caso dos colexios si é competencia municipal e que tivemos episodios nas últimas semanas de colexios públicos sen calefacción e ademais coincidindo con algunhas semanas de menor temperaturas durante varios xornadas polo que o goberno municipal debería poñerlle máis atención a esta cuestión. É evidente que dado o estado que presentan moitos edificios é necesaria unha actuación máis ambiciosa para poder modernizar os centros e en todo caso é claro para o Bloque Nacionalista Galego que o abandono dos centros públicos responde a un afán ideolóxico do Partido Popular de desertizar a pública en favor do ensino privado, máis nisto tamén temos que volver a facer un apelo ao goberno municipal para que deixen de colaborar nesa cuestión con dúas medidas moi importantes, en primeiro lugar retiren o catálogo de centros privados-concertados do portal educativo municipal e en segundo lugar deixen de subvencionar a cargo de fondos públicos os uniformes das escolas privadas, e aí entón nos podemos atopar e resultará moito máis crible, moito máis consistente o compromiso co ensino público que nos consta que o Partido Socialista si subscriben. Sexan coherentes nesta cuestión, en todo caso o Bloque Nacionalista Galego imos votar a prol desta moción.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Ben, sobre esta moción recorrente nós tamén a insistir nas nosas posicións, é un Pleno máis, sabemos que a consellería segue efectivamente sen abordar máis alá dalgunha fotografía de precampaña electoral un dialogo participativo e con consecuencias reais a necesaria nova zonificación escolar, é dicir, segue sen atender as demandas que lle foron trasladadas por parte da Federación Olívica de asociación de pais e nais da alumnado de Vigo, por parte de sindicatos, de colectivos da comunidade educativa, e tamén dende a Marea de Vigo, demandas que non porque pasen os meses do curso escolar son menos urxentes, máis ben ao contrario, por iso nos vemos efectivamente na obriga de lembrar o que aquí dixemos en meses pasadas, é necesaria unha zonificación que permita dunha vez por todas considerar o transporte escolar como un servizo público que estea determinado polas necesidades dos centros escolares e ademais as demandas relacionadas co transporte non son efectivamente as únicas restricións que afectan aos centros públicos, tamén sabemos que en ningún centro público da nosa cidade se ofrece un proxecto educativo continuo, dende a continuación da primaria á ESO, en numerosos centros da cidade tamén sabemos que non se restableceron neste curso as liñas retiradas en primaria o curso pasado e aí so se engade unha escaseza de docentes que xa se ven cronificando curso a curso, ademais moitos centros públicos de infantil e de primaria non poden garantir unha praza de comedor para tódalas familias solicitantes, mentres os centros públicos de secundaria directamente non contan con servizo de comedor, non obstante no que se refire ao goberno municipal, cremos que hai que ter en conta os datos de renda, familiar, das persoas en situación de vulnerabilidade e o encarecemento do prezo da vivenda, dos servizos básicos nos últimos anos para tamén aplicar medidas neste sentido, non comprendemos porque sobre unha partida de 400.000 euros do orzamento municipal para a cubrición de patios escolares precisamente para isto opera unha modificación que retira 286.000 euros e neste momento avanzado xa, o segundo trimestre escolar, tampouco ese novo orzamento mermado, se executou ademais tamén, digamos, non deixa de ser chamativo o que acontece co mobiliario dos colexios por parte do Concello do

Vigo, dunha partida de 40.000 euros agora viuse reducida a 5.000 euros, de 40.000 euros pasamos a 5.000 euros, é unha cuestión que tamén nos parece relevante, nos defendemos que o Concello de Vigo sexa solidario e igualitario, que sexa bandeira da educación pública comezando por aumentar os importes das becas e da educación pública e por ampliar os supostos subvencionables na educación pública como os importes das actividades extraescolares, ou excursión que se fan dende o centro e tamén, efectivamente, comezando por deixar de subvencionar a fondo de gastos públicos os uniformes da escola privada porque mentres vostedes se reparten culpas, hai un orzamento que queda sen executar en detrimento de tódolos vigueses/as que non poden ou non queren escolarizar aos seus nenos/as na privada porque eses vigueses/as si confían na excelencia da nosa educación pública para frear as desigualdades e a guetificación da cidade de Vigo é necesario un compromiso coa educación pública, non condescendencia, tanto por parte por suposto da Xunta de Galicia como tamén no que respecta ao goberno do Concello de Vigo.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Eu o escoito Sr. Gómez e eu creo que vostede presenta esta moción un pouco para ir en contra do Sr. Feijóo porque é que outro motivo eu non o atopo. Miren, vostedes se adican a escribir que o colexios de Vigo foron construídos hai 40 ou 50 anos e que levan sufrindo o abandono da Xunta de Galicia, pero vostede sabe igual que eu que isto non é certo, a Xunta de Galicia dende o ano 2009 ata o ano 2019 fixo investimentos preto de 22 millóns de euros, convertendo a Vigo no Concello de Galicia co maior investimento neste ámbito. No 2019 se investiron 1,6 millóns de euros en obras e reformas en 16 centros educativos de primaria e secundaria da cidade, a Xunta está a investir nos colexios da nosa cidade e queremos que continúe, se fixeron melloras no centro Fontescura do que vostede falaba, se mellorou a cuberta cun valor de 59.634 euros, no centro de Alfonso Rodríguez Castelao, se fixo unha primeira fase de ampliación, hai obras pendentes xa aprobadas, por exemplo o CEIP Doblada con 11.000 euros, onde se colocará falsos teitos, o CEIP Seis do Nadal 8.000 euros onde se realizarán arranxos no centro. Neste ano o 2020, está programada unha obra moi importante nun centro de referencia de Vigo, no Instituto Santa Irene cun investimento previsto de 1,4 millóns de euros, así mesmo finalizarán a rehabilitación integral do

centro de García Barbón do que vostede falaba antes, cun importe superior a 752.000 euros, neste sentido nos últimos dez anos se fixo en Vigo a rehabilitación total do centro Virxen do Rocío, ademais a consellería fai como cada ano un esforzo de investimento a favor do confort e da eficiencia das infraestruturas, pero non podemos esquecer os criterios de colaboración cos concellos para a obra e mantemento destes centros están claros, os concellos deben asumir as obras de mantemento dos centros de infantil e de primaria, mentres que a consellería asume os centros de secundaria e formación profesional, moito deste mantemento o está a facer a consellería, é importante facer todo tipo de investimentos en canto a infraestruturas se refire, pero vostedes non poden eludir as súas responsabilidades en canto por exemplo, existen 4 colexios en Vigo o Párroco Don Camilo ou o CEIP Mosteiro Bembrive que foron dotados de ascensor e descoñecemos o tempo que estiveron en funcionamento, nestes momentos están fisicamente nos centros pero non están activos, os ascensores teñen que ter un contrato de mantemento contratado cunha empresa mantedora e pasar cada dous anos unha inspección do organismo de control OCA, no caso destes centros ao tratarse a educación infantil e primaria, lles corresponde a vostedes.

Cando pensa vostede tamén me gustaría falarlle en canto a falla de seguridade vial, que existe na entrada e saída dos colexios, vostede se preocupa do confort dos alumnos, a consellería tamén, pero non cre que debería preocuparse tamén das beirarrúas dos colexios? Non debe sinalar ben os accesos, pintar pasos de peóns, colocar semáforos? Basta con que se dea un paseo pola rúa Porriño. Por certo, a construción dun instituto nos actuais xulgados de Vigo e unha solución a curto prazo na que se leva traballando ante a necesidade de dotar a Vigo de infraestructura nova, en canto ao rechazo deste novo instituto nos xulgados por parte do Alcalde é un non máis a todas cantos investimentos fai a Xunta de Galicia para esta nova cidade, é moi grave que se opoña a este proxecto pero xa non nos sorprende, vai na súa liña de vitimismo e de falla de colaboración institucional, unha actitude coa que unicamente están logrando negar aos veciños servizos,

mentres a vostede lle escriben as mocións, Sr. Gómez, nós facemos un traballo que vostedes pretenden silenciar.

SR. GÓMEZ DÍAZ: A verdade que, señora concelleira, veña a dicirme a min que me escriben as mocións, ten delito, non levanta a vista da cousa que lle len, pero mire, imos a facer un exercicio de responsabilidade e de tranquilidade porque para aguantar estas cousas hai que ter moita paciencia. A verdade é que levamos creo que seis ou sete mocións aos plenos e volvo a repetir novamente que o que ten que facer ademais de ler o que lle escriben é saber as competencias que temos en educación porque as descoñece, entón o importante é que se informe porque os centros de educación infantil e primaria dependen da Xunta de Galicia, e nós temos e lle repito por enésima vez a competencia en conservación, mantemento e vixilancia dos centros educativos e xa que fala de investimentos pois 84 millóns dende o ano 2009 do Concello de Vigo, por eses 22 millóns dos que tanto presume e que por certo, un ano máis, no ano 2019 Vigo volteou a ser a cidade de Galicia con menos investimentos porque como poden observar 6,6 millóns de euros en A Coruña, 3,5 en Santiago de Compostela, 2,5 en Ourense e 1,6 millóns de euros en Vigo, por certo, investimentos, que lle lembro, da que tanto pavoneaba a Sra. Porro dese magnífico investimento de 1,6 millóns de euros na cidade de Vigo, a verdade é que hai que ver valor. Falaba dos centros da rúa Porriño, por certo, dous institutos, dúas ANPAS que se reuniron con este concelleiro reclamando reformas integrais dos seus centros que están a caer e esa é responsabilidade da Xunta de Galicia e rúa Porriño na que este Concello, este goberno a través da concellería de Fomento fixo xa unha iluminación cambiando as iluminarias por luces led, podou as árbores e están a punto de marcar pasos peonís e pintar e repintado deses centros.

Eu entendo que vostedes estean nerviosos pero os datos están aí, a educación non fan gala dela porque non a deben ter e despois claro, altéranse cando leo unha definición literal da Real Academia Galega, disparate, pois non é tan difícil cando di: dito ou feito erróneo, absurdo, que mostra ignorancia, pouca intelixencia e falla de reflexión, isto o poden consultar na RAG, ese é o disparate da rúa Lalín, meter aos nenos en barracóns, en zulos, esa é a proposta da delegada da Xunta de Galicia en Vigo, delegada da Xunta de Galicia, que por certo, di que ten moita

presa en trasladar aos nenos de centro, Sr. Marnotes é que me alegro moito de que altere desa maneira porque iso demostra é a falla, acaba de chamarlle burro ao presidente do Pleno, os datos son os que son e se non presumimos de inversión de 22 millóns cando o Concello inviste 84 millóns de euros dende o ano 2009, e que é unha cousa que de verdade é sorprendente. Alégrome moito de que te alteres e imaxino que votarás en contra desta moción, entón non entendo moito o de estar alterado.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2019 (Rex. Nº 2354/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Diaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(26).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE HABILITE UNHA PARTIDA ORZAMENTARIA DE APOIO AOS VOOS DENDE O AEROPORTO DE VIGO. REXISTRO PLENO 2355/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2020, número 2355/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A política de subvencións da Xunta de Galicia aos Aeroportos de Galicia vén castigando nos últimos anos ao Aeroporto de Vigo.

Desde o Goberno de Nuñez Feijoo tentouse pechar o Aeroporto de Vigo e foi permanentemente discriminado en axudas, transporte, etc.

O apoio ao Aeroporto de Santiago, en detrimento de Peinador, foi constante e permanente ao longo dos últimos anos.

As axudas, que se puideron conceder a través de Turismo de Galicia, deben ser fiscalizadas e coñecidas no seu número e importes.

En calquera caso, o Aeroporto de Vigo debe ser apoiado polo Goberno da Xunta de Galicia pola importancia que o mesmo ten no desenvolvemento industrial de todo este territorio e tamén no recente impacto turístico que está a ter a cidade de Vigo.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que habilite unha partida orzamentaria de apoio a voos desde o Aeroporto de Vigo por un importe de 2,5 millóns de euros.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Creo que a estas alturas ninguén pode negar o importante que é o apoio económico a un aeroporto, o apoio económico ao desenvolvemento dun aeroporto e do que significa para a actividade económica en tódolos sentidos na cidade e este apoio non se pode negar e precisamente na nosa cidade sabémolo

moi ben e sabémolo moi ben porque nolo trasladan aqueles que veñen, que nos visitan, congresos, empresas e que nos visitan formando parte da actividade económica do noso territorio, soe ser un tema habitual de conversacións cando se celebran eventos importantes como CONXEMAR e como outros, e dino, ese apoio necesario, aqueles que o reclaman e que teñen a necesidade de vir a nosa cidade e que se ven obrigados a facer moitas combinacións o cal evidentemente resta moito tempo. A importancia do Aeroporto de Vigo para esta cidade ten unha proba do algodón moi sinxela e é que tódalas novas rutas que se programaron foron todas un éxito no seu desenvolvemento, e estas rutas foron posibles gracias ao único apoio económico do Concello de Vigo tamén do novo goberno da Deputación de Pontevedra neste catro últimos anos e se isto é certo no ámbito da política de negocios tamén o é no aspecto do ocio porque levamos moito tempo reclamando moitos anos o que reclamamos nesta moción e levamos reclamando a atención do goberno da Xunta de Galicia, do goberno do Sr. Feijóo e esta atención entendemos que debería de ser obrigada, pero aparte desta atención que reivindicamos tamén reivindicamos igualdade e parece mentira que a igualdade teña que ser reivindicada pero é evidente que hai unha discriminación na forma de actuar do goberno da Xunta de Galicia con respecto ao apoio e ás subvencións aeroportuarias e nós seguimos nesa mesma reivindicación, seguimos reivindicando o apoio económico do goberno do Sr. Feijóo que só se deu historicamente ao Aeroporto de Santiago de Compostela como é unha evidencia, pero é que recentemente o goberno do Sr. Feijóo caeu nunha pantomima de amagar con controlar as axudas municipais, o cal certamente era o colmo porque logo tivo que rectificar e quedar de magnánimos para que non parecera e non quixera controlar esas axudas municipais. O que é evidente é que o comportamento das compañías demostran claramente a quen se favorece economicamente. Hai moitas formas, e o denunciámos, e se deben de investigar as axudas e as subvencións que se dan dende turismo de Galicia, desde TurGalicia, o Alcalde díxoo recentemente e través do Consello de Contas hai que reivindicar que isto se investigue porque cando tódolos movementos das compañías conducen aos mesmo sitio, é evidente a quen

se está axudando dende o goberno da Xunta de Galicia, por contra, todo o que se fai dende este goberno municipal parte da transparencia, as axudas e as convocatorias que se fixeron para a creación de novas rutas, foron como digo dende a transparencia e dende a igualdade de condicións para todos. Polo tanto, volvemos a levantar a voz desta cidade como xa se reclamou no ano 2013 cando o Sr. Feijóo quixo pechar o Aeroporto de Santiago de Compostela, porque a pregunta que hai que facerse en voz alta é moi sinxela, cando manifestou o Sr. Feijóo un apoio expreso ao Aeroporto de Vigo, nunca, nunca, sempre foi a favor doutras opcións, polo tanto, entendemos que polo desenvolvemento industrial, económico, e recentemente do ocio nesta cidade, é unha obriga para o goberno da Xunta de Galicia, atender á realidade do que significa o Aeroporto, do que significa no desenvolvemento económico deste territorio, desta área metropolitana pero tamén do que significa para o conxunto de Galicia como, insisto, quedou demostrada coas novas rutas.

Polo tanto, nosa moción nese sentido é que debe ser apoiado economicamente o Aeroporto de Vigo cunha partida específica de 2,5 millóns de euros.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego compartimos a preocupación ao respecto do Aeroporto de Peinador pero discrepamos da proposta que ven recollida na moción. As axudas públicas ás aeroliñas privadas se teñen demostrado un modelo, un negocio ruinoso, cando se acaba o financiamento público as aeroliñas voan si pero fora desta cidade, fora deste aeroporto e tamén o demostra ese modelo ruinoso a dificultade que ten o actual goberno municipal mesmo para executar as liñas de axudas no último exercicio. Non estamos de acordo polo tanto, con ese modelo nin para Peinador nin para ningún aeroporto galego e o dicimos aquí e en tódolos concellos deste país. A verdadeira ameaza, e para nós é importante que se entenda, para Peinador non é nin Lavacolla, nin Alvedro, a verdadeira ameaza é o Saa Carneiro e por iso dende o Bloque Nacionalista Galego apostamos por acabar con esta competencia fratricida que é unha estratexia suicida e que unicamente beneficia a terminal portuaria de Porto e nese sentido o Bloque Nacionalista Galego formulamos unha emenda á moción do grupo Socialista que o quere é dar solucións ao problema de fondo, unha emenda na que demandamos que tanto a Xunta de Galicia como o novo goberno español

poñen en marcha un plano de dinamización do Aeroporto de Peinador con compromisos orzamentarios concretos en catro aspectos que para nós son moi importantes, en primeiro lugar a mellora dos accesos á terminal aeroportuaria de Peinador, en segundo lugar, a acometer a necesaria conexión intermodal que non está garantida, en terceiro lugar, a apertura 24 horas da terminal viguesa que ten sido unha reivindicación histórica da cidade e en cuarto lugar, que se aproveiten as enormes potencialidades no transporte nas mercadorías para que o peixe que se descargue en Vigo non viaxe en Avión dende Euskadi. Trátase tamén de apostarnos por un sistema aeroportuario galego, cooperando dende a coordinación a partir da especialización que reforce o papel de Peinador como aeroporto de referencia da área metropolitana máis tamén como aeroporto de referencia para todo o sur e demandando unha cuestión na que estamos certos e haberá acordo que é que a Xunta de Galicia poña un servizo de autobuses expres a Peinador como o que xa existe noutros aeroportos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós imos ser coherentes co que levamos expresando politicamente pero tamén recollendo gran parte das obxeccións técnicas que o propio Consello de Contas lle pon a este tipo de axudas, nós estamos radicalmente en contra de axudas públicas a operadoras privadas e liñas aéreas e ademais por varias cuestións que quedaron explicitadas tamén nas emendas que presentamos aos orzamentos do Concello de Vigo, naquela altura dicíamos que non consolidaban voos, non sabíamos que o que pasara no Concello de Vigo é que caemos como uns auténticos noveles na trampa de Ryan Air, que xa fai anos que caeron outros aeroportos, que Ryan Air ven por aquí ofrecendo voos a cambio de axudas públicas e cando esas axudas públicas non son exactamente as que eles queren marchan a outro aeroporto ou poñen a chantaxe enriba da mesa, afortunadamente o Concello de Vigo non fixo como outros que ante a opinión pública de perder eses voos por unha chantaxe económica que fai unha compañía, pois decidiron incluso aumentar ese importe, nós lle chegamos a dar 4,4 millóns de euros a Ryan Air e ademais é bastante terrible que se fagan e se enchan horas e

horas mediáticas, horas e horas de medios de comunicación dicindo que se a Pass Vigo só pode ser para vigueses/as e logo deitamos 4,4 millóns de euros en axudas a voos que pode comprar un tipo de Quintanilla de Onésimo ou un tipo do Salvador, é dicir, manteñamos a mesma coherencia, non pasa nada por dar 4,4 millóns de euros a voos que ian posiblemente cheos pero, cantos turistas e Edimburgo chegaron a Vigo? e polo tanto esa incoherencia con respecto de non asumir que o Concello de Vigo se equivocou nas axudas a Ryan Air é tan evidente que se equivocou como que segue deserto porque Ryan Air viu coa súa concurso a medida por iso non se presentou ningunha compañía máis porque as ofertas que se poñían enriba da mesa só eran para aqueles sitios onde operaba Ryan Air, non ofertou un voo Roma, non ofertou voos a capitais europeas senón que ofertou voos a aeroportos de segunda. E iso durante moitos anos o fixo tamén a administración autonómica que chegou a deitar varios millóns de euros nos aeroportos galegos, é certo que unha descompensación evidente cara o aeroporto de Lavacolla pero fíxoo o goberno do Partido Popular, volveuno a facer despois o bipartito e seguiron con esas axudas, ata que decidiron non facelo, hai unha administración que é Xunta de Galicia que decidiu non facelo, vostedes e nós sabemos que posiblemente as axudas que se están colando a través de organismos autónomos ou doutro tipo pero as axudas directas a compañías a Xunta de Galicia decidiu non facelas, nós lles pedimos que faga o mesmo o Concello de Vigo, se acabaron as axudas directas, e exploremos outras cuestións eu sego sen entender, explicitéino no Pleno, é certo a coordinación entre aeroportos e sempre recorremos ao mesmo, pero dende que se privatizou Aena, dende que se comezou con ese sistema de privatización encuberto, os aeroportos se lles obriga a competir entre eles, polo tanto, a que teñamos un organismo público como o que ten Portugal que ten un organismo 100% público e non participado a parte de xestión aeroportuaria nos aeroportos están empresas privadas, claro que Aena segue sendo unha empresa pública pero cada torre de control e cada sistema de xestión dun aeroporto está privatizado e en Portugal iso non existe, existe un organismo 100% público na xestión aeroportuaria, home FCC, moitas contratas privadas están operando nos aeroportos e establecen un criterio diferente das taxas dependendo dos operadores privados, vostedes estano denunciando con nós no Parlamento do Estado que esas partes que se van privatizando do sistema de xestión

aeroportuaria significa a diferencia das taxas en diferentes aeroportos no estado español e nós seguimos pensando que hai outras opcións, porque o Aeroporto de Badajoz, o de Granada o voo a Madrid, a Barcelona o ten subvencionado como un voo de interese público, por que non nos poñemos de acordo e pedimos que Vigo teña subvencionado precisamente por ese criterio porque é un motor económico do sur de Galicia se considere servizo público de obrigado cumprimento e polo tanto, estea subvencionado ese voo, por que no se fai? A maior parte de empresas o que necesitan é un voo barato a Madrid, Barcelona, Bilbao e no caso do Aeroporto de Vigo con iso xa teríamos unha parte substancial do problema do Aeroporto, que moitas empresas están optando agora mesmo polo transporte en estrada para ir a Madrid pero cando chegue, se chega algún día, un tren que poña Vigo-Madrid en menos de 4 horas, home é competencia directa co Aeroporto de Vigo, vostedes sábemos, onde está a ponte aérea Madrid-Barcelona, xa non existe porque todo o mundo utiliza o AVE, cando chega aquí esa alta velocidade seguiremos con esta matraca e seguiremos coa cuestión de que hai que subvencionar compañías? Que saiban vostedes que hai 240 millóns de euros xa deitados en tres compañías que operan dende Vigo a prezos desorbitados en moitas ocasións Air Europa, Vueling e Iberia, pero hai cartos públicos que no repercutiu no billete dos vigueses/as.

SR. GÓMEZ CASTRO: O primeiro, que Vigo sexa o peor aeroporto de España é culpa do Concello, ante a súa incompetencia como sempre, culpan á Xunta de Galicia, o Sr. Caballero é o único responsable da situación que está atravesando Peinador, cando o aeroporto crece montan unha rolda de prensa espectacular e cando cae están desaparecidos e culpan á Xunta de Galicia e mentindo, a culpa non é de Alvedro, nin de Lavacolla nin de Saa Carneiro, a culpa é única e exclusivamente do Sr. Caballero que non foi capaz de proporcionar rutas atractivas con liñas de baixo custe que é o que demandan os vigueses e dixo vostede apoio económico, o ano pasado había cartos consignados máis de 1 millóns de euros e non se gastou, gastáronse en festas que é como se acostuman a gastar o que non é del, do

Alcalde, datos de Aena o Aeroporto de Vigo cae un 10,4% en pasaxeiros con respecto a 2018, Vigo é o Aeroporto con a maior caída de España, ningún aeroporto de España sufriu esta caída mentres ao Aeroporto de Vigo ten o peor resultado dende 2004 os pasaxeiros dos demais aeroportos de España baten récords, de vergoña. O Aeroporto de Vigo no ano 2007, ano de chegada do Sr. Caballero á Alcaldía, movía 1.400.000 pasaxeiros, máis que en 2019, en España o tráfico de pasaxeiros creceu de 2007 en case 65 millóns de viaxeiros, dende 2007 o Aeroporto de Vigo perdeu un 28%, es España o tráfico de pasaxeiros dende 2007 creceu máis dun 30%, significativo. En 2007 o Aeroporto de Vigo era o 22 de España por pasaxeiros e agora no 2020 é o 26 de España, nos superaron As Palmas, A Coruña, Santander e Reus, son datos oficiais.

Conclusións, as estadísticas e os informes oficiais desmenten sempre ao Alcalde e se ten vostede algunha proba de que a Xunta subvenciona liñas aéreas, fale agora, que probas ten, ten algún documento que o acredite, demóstreo agora, aquí falan, menten e queda así a cousa. O Concello anunciou o concurso de Londres, Mallorca e Ibiza, na redacción da ruta de Londres estamos de acordo pero con sentido, ten que ser unha ruta anual con bos días de operación e bos horarios, Mallorca e Ibiza xa a operan gratuitamente maioristas, que xa as teñen á venda para este ano. Recupere os voos a Bolonia, Dublín, Edimburgo e Milán que os perderon pola súa nefasta xestión. En relación a Ryan Air, vostedes foron incapaces de reter en Vigo a Ryan Air, todo o bo que fixeron para atraela a Vigo o fixeron mal despois deixándoa marchar, se vostede se apunta ao mérito de traer a Ryan Air vostede tamén terá que apuntarse o fracaso de deixar que se vaia, lle instamos a que recupere Ryan Air, os vigueses queremos a Ryan Air ou é que Ryan Air non quere saber nada de vostedes e explique o por que, explíqueo pero sen votar a culpa a Xunta de Galicia e pregunto onde estaba o Sr. Feijóo no ano 2016 para impedir o acordo en Vigo cando se trouxo a Ryan Air? Os seus argumentos non se sosteñen, só menten, saber que o Partido Popular vai a estar sempre ao servizo da cidade de Vigo, se vostedes non son capaces de xestionar coas aeroliñas, lles axudamos, se vostedes non saben, aquí nos teñen, de verdade llo digo, de corazón, aquí nos teñen, lles axudamos por detrás se queren para que non haxa cámaras, axúdolle?

Di que a Xunta de Galicia quere pechar o Aeroporto e Vigo, deixen de mentir, se nota que hai eleccións, traia unha proba de que o Sr. Feijóo quere pechar o

Aeroporto de Vigo, unha proba, só unha, mente, saben que o autobús ao Aeroporto se utiliza pouco, o autobús é competencia municipal, xa hai unha liña, é municipal e teñen que reforzala cun bus directo, leva 12 anos dende que o Sr. Caballero é Alcalde de Vigo e non a mellorou, en Santiago de Compostela é transporte interurbano e en Vigo é urbano, lle repito, en Santiago de Compostela fai percorrido interurbano, é competencia da Xunta de Galicia, aquí é urbano é competencia do Concello, non sei se decatan ou o fan para confundir a xente, enganalos non o sei, pero se non se decatan por detrás vólvollo a explicar eu e xa logo resumindo fíxese, como un Plan Xeral de 27 anos, na cola da actividade cultural, na cola na política social, tres veces máis lento en tramitar unha licenza, sen crear un metro cadrado de solo industrial, sen crear nin unha soa vivenda pública, sen crear unha soa avenida, sin crear nin unha soa avenida, cunha potabilizadora obsoleta, e enriba votando ás aeroliñas de Vigo cun Aeroporto que máis viaxeiros perde de España, o seu indubidablemente é o circo, votaremos en contra.

SR. LÓPEZ FONT: Xa vexo que a linguaxe “Marnotes” comeza a facer furor entre os concelleiros do Partido Popular e que é un pouco a liña a seguir, a verdade é que mire, vostedes cando falan de defender á cidade de Vigo so o creen vostedes porque permanentemente nas propostas que traen aquí e nas votación que se manifesta nos Plenos, é xustamente o contrario e agora me ratifico moito máis nesta moción e nesta petición que hai que facer á Xunta de Galicia porque a verdade é que pola intervención do Partido Popular xa queda claro unha cousa, é que só o Alcalde de Vigo, ata vostedes o recoñecen, pode ser capaz de sacar ao Aeroporto de Vigo da situación na que está, é evidente que só pode ser así.

Miren, hai moito descoñecemento, apuntábame o meu compañeiro o Sr. Losada que o Aeroporto de Lisboa está xestionado por unha compañía francesa, polo tanto, hai unha realidade de mercado que este goberno municipal abordou, e nos ratificamos na forma de facer e na necesidade das axudas e non hai ningunha proba máis que os tráfico que se concentran no Aeroporto de Santiago de

Compostela para demostrar perfectamente que dende a Xunta de Galicia, non de agora, senón dende hai moitos anos se ven apoiando ao Aeroporto de Santiago de Compostela e o pedimos que investigue o Consello de Contas aquelas axudas opacas que se están a facer porque aquí é xustamente ao contrario, tódalas axudas e toda a política que se leva en relación co Aeroporto de Vigo é transparente e por convocatorias públicas, pero nós estamos traballando tanto nesa vía como na vía da colaboración coas compañías aéreas e por exemplo creo que é de coñecemento aínda que a veces vostedes proban un descoñecemento absoluto, o traballo que se está a facer aon Air Nostrum haberá voos a Alicante, As Palmas, Fuerteventura, e Lanzarote e datas próximas sen que teña ningún custe para este Concello polo tanto, a realidade é tal cal, a realidade é que o Sr. Feijóo e é a pregunta que eu alcei neste Pleno, o Sr. Feijóo nunca apoiou expresamente ao Aeroporto de Vigo, é un aeroporto que evidentemente é o que si que está ameazando por Saa Carneiro, efectivamente pero é o aeroporto que mellor responde ás novas rutas tanto na parte de necesidade industrial como na parte de ocio. Polo tanto, ratificamos o que é a nova voz dende hai moitos anos e solicitamos do goberno da Xunta de Galicia unha subvención, axuda de 2,5 millóns de euros.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2019 (Rex. Nº 2355/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(27).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DISPOÑER UNHA PARTIDA NOS ORZAMENTOS COA DENOMINACIÓN ESPECÍFICA DE “APOIO AO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DE VIGO, NAS SÚAS FESTAS DE NADAL, ENTROIDOS, RECONQUISTA E DE VERÁN”. REXISTRO PLENO 2356/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2020, número 2356/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Se o nadal do ano 2.018 constituíu un éxito total de promoción turística na cidade de Vigo, o ocorrido neste nadal de 2.019 superou todo o previsible.

A atracción polas luces e as distintas actividades realizadas supuxo a visita de tres millóns de persoas, cando no ano 2.018 foi de dous millóns, co consecuente retorno económico e reactivación para todos os sectores como así foi recoñecido por todo o tecido económico e social.

Vigo, definitivamente, está como referencia no mapa de España, converteuse no centro de atención de todos, proxectando a nosa imaxe como cidade pero tamén poñendo o foco de atención en Galicia.

Os datos de ocupación hostaleira, no período do 23 de Novembro ao 12 de Xaneiro que supón un total de 51 días, foi dunha ocupación media do 81,68%. Nas fins de semana, esa ocupación media, foi do 90,20%. Estas cifras supoñen un incremento do 10% con respecto a 2.018. Datos excepcionais e que non teñen precedente na nosa cidade, é imposible comparalas.

A presenza de 170.000 persoas o 23 de Novembro, no aceso das luces, de 700.000 no ponte da constitución, de 750.000 entre o 26 e 29 de Decembro e as 200.000 persoas que presenciaron a Cabalgata, constitúen un feito histórico que consolida a Vigo como marca turística propia e a referencia turística en España durante o período de nadal.

O pouco que comprende o Presidente da Xunta de Galicia sobre o que está a ocorrer nesta cidade, levoulle, de forma incomprensible, a ridiculizar as luces. A resposta, en forma de entusiasmo, das viguesas e os vigueses e dos centos de miles que nos visitaron foron a mellor contestación a ese desprezo permanente que mantén Nuñez Feijoo sobre esta cidade.

Co difícil que é conseguir algo así, o Goberno de Galicia debería de poñerse desde hai tempo á beira da cidade, sumarse ao proceso de desenvolvemento turístico de Vigo, xa consolidado, e ofrecer a colaboración na difusión e o correspondente apoio económico no desenvolvemento turístico que ten unha repercusión social e económica de primeira magnitude para Vigo pero tamén para toda Galicia.

Lonxe de recoñecer o que isto significa, o Goberno de Nuñez Feijoo ten un desprezo absoluto, nega o apoio económico merecido presumindo só de Xacobeo 2.021 ao que anuncia aos catro ventos que destinará 60 millóns de euros. Para Vigo, 0 euros, como sempre.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a dispoñer unha partida nos Orzamentos coa denominación específica de "Apoio ao desenvolvemento turístico de Vigo, nas súas festas de Nadal, Entroidos, Reconquista e de verán", por importe de 4 millóns de euros."

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A verdade é que pola desatención do goberno do Sr. Feijóo practica de forma sistemática con respecto a esta cidade, nos vemos na obriga tamén de propoñer esta moción, esta moción sobre un tema hoxe moi importante dende o punto de vista económico e social, como é o turismo en Vigo e o impacto que tivo. O impacto que tivo as luces de Nadal xa sei que hai a moitos que non lle gusta e cada vez que mencionamos isto a verdade é que se irritan, converteu a Vigo nun foco de atención o tema do número de pernoctacións que se deron, tanto no mes de decembro como no conxunto do ano 2019, os datos oficiais do INE son certamente concluíntes, ese fenómeno que se produciu no turismo, especialmente e como punta de lanza coas luces de Nadal, os sectores económicos da nosa

cidade e de toda a contorna, mostran a súa satisfacción e recoñecemento, a calquera que se lles pregunte de todo este entramado social e económico, a resposta sempre é a mesma, a satisfacción polo conseguido se di que xa era hora, se di que que ben o conseguido e que nunca se logran estas cifras. Esta cidade é unha potencia certamente en industria pero hoxe se lle engade o turismo como factor de crecemento económico, e o turismo veu, irrompeu nesta cidade pero veu para consolidarse e é absolutamente innegable e todos o vemos en nosos círculos que hoxe se fala de Vigo e que se quere visitar Vigo. Isto non foi produto dun acontecemento puntual senón que é certo que se ven traballando dende hai tempo e se ven programando, o Concello, o goberno municipal, o seu Alcalde fixo unha aposta económica moi clara que co paso do tempo deu os seus resultados, pero é evidente que esta imaxe que hoxe ten a cidade de Vigo no conxunto do Estado español que inclusive se proxecta fora, ese beneficio económico é bo para Vigo tamén para o conxunto da súa área metropolitana pero tamén o é para Galicia e así debe ser recoñecido, por iso é o goberno de Galicia, o goberno do Sr. Feijóo o que ten que prestar atención ao que pasou en Vigo e entendemos que esa atención debería de ser obrigada, debería de selo pero non se está correspondendo coa situación real, moi ao contrario a practica do Sr. Feijóo e do seu goberno é ningunear o que aquí está pasando, algo evidentemente no que están fracasando e aínda peor porque trataron de boicotear, inclusive de ridiculizar e ata de contraprogramar o cal evidentemente foi un fracaso total.

Certamente isto non é nada novo, nin nos sorprende nesta cidade porque a resposta do goberno de Galicia, do Sr. Feijóo, é nin máis nin menos que o Sr. Feijóo en estado puro, toda España falando de Vigo e o Sr. Feijóo do único que fala é do Xacobeo que xa chegará, que xa ten programados 60 millóns de euros para atender ao Xacobeo pero ignorando o fenómeno social e económico que se está a dar na cidade de Vigo, iso si 60 millóns para o Xacobeo pero xa digo ignorando Vigo e cero euros para esta situación que se está a dar na nosa cidade. Polo tanto, aquí nós entendemos que se debe atender a nosa demanda, entendemos que estamos nunha proxección moi clara do fenómeno de turismo, non haberá que

esperar ao próximo Nadal para que isto siga crescendo, senón que xa creceu co entroido co que aínda estamos, verá a festa da Reconquista, virá calquera ponte en que de toda España veñan á nosa cidade e chegará as festas do verán por un mes e os concertos que están programados, polo tanto, e volverán a chegar o Nadal, verdade Sr. Rivas, e efectivamente isto vai a multiplicar a presenza na nosa cidade e seguro que din que ao mellor é unha frase feita pero é certo que Vigo está de moda no estado español e que vai a traer visitantes. Polo tanto, neste conxunto que ao final é economía, é riqueza para Galicia entendemos que é obrigado que o goberno do Sr. Feijóo, da Xunta de Galicia preste atención e teña unha partida singular para este fenómeno que se está a dar na nosa cidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Se tanto lle preocupa ao grupo Socialista o Aeroporto de Peinador que veñen de rexeitar unha emenda onde se pedían unha serie de importantes compromisos precisamente para relanzalo e para dinamizalo. Entrando na cuestión desta moción, dende o Bloque Nacionalista Galego sumámonos á denuncia da falla de investimento cultural da Xunta de Galicia na principal cidade de Galicia e polo tanto concordamos en demandar tamén que o goberno galego destine recursos pois para dimensionar as festas da cidade. Concordamos dende a discrepancia, dende a radical discrepancia co seu modelo de festas, con ese modelo de entroido onde fan prevalecer a Chenoa ou a Soralla en lugar de poñer en valor a singularidade do entroido urbano vigués dentro do entroido tradicional galego, dese esperpento record guines no que teñen convertida as festas do Nadal onde se poden permitir o luxo de gastar máis en chocolatadas do que se ten destinado a campañas de prevención contra a violencia machista, discrepancia absoluta co breve financiamento que ano tras ano, aínda que se ten mellorado, se ten adicado a festa da Reconquista e dende logo discrepancia tamén co modelo de concertos de verán que están sempre permanentemente marcados polo exclusión deliberada da música galega e en galego. Concordamos en que ten que haber máis recursos mais tamén facemos un apelo directo en que ten que haber unha rectificación, un xiro radical no seu modelo de festas e sobre todo tamén ten que haber un xiro ao respecto deste modelo de concentración do punto de vista territorial e urbano das festas, fundamentalmente no centro da cidade, hai que atender ao conxunto do territorio

e dende logo tamén hai que elevar o conxunto das programacións aos barrios, ás parroquias, e dende logo prestar apoio a eventos que son menos grandilocuentes que se prestan menos a titular ou a grandes fotos pero que son enormemente importantes para a dinamización socio-cultural da nosa cidade. Trátase polo tanto de que as festas contribúan a facer política cultural e non apenas espectáculo.

SR. PÉREZ CORREA: Os números por moito que os poñamos nós en papeis cando se di que Vigo entraron 3 millóns de persoas durante os meses de Nadal e o conxunto de viaxeiros que recibiu Galicia ao longo do ano é de 4 millóns, cando menos permítanos discrepar dos números que se dan, salvo que teñen persoas co contador de man que teñen tamén un impulso brutal, e imposible que 3 millóns de persoas viñeran a Vigo en tres meses cando no conxunto de Galicia co Camiño de Santiago, con todo o litoral costeiro hai 4 millóns e pico de media cada ano, permítanos discrepar, pero que ademais temos poucos prazas hostaleiras, 4.000 e pico en concreto e cada vez que unha persoa entra nun hotel polo Ministerio do Interior se rexistra cun DNI, polo tanto, os datos de ocupación hostaleira, os das pernotacións en hoteis son datos absolutamente obxectivos, que vostede e eu podemos enzarzanos pero que xa están publicados, e Vigo recibe moita máis xente no mes agosto, moita máis xente no mes de agosto que no mes de decembro e polo tanto, mellora as políticas deste Concello tiñan que ser para que tódolos visitantes no mes de agosto non utilicen Vigo como base hostaleira para logo distribuírse polos concellos de costa da comarca, e iso significa planificación turística que por certo, vostedes non fan entre outras cousas porque non executan as partidas, me dirán que teñen outro criterio de planificar turisticamente pero cremos que a planificación turística é bo que se executen as partidas e que se poñan enriba da mesa.

Canto inviste no Nadal de Vigo a Xunta de Galicia? Pois me gustaría sabelo porque quero saber canto custou o tinglado que montaron abaixo, e creo que reiteradamente haberá que preguntar canto custou, como se licitou e que partidas se puxeron por parte tamén da Xunta de Galicia a medios de comunicación porque

voulle dicir unha cousa, dos case 800.000 euros que gastaron vostedes, non nas luces, non na cabalgata, senón en contratos menores dos case 800.000, case medio millón son a medios de comunicación, que logo falan do Nadal de Vigo porque se lles paga para que falen diso, como a Sra. Porro ten agora presenza nos medios de comunicación porque se paga para que teña presenza en medios de comunicación, ou non funciona isto así? E polo tanto, é cuestión simplemente de coller tódalas resolucións que veñen a Pleno hoxe, resolucións que asinan vostedes de concelleiros, desagregalas, e a min me parece que se temos un bo Nadal e os datos non son malos no mes de decembro, en xaneiro e en novembro nos supera Santiago de Compostela e A Coruña, pero en comparación co investimento público teríamos que ter bastante máis xente ocupando os hoteis, consumindo na cidade, non excursionistas que é outra cousa, que é outro modelo de turismo do que escapan tódalas cidades europeas, Santiago de Compostela que é ese turismo masivo de autobuses que ven e marcha no día, iso xa está superado, nós chegamos tarde a ese tipo de turismo de excursión que satura unha cidade e que non deixa resultados no comercio porque para iso están os datos de contratación pública e contratación laboral, e os datos de facturación e veremos na liquidación do IVE como lle foi ao comercio vigués.

Que a Xunta de Galicia ten que poñer 4 millóns? Ou 20 millóns de euros, ou 30 millóns de euros, se non hai limite, vostedes este ano case superan os 2 millóns de euros no gasto do Nadal, se é unha administración que soporta iso, vale, pero se é unha administración que ten que non executar outras partidas para poder pagar a festa, pois home é bo que cada un se pague a festa pero tamén é bo que cada un ten que comer, que ter unha vivenda habitable, que ter servizos sociais, que ter transporte integrado e que ten unha serie de demandas que ao mellor son prioritarias, está moi ben a festa por xa non falar dos 70.000 euros que custaron dous concertos dun entroido desanxelado, que por certo, estaban bastante baleiras as rúas de Vigo comparativamente co esforzo que vostedes fixeron para que o entroido de Vigo arraigara, e ao mellor non era boa idea ter o martes de entroido festivo, porque non foi precisamente un martes no que nas rúa de Vigo xustificaran o investimento que se fixo.

Nós cremos que hai que buscar outro mecanismo de financiamento de determinadas cousas e hai que velas tamén dende o punto de vista da creación de

emprego estable e emprego absolutamente non precario, na que creación de industria cultural ou novas industrias que vaian buscando tamén un mecanismo de poder arraigar emprego xuvenil e ás veces pois pagar concertos pouco retorno ten á política económica dunha cidade. Digan a próxima vez, puxeron 4 millóns porque lles deu por 4 millóns de euros pero poderían poñer 20 millóns, é dicir, como se cuantifica por exemplo a vergoña que da que os peregrinos non teñan nin sequera indicacións, albergue e non esteamos utilizando o potencial do Camiño de Santiago que vai a dar outro estirón a esta cidade.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Ben, a verdade é que a min tamén me gustaría constestualizar isto, porque nós estamos na oposición, nos asumimos totalmente o resultado electoral e polo tanto a min gustaríame preguntarlle ao goberno municipal canto gastan realmente nesa partida que vostedes din de Nadal, Entroido, Reconquista e verán, é dicir, cal é a cifra total que este goberno municipal destina a esas festas, porque tamén precedéndome na palabra dixo o señor voceiro de Marea que a verdade vostedes poñen unha cifra por poñer a cifra primeira que se lles ocorre pero nós tamén temos que falar de planificación e temos que falar que vostedes piden 4 millóns da Xunta de Galicia pero realmente non piden nada para gasto social, Vigo é a cidade con menor gasto social entre as grandes cidades de España, vostedes rían porque vostedes manteñan todos estes 20 concelleiros mantéñense na festa, está moi ben, nós non imos a criticar a festa, as luces, o entroido, a festa absoluta pero esta cidade é moito máis que festa e polo tanto, digo eu, canto é a cifra total que gasta este Concello, porque antes falábamos de execución orzamentaria e vostedes apostan todo a esta festas, canto gasta en total ao ano este goberno municipal en festas? Insisto, tódolos datos estadísticos, isto é un estudo que fixeron a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, tódolos datos desmenten sempre o que di o Alcalde o Sr. Caballero, temos xa tres análises estadísticos que desmenten absolutamente o que di o Sr. Caballero, despois teremos tempo de falar de cultura, agora imos falar de turismo, estamos a dicir como digo eu, cal é a cifra total de gasto? Nesas datas

que din vostedes porque despois aínda por enriba fan outras cousas e como dixemos antes contratos menores, por que as estadísticas, os datos oficiais sempre desmenten ao Sr. Caballero? Estará sempre no certo? Falan vostedes de boicotear, non serán vostedes que están intentando sempre desprezar o que fan os demais, porque falan de desprezo, eu creo que desprezo o fan vostedes, respecten e despois con esa cifra total díganlle a tódalas entidades sociais de Vigo, a tódalas ONGs, a tódalas persoas que traballan coa política social de Vigo, díganlle cal é o gasto total e despois expóñallo, iso sería importante porque nos como oposición facémoslle esa pregunta ao goberno municipal, despois podemos falar da Xunta de Galicia, claro que podemos falar pero agora estamos no Pleno municipal, onde está a proporción e o equilibrio dos impostos dos vigueses en proporción ao que se inviste na cidade. Insisto, as súas propostas en festas eu creo que benefician a unha parte desta cidade, está totalmente desequilibrada porque a zona periurbana e a zona rural non se beneficia tanto como se beneficia o centro, polo tanto, cremos que está totalmente desequilibrado e creo que aí deberían de ter vostedes un pouco máis de planificación e nós cremos que se falamos de execución de orzamento e gastamos case todo en festas e pedimos máis para festas, por que non pedimos máis para outras cousas? Vostedes cren que esta cidade precisa dos cartos da Xunta de Galicia porque está corta de festas, porque cree que necesita máis cartos da Xunta de Galicia para investir nas festas, non lles parece suficiente o que vostedes gastan en festas, pois moi ben, nós imos dicir o que fai a Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia na primeira quenda do Plan Xacobeo, ese que tanto vostedes rexeitan xa fixo unha serie de axudas para proxectos, asociacións, persoas que están implicadas e con talento vigués que poden desenvolver a súa actividade profesional centrada no turismo e centrada na cultura, 3,3 millóns de euros na primeira quenda, aínda queda outra quenda, iso é o apoio que fai a Xunta de Galicia para que se sosteña no tempo tódalas actividades turísticas que pode ter esta cidade, vostedes desprezan iso, vostedes nin sequera son capaces de conversar coa Xunta de Galicia para poder sinalizar o Camiño de Santiago ao seu paso por Vigo, a cidade máis importante de Galicia, mire, vimos camiñando dende Oporto, xa digo dende Oporto, non digo máis abaixo, e o único lugar ata Santiago de Compostela que non está sinalizado é Vigo, vostedes creen que iso é facilitarlle as cousas para que se desenvolva o turismo en Vigo, ben eu creo que os que

desprezan e boicotean son vostedes. Mire, hai unha incoherencia absoluta neste goberno, co que din vostedes e co que fan, entón ao final eu creo que as cifras son o que son, mire, se é verdade que o Xacobeo é unha oportunidade para tódolos vigueses e para tódolos galegos, unha auténtica oportunidade Sr. Font, vostede eu non sei se está repasando os papeis que lle deu volta as festas, un impacto, é impresionante, é o mellor que nos pasou, nós non imos criticalo pero vostedes tamén teñen que ser coherentes e teñen que pensar que o desenvolvemento turístico desta cidade non pasa só por iso porque iso é pan para hoxe e fame para mañá e teñen que telo vostedes moi claro e centran toda a súa xestión en festas, 20 concelleiros para aplaudir a un Alcalde que só quere festas, eu escoitaba o outro día dende o Casco Vello máis forte ao Sr. Caballero que ao propio Ketama, entón eu creo que a verdade teñen vostedes que saber o que é o disparate, e o disparate é o que lle está a pasando actualmente a este cidade e abran un pouco os ollos e teñan visión de futuro para a proxección turística.

SR. LÓPEZ FONT: Visión de futuro teñen vostedes Sra. Egerique, está claro. Miren sendo a envexa de toda España, de alcaldes de cidades, de aqueles que din que oxalá se producira ese fenómeno na súa cidade e aquí a leal oposición, en contra, poñendo problemas ás cifras e intentando descualificar, miren, se queren saber a cantidade que se destina a festas consulten o orzamento, as resolucións de Xunta de Goberno e alí verán, dicíano o Sr. Aneiros esta mañá, esta cidade inviste, gasta 177 euros por habitante en políticas de benestar social, esta é a mellor política social que ten ningún concello, polo tanto, nin en gasto social nin en atender ao rural que se atende con plan de parroquias e con obras en toda a cidade e en tódalas zonas, hai certamente un desequilibrio, e claro xa me matan vostedes dicindo, por que puxeron 4,5 millóns de euros? Pois porque é unha cantidade moi razoable para que este fenómeno que se está a producir na nosa cidade teña unha maior expansión porque eu pregunto por que puxo a Xunta de Galicia 60 millóns de euros para o Xacobeo que permanentemente reivindica o Sr. Feijóo, por que puxo 60? e por que non puxo 120 euros? Polo tanto, estamos ante unha situación

na que este fenómeno que se desenvolveu en Vigo, insisto, é a envexa de cidade equivalentes a nosa, para crear emprego hai crear situacións económicas e sociais como a que se están a crear con estas festas e con este fenómeno do turismo e a min o que me encantaría é que vostedes lle pregunten a tódolos sectores sociais e económicos desta cidade a ver que lles parece, porque é evidente que vostedes van absolutamente contra corrente e miren, nin dous nin tres millóns e non sei se algo máis, o que paseou por Príncipe e por esta cidade ao longo de 51 días en Nadal, especialmente na ponte da Constitución, pódese facer idea da magnitude do que iso significou e cando INE da uns resultados de que se incrementou nun 50% as pernoctacións e os viaxeiros esta é unha realidade e resulta que tódolos portais significativos e tódolos que crean opinión en tema de turismo destacaron como o fenómeno máis importante o que pasou en Vigo, o estudo hábitos e tendencias de turismo, a revista National Geographic, o Cluster de turismo de Galicia e ata o ministerio de Industria que lle deu un premio nacional de comercio interior a esta cidade, un fenómeno absolutamente imparabile que necesita da atención do goberno de Galicia.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2019 (Rex. Nº 2356/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE HABILITE UNHA PARTIDA ORZAMENTARIA EN APOIO A ORQUESTRAS SINFÓNICAS E ÁS BANDAS DE MUSICA DE VIGO. REXISTRO PLENO. 2357/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2020, número 2357/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde hai anos o goberno de Nuñez Feijoo vén discriminando á cidade de Vigo en política cultural no seu conxunto. Os millonarios investimentos na Cidade da Cultura e no seu mantemento, o apoio ao CGAC, o apoio á Orquestra Sinfónica de Galicia (2,6 millóns en 2019), Orquestra Filarmónica de Galicia (1,5 millóns en 2019) ou o clamoroso abandono do Museo Marco de Vigo constitúen unha longa lista de peticións que non foi atendidas e que supoñen unha discriminación para as viguesas e vigueses que non gozan das mesmas oportunidades que outras cidades de Galicia que si son beneficiadas polo goberno de Nuñez Feijoo.

Para paliar esta situación, o Goberno Municipal de Vigo vén apostando por unha política cultural moi ampla e que é custeada en exclusiva desde o Orzamento anual do Concello de Vigo.

Nese conxunto de aposta pola cultura en Vigo, que fai o Goberno Municipal, destaca de forma moi especial o apoio ás orquestras sinfónicas e bandas de música desta cidade.

É hora de que a Xunta de Galicia atenda as xustas reivindicacións do mundo da música da cidade de Vigo para superar a discriminación histórica.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que habilite unha partida orzamentaria por importe de 2 millóns de euros en apoio a Orquestras Sinfónicas de Vigo e ás Bandas de Música de Vigo.”

DEBATE:

SR. LOSADA ÁLVAREZ: A verdade que este goberno non rexeita nunca ningún debate e o digo en función da intervención da voceirana anterior iniciativa do grupo Popular, e quero comezar por aí, en que DOGA aparecen 3,5 millón de euros do Xacobeo para Vigo? Eu lle pediría que me dixera en que DOGA aparecen 3,5 millóns de euros para Vigo, aparecen para o conxunto de Galicia, me contan cal é e para que é porque eu creo que convén sabelo.

Dende logo este debate ten que ver por suposto, cunha fragrante discriminación en termos de políticas culturais da Xunta de Galicia con esta cidade e o digo todo o solememente que faga falla porque é obxectivo, creo que é bastante obxectivo. E efectivamente saíu unha enquisa dunha fundación, a Fundación Contemporánea sobre a posición de Vigo no conxunto de España e o voceiro do grupo Popular non tivo mellor ocorrencia que este titular, “el PP responsabiliza al Alcalde de que a oferta cultural viguesa esté pouco valorada en España”, ben, hai que ter unha mínima perspectiva, primeiro sen sen autocomplacente que nunca o son, no ano 18 Vigo non estaba, agora está xa avaliado, é verdade que no posto 23 do conxunto de España, por certo, hai outras cidades de Galicia que non aparecen, non aparece Pontevedra, non aparece Lugo, Ourense, Ferrol e non é un tema de tamaño porque aparece Huesca, Cuenca e aparecen cidades de entorno a 50.000, polo tanto, convén conceptualizar estas cuestións.

E mire, señores voceiros do Partido Popular, eu vou ler o artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía de Galicia que fala das competencias exclusivas da Xunta de Galicia porque vostedes as veces da a sensación que viven nuns mundos de “Yupi”, unha “Alicia no país das marabillas” pero o Estatuto de Autonomía de Galicia está aquí, 19. O Fomento da cultura e a investigación en Galicia, lles guste ou non, eu non sei

se a culpa é do Alcalde de Vigo, do Ministro de Cultura ou de San Pedro, pero o que di o Estatuto de Autonomía desta comunidade autónoma é que a competencia exclusiva en política cultural en Galicia é da Xunta de Galicia, eu creo que convén telo en conta para evitar ridículos bastante notables cando se abre a boca. E quero falar tamén eu si, vou a falar de estadísticas Sra. Egerique, vou falar de estadísticas oficiais do Ministerio de Cultura porque o informe sobre política social dos presidentes ou cargo de entidades sociais non é unha estadística, a ver se falamos con seriedade neste Pleno por unha vez, non é unha estadística, é unha apreciación cualitativa e subxectiva, as estadísticas son cuantitativas. Imos a ver, os datos estadísticos do Ministerio de Cultura e aquí si, din que en termos de cultura en Galicia a pesares de ter a competencia exclusiva, segundo o Estatuto a Xunta de Galicia adica o 0,12% do PIB, mentres que as administracións locais adican 0,30% do PIB o cal xa é un desleixo manifesta de funcións por parte da Xunta de Galicia. E dentro dos gastos de administracións locais e en cultura en Galicia, Vigo supón o 15% do gasto público municipal, do Concello de Vigo fronte ao 10% da poboación, polo tanto, este 30% en termos de Vigo aínda estaría sobrerrepresentado, se situaría aproximadamente nun 45% do PIB. Polo tanto, Sra. Egerique cando falemos de números e eu estou encantado de falar de números porque me gustan, pois convén a precisión e o que si é verdade é que a publicidade e a propagando do Sr. Feijóo é manifesta, e é verdade que en termos de política cultural e neste caso de música, hai dous parámetros fundamentais Sra. Egerique que seguro que o sabe, e é que a música clásica, a música popular e a música folk son tres items que é necesario potenciar simultaneamente porque só é posible digamos que facer que os públicos se consoliden e trasladar públicos dun ámbito a outro se se consolidan os tres, entón visión elitistas que as veces escoito nesta cidade, en xeral, neste caso non é só do Partido Popular, sobre que tipo de música se apoian, ou que actividades se apoian dende a cultura, todas, e por certo, o Ministerio de Cultura recolle as seguintes actividades, que é protección e xestión do patrimonio histórico, arquivos, bibliotecas públicas, equipamentos

culturais, festas populares e festexos, lles guste ou non forma parte do concepto estadístico homologado pola Unión Europea.

SR. PEREZ IGLESIAS: Que a política cultural da Xunta de Galicia está reducida apenas ao Xacobeo, niso eu creo que todos e todas agás o Partido Popular imos coincidir, que efectivamente é unha falla de investimento cultural na liña do xa apuntado na moción anterior, na principal cidade deste país é tamén clamoroso, máis en todo caso concordando e coincidindo coa petición dun maior apoio económico, singularmente ás bandas de música e tamén á orquestra sinfónica da cidade o certo é que esa petición non pode ocultar a política de desertización cultural que se leva aplicado nos últimos anos nesta cidade e que agora co novo concelleiro se pretende disfrazar ou ocultar con moita acción performativa pero con pouca programación. A lista de cadáveres culturais desta cidade con case unha veintena de programas culturais desaparecidos nos últimos doce anos, dende logo non é un bo punto de partida, por citar algúns deles Vigo Escena, ou Homo de Vigo, dende logo a situación de coma profundo que ten a rede museística da cidade en termos de programación, en termos de horarios de apertura e dende logo iso habería que velo, en termos tamén da asistencia aínda que comparativamente poida ser mellor que outros ou a existencia de bibliotecas na cidade sin ningún libro, vostedes son o primeiro goberno que abre bibliotecas sen libros, espazos diáfanos con moitas mesas e cadeiras mais ningún libro, a última biblioteca que se abriu foi impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, a biblioteca municipal Neira Vilas. Compre polo tanto que rectifiquen esta política de desertización, que o fagan urxentemente, que o fagan escoitando o tecido cultural que sinceramente non o están a atender e por último eu quero aproveitar para expresar o apoio do Bloque Nacionalista Galego aos traballadores da Seguridade da Rede Museística, hai aquí dous representantes sindicais dese colectivo, diante dos incumprimentos reiterados da empresa adxudicataria, incumprimentos que foron consentidos ata o momento de maneira cómplice por parte da Concellería de Cultura e que inclúen o impago dunha paga extra, que non se teña acometida a formación obrigatoria anual, que non se lles teñan renovado a uniformidade ou que haxa agora risco de non poder pagar salarios.

SR. PÉREZ CORREA: Eu quería circunscribirme ao que pon a moción, vostedes piden unha axuda de 2 millóns de euros para o apoio ás orquestras sinfónicas de Vigo e ás bandas de música de Vigo, se derivamos isto na política cultural do Concello pois imos a discrepar seguramente en moitas cuestións, ademais dunha política para nós nefasta, citáronse algúns festivais, recentemente Imaxina Son, é dicir, cuestións referencias da cultura viguesa que colocaron a Vigo nun horizonte, nin sequera imos a entrar na discusión en que posto ocupa Vigo no listado que elabora a Fundación Contemporánea, senón o que colocou a Vigo culturalmente nalgún momento ademais pois na élite da cultura deste país, e expresións culturais que teñen que ir axudadas polas administracións públicas e tamén expresións culturais que non precisan de subvencións públicas e que é unha parte da cultura alternativa que moitas veces se desenvolveu, estamos a falar dos anos 80 onde as subvencións culturais a eses sectores non existían e Vigo tivo unha efervescencia cultural que agora non ten, outra cuestión tamén podemos discutir é que moitas destas actuacións culturais está a través de contratos e convenios con empresas e entidades privadas, que moitas veces non cumpren, acaba de citarse agora mesmo o que pasa pois por exemplo cunha parte tamén que é a vixilancia dos museos é un incumprimento grave ademais do prego que obrigaría xa a rescisión do contrato porque non se pagan salarios e polo tanto, aí logo formularemos unha pregunta pero que executivamente debería de pasarse a outra empresa ou un novo prego. Pero a cuestión que nos importa, que política cultural pode facer a Xunta de Galicia, que pode apoiar eu sinto envexa de determinadas cidades deste país, vostede fala da orquestra sinfónica de Vigo, a orquestra sinfónica de Galicia foi creada polo concello de A Coruña, gobernaba o Partido Socialista, no seu orixe primeiro financiado polo Concello de A Coruña e logo achegado pola Deputación de A Coruña e pola Xunta de Galicia, teñen unha orquestra sinfónica que colle xa o nome de toda Galicia, pero que en orixe foi un acordo da varias administracións, que problema hai para chegar a ese acordo? Para establecer un criterio de financiamento, é certo que nós non temos orquestras profesionais pero se podería buscar o mecanismo, nunca entendín porque non se poden chegar a convenios de

colaboración para unha cuestión, xa sei que isto vai a sonar un pouco inxenuo, pero unha cuestión que non debería reverter ningún matiz político como é ter unha orquestra sinfónica profesional con sede na cidade de Vigo, xa non se pode chamar Orquestra Sinfónica de Galicia pero que se busque algunha outra nomenclatura que sexa cómoda para todo o mundo.

Coa cuestións das bandas de música, que problema hai por establecer o mesmo criterio? E ademais aí interactuando tamén no que sexa posible a Deputación de Pontevedra por que? Por este tipo de moción, porque utilizamos a cultura como elemento arroxadizo cando chegan procesos electorais porque non queremos colaborar entre administracións cando é unha cousa normal na maior parte das cidades deste país sobre todo para aspectos que teñen que ver con financiamento de contedores culturais para financiamento de elementos que forman parte da cultura musical que obviamente requiren o concurso das administracións ou por exemplo, por que nós podemos ter un consorcio como ten Santiago de Compostela? Que lle permite financiar tamén a orquestra a través do elemento do consorcio, en vez de explorar cuestións que coloquen a Vigo no século XXI pois estamos con estas leas. E non só é cuestión de financiamento, é tamén cuestión da fiscalización do financiamento que nos gastamos porque vostedes se gastaron case 3 millóns de euros, 2 millóns e pico nas festas de Vigo que poderían perfectamente acabar tamén desenvolvendo un sector cultural que tivera participación importante, que as festas de Vigo non foran só para pagar 12 ou 13 grandes grupos ou medianos e puideramos utilizar eses recursos para crear unha industrial cultural na cidade que dea emprego e que dea futuro tamén a determinados sectores, temos unhas partidas orzamentarias que poderían ter axudado durante estes anos a facer tamén promoción cultural da cidade, o medio millón de euros que durante anos adxudicaron a dedo a unha empresa do Auditorio Mar de Vigo repartido entre o sector cultural da cidade, teríamos feitos grandes cousas, hai moita xente desta cidade facendo grandes cousas fora porque aquí non ten moitas veces a cubillo.

Polo tanto, nós nos imos abster, non temos ningún problema en que se financie isto pero nos gustaría tamén que servira de aviso de que ou hai colaboración institucional ou estaremos nisto durante moitos anos sen desenvolver practicamente nada do que están a desenvolver outras cidades con total

normalidade e con partidos políticos nas administracións completamente diferentes.

SR. EGERIQUE MOSQUERA: Ben, Sr. Losada, eu rectifico co tema do informe de estadística, si é certo o que di vostede, a min os números non me gustan nada, pero si me gusta a cultura moito a verdade, ten vostede razón nese tema da música e eu creo que o que digo sempre, o que dicimos sempre neste Pleno que está moi mal proposta a política cultural desta cidade, moi mal proposta e nós non criticamos nin rexeitamos as luces de Nadal, estamos encantados de estar alí na Porta do Sol, pasar debaixo da árbore cincuenta veces e quen queira que suba a noria, eu porque teño vértigo e non subo, pero nós queremos unha política cultural de nivel para esta cidade, cunha política social e industrial e non poden vostedes arriscar todo e apostar todo só ás festas, porque nin sequera en urbanismo a boicotear todo o que ven doutras administracións, a poñer paus nas rodas ás persoas que veñen a traballar a Vigo e queren empregar o noso transporte, tamén porque veñen a traballar e a gastar tamén todo o ano, non só durante dous meses de Nadal, quero dicir, esta ten que ser unha cidade solidaria, aberta, vangardista, que sempre foi, está moi ben que encontraran a fórmula máxica das luces pero é que non nos podemos esquecer do demais, e hoxe viñemos polas rúas e parecía isto unha cidade pantasma, porque cando se apagan as luces isto queda completamente deserto, e os locais pechan porque a hostalería e os hoteis moi ben, arranxan, pero o resto? Os resto dos comercios. Buenos falemos de cultura porque me estou indo do tema, mire, a oferta cultural de Vigo se sitúa entre peores valoradas de España, informe da Fundación Contemporánea relega á cidade ao posto 33, é un informe Sr. Losada, por se me podo eu confundir. Observatorio da Cultura sitúa a Vigo no segundo posto pola cola en investimento cultural, na calidade cultural de Vigo á cola das cidades españolas, eu creo que isto é completamente cuantificable e ademais sabémolo, e o tema do Museo do Marco que vostede non estaba aquí e foi un tema que a sociedade civil de Vigo e a oposición conseguiu rescatar porque senón hoxe tampouco teríamos o Museo

Marco, porque sabíamos cal era a función dese museo e podería ser unha zona fantástica para entrar e saír durante o Nadal con luces de tódolos cores porque realmente esa é a aposta que fai este Alcalde, insisto, sen desprezar unha cousa vostedes non poden boicotear nin criticar o que hai noutras, miren, imos a ver o Plan Xacobeo poden discrepar todo o que queiran, é unha marca, é un nome, engloba unha oportunidade que temos en Galicia que é o Xacobeo no ano 2021 para que moitos proxectos culturais, para que políticas culturais de tódalas cidade de Galicia, incluído Vigo poidan aproveitar ese momento e poidan desenvolver a súa actividade cultural e non só que veñan tres peregrinos, non, é que hai moitas cousas que poderíamos aproveitar con esa marca. A min tamén me gustaría que Vigo tivera ademais das luces, unha política cultural que se merece e que moita xente ademais de Vigo allea á política está desenvolvendo e que vostedes non ven porque están cegados con tanta luz e non ven, e hai que apoiar o talento vigués, as bandas e as corais, claro que si, á música tradicional, a música moderna, nin elitismo nin nada, aquí cabemos todos e cabemos as zonas rurais e cabemos as zonas urbanas e polo tanto é o que vostedes teñen que abrir un pouco os ollos e intentar considerar este tema, nós imos a absternos nesta moción, non nos imos a opoñer porque a Xunta de Galicia apoia ás escolas de música, a Sinfónica, apoia tódalas corais, fai actividades con eles, quere darlles cobertura, saída, incluso queren que actuen fora de Vigo para que se lles coñeza fora de Vigo, vostedes poñen unha fronteira e animan a vir á xente no Nadal pero expulsan á xente durante o resto do ano poñéndolle taxas no transporte, dificultades para todo, facendo vigueses/as de primeira e de segunda, e que iso non é unha política cremos municipal de nivel.

Polo tanto, eu o que quero apelar aquí Sr. Losada que vostede ademais leva pouco tempo neste cargo e faga vostede un proxecto na política cultural de Vigo como se merece. Gústalle os números, quizais as matemáticas e a música teñen moito que ver, entón vostede podería quizais destacar e salientar un pouco a rede museística e darlle vida, volver a recuperar festivais de artes escénicas que están completamente agochados e afogados nesta cidade, e que xa non existen, non se lle quere dar cabida, a Porta do Sol é un escenario magnífico pero hai moitos máis e a cidade é moito máis ampla. Nós imos absternos nesta moción pero eu digo dende a lealdade institucional a este goberno municipal apelo a que a política

cultural de Vigo non pode quedar no peor posto de España, non pode ser porque xa A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, todos nos van a comer as papas, isto é culpa dunha administración local que non ten visión ambiciosa en política cultural cando Vigo sempre foi unha cidade vangardista que destacou por ese tema, por iso nós dende a oposición non imos cejar nese empeño e a Xunta de Galicia vai a colaborar sempre como vai facer que o CEGAP que xa faláron vos outros noutra moción no anterior Pleno e como vai facer cos novos locais no Casco Vello para que a cultura esta visible entre a xente.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: Sr. Pérez, gústame oír falar de acción performativa porque me parece que isto do pensamento post moderno é moi acido, especialmente ao nacionalismo, venlle moi ben. Imos a ver acción performativa a definen basicamente non só o discurso senón tamén os números e os números voulos a contar, nos museos de Vigo reciben o 66% dos visitantes totais dos museos autonómicos de Galicia tendo un orzamento de aproximadamente un 20% dos museos da Xunta de Galicia, polo tanto performativamente eu creo que non estamos moi mal e en relación co que é o Auditorio Municipal e o propio programa de Vigo Cultura o número de público continúa incrementándose sostidamente e ten ao mellor ratio en relación de investimento público número de espectadores, polo tanto, tampouco aí imos demasiado mal, e claro que podemos ir mellor en todo, pero eu creo que non imos demasiado mal, insisto.

Sr. Pérez Correa, a orquestra Sinfónica de Galicia non se iniciou financiada exclusivamente polo Concello de A Coruña, non, se iniciou cun convenio entre a Xunta de Galicia, a Deputación de A Coruña e o Concello de A Coruña, porque ningún concello de Galicia ten a capacidade financeira e orzamentaria para poñer en marcha unha orquestra dese nivel e dese tipo. Polo tanto, en fin, situemos as cousas na xusta medida eu creo.

Sra. Egerique gustoume moito o de mal proposta a política cultural deste Concello, estaba mellor proposta cando, é verdade que con alcaldes de tódolos cores, o Concello lle trasladaba fondos públicos ás fundacións da Caixas de Aforro e eles

facían a política cultural de Vigo, estaba mellor? Non, para nós dende logo non, e insisto, o fixeron alcaldes e corporacións de tódolos cores, pero de todos. Polo tanto, a min ese modelo non me gusta eu lembro cando os fondos públicos insisto, ían a fundación social da Caixa Galicia e a fundación de Caixa Nova para facer cultura en Vigo, por certo que naquel momento nin a dereita nin o progresismo máis radical dicía nada, e creo que a participación cidadá, eu non lle estou votando a culpa a ninguén, estoulle respondendo a vostede, creo que a participación cidadá na programación cultural da fundación Caixa Galicia e Caixa Nova era cero, onde quedou, pero a historia importa Sra. Egerique para todos/as, incluso para os de Vox.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2019 (Rex. Nº 2357/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á CONSTRUCCIÓN DUN NOVO IES EN NAVIA NOS TERMOS, ESPECIFICACIÓNS E COMPROMISOS QUE FIGURAN NO BORRADOR DO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN. REXISTRO PLENO 2358/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2020, número 2358/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Diaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Despois de mais de 25 anos coa mesma distribución educativa, e de numerosas demandas de toda a comunidade educativa da cidade e da FOANPAS, a Xunta de Galicia segue sen facer nada para para acadar unha nova zonificación escolar. Unha zonificación para a que debería facerse un estudio serio, rigoroso e participativo, algo demandado en múltiples ocasións polo Consello Escolar municipal.

A delimitación das zonas escolares é de vital importancia para os centros públicos da cidade.

A distribución zonal debe ser equilibrada, co obxectivo de satisfacer as necesidades de tódalas familias.

A hora de asignar alumnos ós centros de ensinanza debería priorizarse a proximidade, ter en conta onde viven e a súa cercanía aos institutos a hora de asignalos.

O barrio de Navia é un exemplo de esa falta de criterio por parte da Xunta de Galicia. Os estudantes da ESO e Bacharelato están adscritos a centros que están a máis de 10 km, o que pon de manifesto a necesidade de dotar a Navia dun novo instituto, que atenda así a crecente demanda dos cidadáns desta zona.

Navia é un barrio que xa ten mais poboación que moitas vilas da nosa comunidade e que contan, en moitos casos, con mais dun IES.

A resposta da Xunta de Galicia, a esta demanda do goberno municipal, da comunidade educativa, de FOANPAS e dos veciños de Navia foi anunciar a

construción dun novo IES nos edificios dos xulgados da rúa Lalín. Unha zona que nun radio de 2 km conta con 6 IES.

Esta é unha proposta sorprendente e disparatada que pon de manifesto a absoluta improvisación da Xunta de Galicia e deixa en evidencia o seu compromiso cunha nova zonificación.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia á construción dun novo IES en Navia nos termos, especificacións e compromisos que figuran no borrador de "Protocolo Xeral de actuación entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e ou Concello de Vigo para a construción dun instituto de Ensino Secundario en Navia", remitido polo Alcalde ao Presidente da Xunta de Galicia e que se atopa pendente da súa aceptación e firma."

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: É unha obviedade que Navia ven de converterse nun dos barrios máis dinámicos non só da cidade de Vigo senón de toda Galicia, Navia ten máis de 10.000 habitantes e é o barrio que ten a poboación máis nova, o que ten a maior porcentaxe de nenos/as entre 0-18 anos, pero non só da cidade de Vigo senón de toda Galicia, polo tanto é obvio que a necesidade educativa dos nenos/as de Navia ten que ser cuberto xa a día de hoxe, mais aínda cando as previsións son de ampliar o polígono de Navia para xerar unhas 1.600 vivendas novas o cal Navia vai a converterse nun dos barrios que terá aproximadamente 16.000 habitantes e polo tanto con moitas necesidades tamén educativas.

Tanto é así que esta situación a día de hoxe xa supón un problema para os pais e nais de Navia que aquí neste Pleno pois hai aproximadamente un ano, os representantes da asociación de nais e pais da alumnos de Navia estiveron precisamente reclamando dúas cousas, por unha banda unha modificación na zonificación da Xunta de Galicia para a adscrición de nenos aos centros de educación secundaria e bacharelato cun criterio de proximidade e por outro lado a esixencia da construción dun instituto en Navia. Este Pleno entendo que recollía en xeral, no sentir xeral, que o que propoñían os pais e nais de Navia era unha reclamación xusta e que polo tanto habería que cambiar ese criterio de

zonificación de xeito inmediato e que ademais habería que construír un novo instituto en Navia porque a día de hoxe como ben saben os rapaces veñen percorrendo ao redor de 7 quilómetros para poder trasladarse ao instituto de Valadares onde hoxe cursan secundaria e bacharelato, os rapaces de Navia.

Como dicía o Concello de Vigo dado que esa situación xa existe a día de hoxe e que se vaia intensificar coa amplificación de Navia, dende o primeiro momento, xa no período de alegacións do Plan Parcial de Navia, puxo por escrito ante a Xunta de Galicia a necesidade de que o espazo dotacional que se prevé en Navia, sexa adicado a un novo instituto e que ademais ese instituto teña unha construción rápida que polo tanto, sexa a primeira edificación rematada da ampliación de Navia. Tanto é así que lle envíamos un protocolo á Xunta de Galicia para materializar ese compromiso da Xunta de Galicia, a nosa sorpresa foi a resposta da Xunta de Galicia porque respondeu cunha ocorrencia dicindo que o edificio actual dos Xulgados, un deles porque o outro xa foi asignado a centro de saúde, ou non sei que, un deles que podería asignarse ao instituto de ensino secundario de bacharelato, non sei eu isto de provisionalidade, non sei moi ben o significa, pero para que todos nos entendamos, a parcela na que está situado ese edificio dos xulgados ten 3.785 metros cadrados, o cal supón que a construción dun instituto nela é materialmente imposible non o digo eu, dio a propia Xunta de Galicia porque na carta enviada ao Concello de Vigo o 3 de maio do ano 2019, dende a consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o secretario xeral técnico o Sr. Jesús Oitavén Barcala afirma, "aos efectos de programar a futura construción dun novo IES en San Paio de Navia, compre que se realice por parte dese Concello a posta a disposición dos terreos necesarios coa condición de solares aptos para o uso da edificación docente cunha superficie mínima de 10.350 metros cadrados, polo tanto, case tres veces máis que o que ten a parcela dos xulgados, o Concello de Vigo neste protocolo ofrece unha parcela, a parcela de uso dotacional que ten 12.576 metros cadrados, polo tanto, cumprindo amplamente os requisitos que esixe a Xunta de Galicia. O que compre preguntarse é o que pasou nestes 9 meses? Por que hai 9 meses a Xunta de Galicia dicía que podería

construír un instituto en Navia e agora non asina o protocolo, unha vez asinado ese protocolo por parte da Xunta de Galicia se ten vontade de dicirlle si a Vigo, e si aos nenos de Navia, este Concello de xeito inmediato convocará unha Xunta de Goberno extraordinaria, un Consello extraordinario e un Pleno extraordinario para aprobar o Plan de Navia, polo tanto, o noso compromiso é claro, pero non nos fiamos do Sr. Feijóo e da Xunta de Galicia, non nos fíamos e como xa levamos máis de 12 anos esperando pola aprobación da ampliación de Navia dende o ano 2008 non tiveron tempo en 12 anos de facelo ata o de agora, pois dicimos que vale a pena acadar ao menos un compromiso formal de que ese instituto vaise a construír en Navia e vaise a construír de xeito inmediato.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A posición do Bloque Nacionalista Galego é inequívoca a respecto de esixir o instituto de Navia, non en tanto a moción que trae o grupo socialista incorre nunha trampa e é que versa, xira ao redor dun protocolo que nós dicimos que non ten ningún valor, pero non o dicimos nós, dio a estipulación sétima do propio protocolo que recolle expresamente, “o presente protocolo xeral ten natureza administrativa, constitúe para ambas partes declaracións de intencións, sen contido obrigatorio efectivo e esixible polo tanto, non vai abxurar desa desconfianza que compartimos ao respecto da intencionalidade do goberno galego. Polo tanto, ese protocolo que se trae aquí como pedra de toque é apenas imprimir en papel o equivalente a un apertón de mans con ese mesmo valor de garantía. Para o Bloque Nacionalista Galego é unha cuestión importante e é que Navia ten que ter si ou si, e hoxe recollendo a intervención da propia concelleira a Sra. Caride, un novo instituto e por iso dicimos que nós non estamos de acordo con que se condicione ese novo instituto ao desenvolvemento do Plan Parcial de Navia, Plan Parcial que a todo isto recibiu e motivou máis de 2.000 alegacións veciñais aínda sen contestar, e por iso que dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos unha emenda que o que persigue é concretar esa esixencia dun compromiso claro por parte da Xunta de Galicia para que se dispoña dos proxectos necesarios durante este ano 2020 e para que ese novo instituto de Navia estea aberto no curso 2021-2022. nós non podemos compartir cunha necesidade que é urxente, mesmo tal e como se ten expresado agora por parte do grupo municipal Socialista este condicionado ao desenvolvemento do Plan Parcial, se temos o solo, se temos

detectada a necesidade, se a veciñanza de Navia nos leva moitos anos a dicir que non pode agardar máis, non poñamos máis atrancos, non engadamos máis procedementos, fagámolo xa e dende logo neste sentido vai a emenda do Bloque Nacionalista Galego para esixir que Navia dispoña do instituto que necesita e que merece.

SR. PÉREZ CORREA: A cuestión sobre o Plan Parcial de Navia e a do desenvolvemento da últimas fases das, en teoría, poderíamos ter sospeitas se había vontade ou non de construír un instituto no inicio de todo o desenvolvemento do Plan Parcial dende que era en orixe un PAU, cando só queda nalgúñas fases e hai que definir nas dotacións que se reservan neste plan que tipo de dotacións, foi este grupo municipal o que formulou reiteradas veces no Consello da Xerencia e aquí no Pleno, que ou se dicían que tipo de dotacións e onde ou que non nos fiabamos porque é certo que se reservan dotacións pero non se establece cales son educativas, cales son culturais ou cales son doutro tipo, porque logo coa aprobación, con todo lanzado é certo que se poden modificar o uso, e de feito o fixemos en Navia, había unha dotación deportiva que cambiamos a dotación escolar para poder ampliar un colexio que había no barrio, pero fomos nós os que sempre puxemos todo tipo de dúbidas e isto avanzou e se tramitou por parte do Concello e da Xunta de Galicia sen que isto quedara claro, se nos dicía que iso se definía despois, agora é o momento de definilo e cremos que estamos de acordo en que hai que definilo, foi a Marea de Vigo a que trasladou ao Parlamento de Galicia unha emenda aos orzamentos deste ano pedindo exactamente 100.000 euros para a redacción do proxecto de Navia que o Partido Popular votou en contra, como tódalas emendas parciais que presentou a oposición, e que ademais os edificios xudiciais de novo non, por favor, que salvo after e tanatorios se lle dou millóns de usos e millóns de propostas, que si un instituto, que si un colexio, que si para a Xunta de Galicia, que si para a universidade, eu escoitei de todo que ninguén se lle de ningunha ocorrencia máis porque a medida que pasan os meses vanse quedar sen opcións e cando non hai

opcións moitas veces as mentes calenturientas se lles ocorre verdadeiros delirios e claro, claro que non entra un instituto, pero como tamén sabíamos que na Panificadora non entraba a Biblioteca Pública do estado e seguimos erre que erre con que tiña que entrar na Panificadora, aquí se propoñen cousas pero non se mira se existe algunha capacidade de reutilización dun edificio, ou incluso a min creo que os edificios actuais do xulgado pois si que entraría unha Biblioteca Pública do Estado, si que podería ser adaptable pero esperaremos a que sexan os técnicos do Ministerio de Cultura se é tecnicamente máis viable facer un edificio novo, nós preguntamos no Congreso se nos respondeu que estaban á espera de clarificar que das dúas opcións que van a facer.

Temos un problema serio que se chama zonificación escolar, estamos de acordo e as adscricións dos rapaces cando rematan nos CEIP para os IES e ademais temos un problema dunha Xunta da Consellería que aquí funciona de maneira dictatorial, “Manu Militari” decide colgar na páxina web da Instituto de Valadares que os nenos quedaban adscritos ao Instituto de Valadares e agora reúne despois das queixas nomeadamente de FOAMPAS pero de partidos políticos e sindicatos que fixemos alegacións, agora recibe ou chama a FOAMPAS e lle di que lle poña unha proposta enriba da mesa á administración, home, a administración terá que poñer enriba da mesa primeiro, como imos conxugar o transporte público, como imos a conxugar as opcións de mobilidade, e non pedirlle precisamente aos que lle pediron que houbera diálogo e que puxeran enriba da mesa unha proposta, que é unha proposta que ao final era delimitar nun mapa de Google as zonas escolares, pois agora dicirlle que sexamos nós colectivamente os que lles salvemos á consellería neste caso os papeis.

Non é unha cuestión menor porque o barrio de Navia, o barrio coa pirámide poboacional máis invertida que temos posiblemente no estado español e dentro duns anos teremos un problema e non é só que necesitemos un novo instituto, que si, senón que os que rodean ao barrio como é o caso do Álvaro Cunqueiro que a ANPA acaba de denunciar ten un estado lamentable para poder tamén absorber alumnado e é certo que se puxo enriba da mesa nalgunha ocasión a opción dos barracóns porque os que coñecemos a docentes destes centros se lles puxo enriba da mesa como opción facer barracóns como se fixeran no seu día na Comunidade Valenciana. Estamos completamente a favor, seguimos pensando que o protocolo

non solventa nada, isto ten que poñerse no orzamento da Xunta de Galicia e estamos aí de acordo co Bloque Nacionalista Galego en que, home, non é só o orzamentos senón que o proxecto se execute, no orzamento da Xunta de Galicia estivo e deixou de estar o centro de saúde de Bouzas pois creo que ata 10 veces, polo tanto, aquí estamos a ter unha cuestión que hai que resolver xa porque non poderemos resolver no futuro e ademais estamos a crear un problema de mobilidade dos rapaces de Navia que teñen que ir a Valadares.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nesta moción falamos, ademais defendeuna a concelleira de Urbanismo, de temas de urbanismo e de educación, a verdade é que aquí pois colisionan dous temas porque o Alcalde quixo facer nun protocolo, unha especie de chantaxe ao condicionamento para aprobar o Plan Parcial de Navia, a nós gustaríanos ter aprobado neste Pleno o Plan Parcial de Navia, queremos que se aprobe ou que se asine ese protocolo pero a verdade é que o ideal tería sido pois aprobar neste Pleno o propio Plan Parcial.

Nese protocolo, el comenta e di que aprobaría ese Plan co instituto que vai quedar marabilloso e precioso como quedaron tamén as últimas vivendas que se fixeron de Protección oficial que fixo a Xunta de Galicia, e vai quedar estupendo pero tamén di outra cousa, que é o soterramento da VG-20 que leva máis tempo e iso dificulta moito o acceso e a saída peonil do propio barrio de Navia, nós temos de onte mesmo a resposta xa do Ministerio, os deputados do grupo Popular no Congreso dos Deputados preguntan “contempla el gobierno actuaciones para el soterramiento de la VG-20 a su paso por Navia en el término municipal de Vigo, el gobierno a través del Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana no contempla entre sus previsiones actuales soterrar la rasante de la VG-20 a su paso por Navia”, polo tanto, unha das condicións dese protocolo xa non se cumpre por parte do Ministerio, vostedes poñen o carro diante dos bois porque ademais saben que a Xunta de Galicia ten un compromiso de facer un instituto en Navia polas necesidades que hai educativas pero si é verdade que hai unha urxencia inmediata polo tema da masificación nesa zona da cidade e da zonificación, un tema que

tratamos xa en varias ocasións aquí, di o Sr. Pérez Correa “que fagan unha proposta”, mire, a Xunta de Galicia fixo unha proposta inmediata e vostedes din, non é que iso tivo varias ocorrencias e varios usos, miren aquí hai diferenza en como traballa unha administración e como traballa outra e quen fai os anuncios e quen non fai os anuncios porque a Cidade da Xustiza está sendo unha realidade de aproveitamento dun edificio e cando queden baleiros eses edificios da rúa Lalín tamén hai que darlle uso, o que si é verdade haberá un centro asistencial e un instituto que o que vai facer é liberar o Santa Irene e o Santo Tomé e que vai facer que tamén o Alexandre Bóveda e o Álvaro Cunqueiro que son os nenos de Coia poidan acceder a ese instituto e os de Navia poidan de maneira inmediata, antes de que se constrúa, porque a construción ten un tempo e ademais esperamos polos tempos que o Sr. Caballero quizais o terreo non o teñamos ata dentro de 3 ou 4 anos, polo tanto, isto é unha situación e unha solución inmediata consensuada coas ANPAS, coa comunidade escolar, coa propia Xunta de Galicia e coas persoas implicadas, menos cunha persoa que sempre ten que estar dando pataletas dende os escenarios que é o Sr. Caballero. Nós imos adiante con este proxecto e imos adiante tamén co instituto de Navia pero non queremos chantaxes porque ten que poñer o Sr. Caballero un protocolo e poñer unhas condicións que xa o seu Ministro Ábalos lle está a dicir que non vai a cumprir un dos puntos, non vai soterrar a VG-20, polo tanto, está aquí a resposta, despois pásolla, é un documento oficial do Congreso dos Deputados, entón creo que nós neste caso como grupo municipal do Partido Popular estivemos sempre implicados e intentando darlle solución a ese problema que ten Vigo coa zonificación, coa nova realidade demográfica imos seguir nese tema e co apoio e colaboración doutras administracións e por suposto que como a competencia da Xunta de Galicia, esta pon enriba da mesa unha solución inmediata ademais de comprometerse no futuro a facer un instituto en Navia.

Polo tanto, nós o que temos que dicir aquí neste caso é que os únicos que están inventando, enredando, que queren inventarse que non vale para nada, que non se pode facer un instituto, si que se pode facer e vai ser un realidade, máis que a vostedes lles moleste, vaise facer o instituto na rúa Lalín, vaise facer un centro de asistencial, podería facerse tamén a Biblioteca porque nós vimos maquetas de edificios extraordinarios con moitas cúpulas pero de momento non sabemos nada,

e xa hai dous anos que o Sr. Caballero sacou da manga esa maqueta. Polo tanto, nós insistimos en que a chantaxe non vale para nada, nós o que queremos dicir aquí ademais é que o Plan Parcial de Navia é fundamental e que non poden vostedes poñer agora trabas ou insistir en que a persoa que está intentando que non se leve adiante é a Xunta de Galicia porque é a propia Xunta de Galicia a que vai a desenvolver. Así que a nós o que nos gustaría que neste Pleno, ademais antes das eleccións, poidamos votar todos a aprobación dese Plan e ademais desta moción que non imos rexeitar para nada, pero ese protocolo parécenos totalmente papel mollado o Sr. Caballero asinou tamén o convenio de transporte metropolitano e non cumpriu nada, non nos da ningunha garantía a súa sinatura, polo tanto, nos absteremos nesta moción porque nos apoiamos que haxa un instituto en Navia pero queremos unha solución inmediata para os alumnos e para as persoas implicadas no tema da zonificación, e non só dende o punto de vista urbanístico, claro que si, hai que sumar para facer cidade, hai que sumar, non hai que restar e nós estamos sempre polo tema de sumar.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Perdoade porque eu creo que aínda non me recuperei, ou sexa, os rapaces que estudan no instituto Santa Irene, van a ter tamén clase nestas instalación da Cidade da Xustiza? Do Xulgado? Ou sexa cando o debate é se temos que pechar os centros educativos porque os alumnos de ensinanza secundaria non deben saír deses centros porque claro teñen 12 anos, agora a Xunta de Galicia propón que imos a levar de paseo aos rapaces de 12 anos para ter unha clase nun edificio que está a 400 metros, sinceramente eu aínda non entendín cal é a súa proposta, o que si entendo é que hai unha parcela de 3.700 metros cadrados na que vostedes queren montar un instituto, poñemos por exemplo a parcela do Santo Tomé de Freixeiro, unha parcela de 8.000 metros cadrados que ten instalacións deportivas, por certo, poderían ser mellores, é do ano 1970, é dicir, o modelo do Partido Popular para a ensinanza en Vigo é case diría prefranquista porque incluso as instalacións franquistas, agora que volven tanto para atrás, parécenlle demasiado boas, propoñen que os rapaces de Vigo, de

ensino secundario e bacharelato vivan nun centro de concentración? Porque dende logo non é ese o modelo do Partido Socialista eu estou bastante sorprendida, mire, eu confío, o voceiro do Bloque Nacionalista Galego entendo que queira facer outras propostas, pero a ver, non peque vostede de inxenuidade, cree vostede que a Xunta de Galicia lle vai a facer máis caso a un acordo plenario poñéndolle poña un prazo e un orzamento que a un protocolo asinado, eu creo que dende logo, ten maior viso de verosimilitude un protocolo aínda que xa sabemos que hai que desconfiar do Sr. Feijóo, xa o sabemos, o propio Partido Popular acábanos de lembrar, hai que desconfiar do Sr. Feijóo. Este protocolo non fai ningunha referencia á VG-20, eu creo que vostede leu mal, o protocolo que levamos ao Consello da Xerencia de Urbanismo a semana pasada, que lle invito a lero, só lle fala da construción do instituto en Navia, e se a Xunta de Galicia teno tan claro que a volta do correo asine o protocolo e non se preocupe vostede que esas outras intervencións supoño que vostede non quererá que esas outras actuacións condicionen a aprobación do Plan de Navia, verdade? Que era a alegación do Concello de Vigo. Polo tanto, entendendo que, deixen de enredar, a verdade que eu xa non entendo cal o seu obxectivo, Navia precisa un instituto? Si, o precisa xa? Si, non pode esperar, polo tanto, como xa non pode esperar, simplemente para facer un pequeno balance, cubrición de patios de colexio o Partido Popular, non, voos para o Aeroporto de Vigo, o Partido Popular non, desenvolvemento turístico en Vigo, o Partido Popular non, apoio á música, o Partido Popular abstense, non ten nada que dicir e agora supoño que no IES de Navia tamén votará que non, soamente esperamos aos cidadáns de Vigo que cambie o Sr. Feijóo, que marche da Xunta de Galicia é a única posibilidade que temos.

PRESIDENCIA: Debe de haber unha moción que presentou vostede e non figura na orde do día, Sr. Marnotes porque debe de haber unha moción, non figura na orde do día nada do Plan Xeral. Como non figura imos a continuar a votar a moción. Hai unha emenda da concelleira, non se acepta. Imos pasar a ditaminar a moción tal e como aparece.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.02.2019 (Rex. Nº 2358/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Diaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

11(30).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. EXPTE. 767/1102 (REXISTRO PLENO 2349/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 767/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

12(31).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 768/1101 (REXISTRO PLENO 2350/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 768/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

13(32).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO INSTANDO AO CONCELLO A TOMAR MEDIDAS DE MELLORA DAS GARANTÍAS DEMOCRÁTICAS E DA PARTICIPACIÓN A TRAVÉS DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL FINANCIADOS CON RECURSOS MUNICIPAIS. REXISTRO PLENO 2351/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2020, número 2351/1101, a concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes, formula a seguinte,

MOCIÓN INSTANDO AO PLENO DO CONCELLO DE VIGO A TOMAR MEDIDAS DE MELLORA DAS GARANTÍAS DEMOCRÁTICAS E DA PARTICIPACIÓN A TRAVÉS DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL FINANCIADOS CON RECURSOS MUNICIPAIS.

O benestar e o desenvolvemento dos pobos están interrelacionados, os esforzos no ámbito local teñen repercusión a escala global e viceversa e, por este motivo, os gobernos locais teñen unha obriga ética ineludible de contribuír á construción dun mundo máis xusto e responder de forma conxunta ás causas e consecuencias globais e domésticas da pobreza, as desigualdades e a insostibilidade ambiental.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (aprobada por Nacións Unidas) define un novo e ambicioso marco de compromisos para erradicar a pobreza, reducir as desigualdades e promover un desenvolvemento sustentable en todo o mundo e compromete a todos os países e gobernos rexionais e locais.

A cooperación ao desenvolvemento é unha política pública fundamental para loitar contra a pobreza e as desigualdades que traballa en prol dos dereitos humanos e a dignidade das persoas a través da promoción dun desenvolvemento humano sostible que esixe o esforzo coordinado de todos os niveis de goberno.

A cidade de Vigo, a máis grande de Galicia e a 14ª de España, é unha das cidades que menos destina a Axuda Oficial ao Desenvolvemento, por debaixo doutras con menos posibilidades económicas.

Según o estado de liquidación dos orzamentos de exercicios pasados, no ano 2017, o Concello destinou, según indica na súa partida presupuestaria 2310 48000, 50.000 € en, unicamente, dous proxectos á axuda humanitaria. No 2018, a cantidade ascendeu ata os 120.000€ para catro proxectos e, no pasado 2019, de novo 120.000€ con financiamento a seis proxectos. Todo eles sen unha convocatoria pública que garanta os criterios de libre concorrncia, transparencia e calidade.

Cara o 2020, os datos orzamentarios volven non ser optimistas. Segundo estes datos, a contía vese reducida, a 80.000€, e de novo con, unicamente, só seis proxectos financiados. É evidente, a política municipal en Cooperación Internacional e Solidariedade en Vigo non pasa polos seus mellores tempos.

Queremos unha cidade de Vigo que xogue un papel fundamental na promoción do desenvolvemento humano sustentable facendo realidade a premisa de “actuar localmente e pensar globalmente”.

Unha cooperación ao desenvolvemento local como unha política municipal fundamental para conseguir unha cidadanía crítica, activa e solidaria na cidade de Vigo a través da promoción da transformación social e o fin das inxustizas sociais.

POLO EXPOSTO O PLENO DO CONCELLO DE VIGO ACORDA:

PRIMEIRO. Atendendo ao seu regulamento (BOPPO de 30 de marzo de 2009) Se reactiven as convocatorias do Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade, que convocarase unha vez cada trimestre de maneira ordinaria. Así mesmo, este órgano será a canle de participación e diálogo entre os organismos públicos e as entidades privadas, tamén o espazo presentación de iniciativas, propostas ou suxestións neste ámbito.

SEGUNDO. Que se aprobe unha convocatoria pública de subvencións para proxectos de Cooperación Internacional como instrumento de execución do orzamento municipal correspondente, garantindo a publicidade, a concorrencia competitiva e a transparencia na xestión das axudas.

TERCEIRO. Establecer criterios de vinculación territorial entre as entidades de cooperación financiadas e a cidade de Vigo, para cumprir o obxectivo de tecer rede de solidariedade do local ao global.

CUARTO. Que, seguindo a recomendación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que preside o alcalde de Vigo, se incremente significativamente o esforzo en cooperación internacional co obxectivo de ir achegándose ao 0,7% do orzamento.

DEBATE:

SRA. MÉNDEZ FUENTES: A nós parécenos chamativo en primeiro lugar que esta moción sexa a única que estea enmarcada no apartado de control ao goberno, nós cremos que aínda que nos atopamos como xa é evidente en precampaña electoral compre seguir exercendo as funcións que lle corresponden tamén a este Pleno de control das actuacións do goberno da cidade de Vigo.

A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, aprobada polas Nacións Unidas define un ambicioso marco de compromisos para erradicar a pobreza, reducir as desigualdades e promover o desenvolvemento sustentable en todo o mundo comprometendo como saben seguro, a tódolos países e gobernos en tódolos niveis da administración, tamén no local, e Vigo é unha cidade aberta ao mundo, aínda que demasiadas veces Vigo foi e é porto de saída para milleiros de galegos/as que se ven abocados á emigración debido ás políticas de espolio dos nosos recursos debido ás políticas de desmantelamento dos nosos servizos públicos, levadas a cabo ademais dende o propio goberno de Galicia, non é menos certo que a nosa cidade é un elemento fundamental do Eixo Atlántico e aínda máis o sería se se impulsase tamén dende o Concello de Vigo a eurorexión Galicia norte Portugal defendendo a inclusión da conexión Vigo-Oporto no corredor Atlántico de Mercadorías, non obstante, tanto por tradición histórica como polo impulso renovador e vital do amplo tecido social que conforma Vigo, a proxección exterior é un dos nosos principais sinais de identidade. Pero que proxección exterior? Nós cremos que a cooperación para o desenvolvemento ten que converterse nunha

política distintiva clave que amose o perfil e o liderado galego de Vigo nunha cooperación transformadora do mundo cara á Xustiza Social. Neste sentido, non só nós, senón fundamentalmente as organizacións non gubernamentais coas que traballamos na elaboración deste moción, atopamos algunhas eivas que compre corrixir se queremos ser un Concello solidario non só de palabra, non só con discursos senón tamén con recursos, trátase de cuestións fundamentais relativas a orzamentos dignos, a convocatorias públicas e á reactivación do consello municipal de cooperación e solidariedade.

En primeiro lugar, segundo o estado de liquidación dos orzamentos de exercicios pasados no 2018 o Concello destinou 120.000 euros para 4 proxectos, en 2019 mantívose esa cifra con financiamento a seis, proxecto para o 2020 os datos orzamentarios son tristemente pesimistas, a contía vese reducida a 80.000 euros para 6 proxectos financiados, tódolos os orzamentos deste ano pasados, concedéronse a entidades sen que existise unha convocatoria pública que garanta os criterios libre concorrência, transparencia e publicidade, por iso solicitamos que se aprobe unha convocatoria pública de subvencións para os proxectos de cooperación internacional como o instrumento de execución do orzamento correspondente, garantindo como dicimos a publicidade, a concorrência competitiva e a transparencia na xestión de axudas, no relativo ao gasto orzamentario demandamos que se atenda á recomendación da Federación española de municipios e provincias que preside como todo mundo sabe, o Alcalde desta cidade, no sentido de incrementar significativamente o esforzo en cooperación internacional co obxectivo histórico de achegarse ao 0,7% do orzamento total.

Solicitamos en segundo lugar, que se cumpra o regulamento de ordenación e funcionamento do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade do Concello de Vigo pois é un regulamento que foi aprobado no Pleno do Concello, o 27 de xaneiro de 2009, polo cal, este Consello debe convocarse unha vez cada trimestre de maneira ordinaria, a Sra. Caride dubidaba efectivamente de que a Xunta de Galicia fose facer caso dunha decisión plenaria, a verdade é que nós tamén

dubidamos das decisións plenarias que se aproban aquí e logo miramos que non se cumpren, ben lévase sen convocar dende o 2017, así tamén hai que atender as funcións que veñen descritas no Regulamento deste Consello Municipal, e para que sexa canle de participación e de diálogo entre os organismos que a constitúen para que sexa o espazo de presentacións de iniciativas e de propostas neste ámbito, trátase de medidas asumibles, froito do consenso que de aprobarse contribuirían a facer de Vigo unha cidade máis xusta.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Si a moción da Marea de Vigo recolle as demandas das organizacións non gubernamentais que operan na cidade en materia de cooperación internacional e que o Bloque Nacionalista Galego asumimos integramente. En relación ao Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade, non só subliñar a imperativa necesidade de que este organismo se reúna senón tamén, e queremos dicilo máis unha vez, que os consellos sectoriais e os consellos de participación deixen de ser un espazo de tipo ornamental, non abona só con que se reúnan senón que se convertan na parte do punto de vista efectivo nun espazo de participación e tamén o dicimos de codecisión onde se teñen en conta de verdade as opinións, as achegas, as propostas do tecido asociativo, iso si que sería dar un salto moi importante en participación cidadán e polo tanto, en democracia plena a nivel municipal.

En relación a esta moción o Bloque Nacionalista Galego formulamos unha emenda de engádegas, onde trasladamos unha serie de acordos, en primeiro lugar, que o goberno municipal se comprometa a elaborar de maneira participativa unha estratexia local de cooperación e solidariedade internacional de carácter plurianual para non estarmos a salto de mata e para corrir unha tendencia que se vai rexistrando nos últimos exercicios de que a cooperación se traduza apenas na transferencia de recursos a grandes entidades, a grandes ONGs. En segundo lugar, que o Concello de Vigo se reincorpore no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade Internacional do que abandonou de “motu proprio” sen maior motivo, e en terceiro lugar, para darlle un compoñente político e para clarificar a nosa posición como cidade que declaremos Vigo como a cidade a prol da paz, da xustiza social e contraria ás inxerencias imperialistas que acaban por ser causa en moitos casos xa o vimos en Libia, estámolo a ver tamén no Yemen como son causa

fundamental de desgracias de tipo humanitario e que motivan e xustifican a necesidade de cooperación internacional. En todo caso, o Bloque Nacionalista Galego imos votar a prol desta moción da Marea de Vigo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Esta mañá viña na web da Federación de Municipios e provincias de España, da FEMP que teñen unha área de cooperación e teñen unha base de datos, unha plataforma online de cooperación pública local no que se poden consultar tódalas actuacións de cooperación que desenvolve os gobernos locais, e nós dixemos, como o Alcalde de Vigo preside a FEMP imos a consultar esa base de datos, porque estará dando exemplo, e terá moitos proxectos de cooperación e oh! Sorpresa, ningún proxecto dende o 2015, o último proxecto foi o da Concelleira a Sra. Abelairas que efectivamente fixo un de sensibilización social sobre a temática de desenvolvemento, chegou a maioría absoluta no 2015 e se acabou a cooperación internacional, ese é un dato oficial, a plataforma web a poden consultar, están vostedes lendo as tablets, consulten a plataforma web, o último proxecto que hai na plataforma da FEMP, non a actualizarán ao mellor, non o sei, porque igual lles importa pouco a FEMP, será iso. Miren, nos esta moción non temos ningún problema con ela, desexaríamos que houbera máis proxectos de cooperación pero nós dubidamos moito do éxito desta moción, como vai a desenvolver proxecto de cooperación internacional o Concello de Vigo, este goberno, que lle nega os descontos aos de Redondela na Pass Vigo, vai a desenvolver proxectos internacionais, xa para botar o lixo ao contedor verde hai que ter a Pass Vigo co empadramento, que cooperación internacional se non creen no que fan, que queren, cren que é o que queren, esta moción Sra. Méndez non é unha moción para este goberno, era unha moción apropiada para unha cidade que estivera gobernada con altura de miras, con xenerosidade, embargada social e cultural, non é moción para este goberno porque non é o caso deste goberno, que non teñen alturas de miras e nin están na vangarda de nada, tampouco na política social, porque diga o que diga o informe é un informe oficial, do Observatorio Estatal da Dependencia, e di o que di, que Vigo ten precario o

gasto social, lle guste ou non lle guste, e o informe do Observatorio Estatal da Cultura tamén di, e tamén é un informe oficial, que temos moi pouco impacto na difusión cultural desta cidade, é un informe oficial e agora tamén sabemos pola FEMP que estamos á cola en proxectos culturais, nós insistimos e cremos que efectivamente nun goberno en onde non hai absolutamente ningunha visión de futuro, onde se nega, se impide o desenvolvemento na cidade neste Pleno, que se negan a aprobar o Plan Parcial de Navia que está listo para aprobar e veñen aquí cunha moción do Instituto, cun protocolo que non vale para nada, pois claro que non van a aprobar o soterramento da Vigo Vinte, pero o Sr. Alcalde dixo publicamente, cando gobernaba o Sr. Rajoy, que condicionaba a aprobación do Plan Parcial de Navia ao soterramento da VG-20, díxoo Sra. Caride, díxoo, agora non o di e non o pon no protocolo, claro que non , agora pon o do Instituto, Sra. Caride, hoxe o entroido xa acabou non ten que facer vostede de concelleira de Educación, a súa obriga como concelleira de Urbanismo que é o que, era traer aquí o Plan Parcial de Navia que se aprobou no Consello da Xerencia, e non o fixo, 1.600 familias, como va a ter proxecto de cooperación internacional se lle negan a 1.600 familias o dereito á vivenda, falaba vostede de atraso, outro mes máis de atraso, xa sabemos por que terá que vir aquí o Sr. Feijóo para que se aprobe ese Plan Parcial, dito isto nós non temos ningún problema coa moción que presenta a Sra. Méndez, nin sequera coa engádega que presenta o Bloque Nacionalista Galego agas na última parte, que se declare Vigo porque non entendemos iso de que se declara libre, sexa a última engádega, que son varios apartados, esa parte de declaramos libres de inxerencias imperialistas se a quita nós estaríamos a favor da moción e da engádega, se me retira esa parte nós votaríamos a moción coa engádega porque non entendemos ese tema de que nos declaramos libres de temas imperialistas porque iso pensamos que non é unha dialéctica apropiada neste contexto de globalización e de multilateralidade.

SRA. AGUIAR CASTRO: En primeiro lugar teño que responderlle ao Sr. Marnotes que desafortunadamente volve ao modo taberna entón claro temos que aguantar neste Pleno o que temos que aguantar. Mire, Sr. Marnotes vullle dicir unha cousa, o primeiro que ten que facer vostede como concelleiro responsable neste Concello é estudar un pouco, ir á páxina web do Concello, non a outras fontes, porque con ir

ao Concello era máis que suficiente para vostede hoxe non fixera o ridículo que acaba de facer neste Pleno, porque o Concello de Vigo no ano 2019 executou 6 proxectos de cooperación internacional coas principais axencias de Nacións Unidas, con Acnur, Unicef, co programa mundial de alimentos e con outras fundacións internacionais como a Fundación Mulleres por África, ademais tamén con axentes locais, con dúas asociacións, concretamente Malembe e con Aulas Abertas en Cajamarca en Perú e en Nixeria respectivamente, polo tanto, Sr. Marnotes non faga máis o ridículo.

Con respecto á moción que presenta a Sra. Méndez, quería dicirlle que efectivamente, o Concello de Vigo como dicía executou no ano 2019 proxectos de cooperación internacional por valor de 150.000 euros porque a Sra. Méndez esquecese doutro proxecto que tamén executamos o ano pasado que é o programa Impórtanos que ademais as actividades do programa Impórtanos Sra. Méndez foron integramente elaboradas, propostas e consensuadas co Concello Municipal de Cooperación e foron integramente executadas por un importe de 30.000 euros, porque facer cooperación e tamén facela aquí, e sensibilizar aquí, polo tanto, eu lle prego que teña en conta que eses 30.000 euros son a maiores dos 120.000 euros que se executaron o ano pasado e que o Sr. Marnotes non ten nin idea.

Anuncio xa de antemán Sra. Méndez que imos votar este grupo en contra desta moción, non porque non compartamos moitas das cuestións que se propoñen nela, senón porque o que non podemos tolerar é a acusación de falla de garantías democráticas, de falla de transparencia, de falla de calidade nos proxectos e de falla de participación porque non é certo e polo tanto, non podemos apoiar unha moción proposta neses termos, eu creo que hai moitas formas de facer política pero tamén hai moitas formas de facer oposición leal e construtiva sen necesidade de acusar, de falla de garantías democráticas cando non é certo.

Por outra banda, anunciarlle que o Concello de Vigo a e a concellería de Política Social está a traballar nun plan estratéxico de subvencións en materia de cooperación pero a pesar diso quero clarexarlle unha cousa Sra. Méndez, como

vostede debería saber, non sei se o sabe, as subvencións directas en materia de cooperación, especificamente en materia de cooperación, están previstas na Lei, concretamente na Disposición Adicional segunda da Lei galega de subvencións en relación co artigo 19.4 dese mesmo texto legal, precisamente hai unha excepción en materia de cooperación que ven ademais explicada na memoria do propio proxecto de lei, ademais os proxectos que executamos o ano pasado están en absoluta coherencia como non poderían ser doutro xeito coas política de acción humanitaria do Plan Director de Cooperación, tanto galego como estatal, e que recolle ademais como unha das principais recomendacións e que se traballe en materia de cooperación con organizacións multilaterais de desenvolvemento precisamente polas súas capacidades a escala mundial e pola súa arquitectura institucional implantada nos países terceiros, esa é a razón pola cal se traballou con Acnur, co Programa Mundial de Alimentos, con Unicef, é dicir, con axencias de Nacións Unidas que teñen unha ampla arquitectura institucional neses países e polo tanto, as achegas do Concello de Vigo a eses proxectos, permiten complementar proxectos moito máis amplos que xa están plenamente consolidados.

Con Acnur fixemos unha intensiva asistencia de emerxencia para a poboación desprazada por mor da guerra no norte de Nixeria, Sr. Marnotes, a ver se se decata, con Unicef desenvolvemos un ambicioso proxecto de dotar de subministros esenciais á nutrición de mulleres e nenos vulnerables en Siria, co problema mundial de alimentos fixemos unha importante intervención na franxa de Gaza coa Fundación Mulleres por África, levamos a cabo o programa Ela estuda por dous, de asistencia a adolescentes embarazadas para que poidan continuar os seus estudos, e con Malembe puidemos sufragar o proxecto Vigo polo Congo mediante o sostemento de nenos/as, orfos nun orfanato en Kimbondo, con aulas abertas puidemos soste 6 comedores escolares para o acceso á educación para os nenos dunhas das zonas máis deprimidas do Perú como é Cajamarca, ademais e tamén en materia de cooperación, como dicía, o Concello de Vigo executou un importante programa como é programa Impórtanos que xa non me da tempo de rematar.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Hai efectivamente moitas formas de facer política, como indicou a concelleira, a moción que nós presentamos facémolo ante a

imposibilidade de que as asociacións, neste caso as organizacións non gubernamentais poidan presentar en tempo e forma unha moción ao Pleno de Concello de Vigo como si acontece noutros concellos de Galicia e do Estado, maila que este grupo municipal defendeu unha emenda ao proxecto de Regulamento orgánico do Pleno para a existencia dun escano cidadá, dunha quenda popular como se denomina que se dese voz á cidade civil, non existe isto porque a emenda non foi aprobada, non se quixo afondar na participación cidadá, temos que dicilo, de maneira que como xa nos aconteceu noutros casos doutras mocións que presentamos como por exemplo a moción dos grupos ecoloxistas para a declaración de emerxencia climática, coa moción de medidas para a memoria histórica ou a recente moción no último Pleno para a defensa da sanidade pública, neste caso tamén traemos as proposta dialogadas coas organizacións non gubernamentais que conforman o Consello Municipal de Cooperación, ademais desta eiva na participación democrática e así e así temos que chamarlle negarse, é dicir, non querer reactivar o Consello Municipal de Cooperación que nin sequera aparece citado na web de transparencia xunto cos outros consellos municipais que existen, implica incumprir o seu propio regulamento publicado, implica estar incumprindo este regulamento aprobado no Pleno do Concello, como dixen en 2009, isto constitúe tamén unha boa mostra do pouco respecto que vostedes teñen pola practica da democracia, a democracia aconteceu o 26 de maio, díxome a min algún concelleiro neste Pleno, claro que si, non teñan medo, ninguén lles vai a quitar a súa lexítima maioría absoluta, pero a democracia non só aconteceu o 26 de maio, porque a democracia non é só un método de elección de representantes, seguro que vostedes ou algún de vostedes leron a Jüngen Habermas como vos socialdemócratas e a súa noción de democracia deliberativa, polo cal, a democracia é unha forma de convivencia que inclúe a participación de tódolos axentes afectados na toma de decisións. E seguro que vostedes ou vostede en concreto señora concelleira coñece a Olof Palme, representante do Partido Socialdemócrata, sueco recoñecido polo seu papel na política exterior, polo seu compromiso co pacifismo e polo seu compromiso recoñecido cos dereitos humanos

e moi especialmente cos países en vías de desenvolvemento, son dous exemplos que cremos non estaría mal ter en consideración para levar adiante política de cooperación dende o Concello, dunha cidade tan relevante no mundo, por suposto en Europa como é a cidade de Vigo.

Con respecto á emenda como nós xa dixemos temos pechado o contido desta moción, non a aceptamos.

PRESIDENCIA: Pasamos á votación tal e como está presentada.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.02.2019 (Rex. Nº 2351/1101), pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

14(33).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO PARA A REINDUSTRIALIZACIÓN DE VIGO.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo é que fronte ao acusado devalar produtivo e a destrución de emprego o goberno municipal impulse a elaboración dun Plan Estratégico para a reindustrialización de Vigo e a súa área metropolitana e demande da Xunta de Galicia e do goberno central o financiamento necesario para a súa posta en marcha.

15(34).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE Á TALA ARBÓREA DO MONTE DO CASTRO.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Que se segan as indicacións do informe de Patrimonio da Xunta de Galicia e non se realicen talas arbóreas no Monte do Castro co único obxectivo meramente ornamental que ademais de novo recuncharía na contaminación lumínica e que se atenda a nosa petición de informe completo sobre esta proposta de tala arbórea coa súa xustificación.

16(35).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE AO ESTADO DA PARCELA DA ANTIGA ESTACIÓN DE CANIDO.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: E con referencia ao edificio da parcela da antiga estación do tranvía de Canido, entanto a parcela está en condicións insalubres, en

moi mala situación, sabemos que é privada pero cremos o Concello pode facer unha orde de execución e unha execución subsidiaria, limpar aquilo poñelo en condicións e pasarlle o custe ao propietario, iso é o que rogamos.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17(36).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA A SOLICITE DE FINANCIAMENTO DO TÚNEL DA PORTA DO SOL.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En que situación está a día de hoxe a solicitude de financiamento a cargo de fondos FEDER para o túnel incluído no proxecto de peonalización da Porta do Sol.

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito.

18(37).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AO INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA LABORAL DO SERVIZO DE VIXILANCIA Á REDE DE MUSEO.

SR. PÉREZ CORREA: Esperemos que se nos conteste por escrito. Se ten pensado o Concello á vista das fallas tipificadas como moi graves por incumprimento da normativa laboral, na cláusula 33 do prego de cláusulas administrativas do contrato do servizo de vixilancia á rede de museos así como a cláusula 38 do mesmo prego onde se afirma que ditas causas eran motivo da resolución do contrato, tomar algunha medida polos impagos de nóminas aos traballadores do servizo toda vez que este goberno municipal foi informado pola representación sindical de que se estaba a producir estes impagos de nóminas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e corenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.